<p>SOCIAIS E CÍVICOS</p>	<p>do visionado dunha película ou curtametraxe que susciten a través de diálogos e debates o pensamento crítico.</p> <p>As actividades irán encamiñadas ao afianzamento da autoestima e autonomía, ao desenvolvemento de estratexias para ser asertivos, á adquisición de habilidades para solucionar conflitos pacificamente e de actitudes de cooperación e solidariedade.</p> <p>Empregaranse biografías e vidas de personaxes históricos ou actuais comprometidos coa defensa dos dereitos humanos e a xustiza social.</p> <p>O traballo realizarase en parellas ou, se o número de alumnos o permite, en pequeno grupo.</p>
<p>RELIXIÓN CATÓLICA</p>	<p>Na materia de Relixión Católica utilizaremos unha metodoloxía que respectará os seguintes principios:</p> <p>Adaptación ao contorno emocional e cognitivo dos estudantes respectando o desenvolvemento psicoevolutivo propio de cada etapa.</p> <p>As actividades irán encamiñadas ao afianzamento e desenvolvemento dun aprendizaxe permanente ao longo da vida, ao desenvolvemento de estratexias para ser asertivos, á adquisición de habilidades para solucionar conflitos pacificamente e de actitudes de cooperación e solidariedade como seguimento exemplar de Xesús o Fillo de Deus.</p> <p>Empregaranse biografías e vidas de personaxes históricos ou actuais comprometidos coa defensa dos dereitos humanos e a xustiza social.</p> <p>O traballo realizarase en parellas ou individual.</p> <p>Respecto polos ritmos e estilos de aprendizaxe dos estudantes. Non todos os estudantes son iguais, non todos aprenden á mesma velocidade nin utilizan as mesmas estratexias. A atención á diversidade e o desenvolvemento da inclusión comeza na asunción deste principio fundamental.</p> <p>Consideración da dimensión humanista. Todas as aprendizaxes estarán ao servizo da formación humana. A materia de relixión, desde a súa clave personalizadora, require que todo tipo de aprendizaxes, instrumentais, cognitivas, actitudinais, socio-afectivas non sexan consideradas fins en si mesmas senón que estean ao servizo da formación integral do ser humano.</p> <p>Nesta área, os alumnos iníciense no desenvolvemento da busca do sentido último da vida enraizada no máis profundo do ser, o alumno vai descubríndoa nos símbolos e signos do seu contorno, no progreso e a humanización do propio ser humano, na linguaxe narrativa da Biblia, nos modelos cristiáns de identificación e de, forma máis concreta, na persoa de Xesucristo e a súa presenza na comunidade cristiá.</p>

## 1.12. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

### a. Escritos :

- ✓ Libros de texto (Ed. Santillana e SM) .
- ✓ Guías didácticas.
- ✓ Fichas de reforzo e ampliación.
- ✓ Cadernos de traballo.
- ✓ Libros temáticos de consulta.
- ✓ Libros de literatura infantil e xuvenil.
- ✓ Dicionarios.
- ✓ Atlas, mapas.
- ✓ Murais, láminas e carteis.
- ✓ Folletos.
- ✓ Prensa.

### b. Audiovisuais:

- ✓ Pizarra tradicional
- ✓ Pizarra dixital
- ✓ Gravacións de audio.
- ✓ Gravacións de vídeo.
- ✓ Películas.
- ✓ Fotografías.

### c. Tecnoloxías da información e a comunicación (TIC):

- ✓ Ordenadores.
- ✓ Canón de vídeo.
- ✓ Cámara de vídeo.
- ✓ Cámara fotográfica.
- ✓ Internet, buscadores.
- ✓ Actividades interactivas.
- ✓ Páxinas web de contidos educativos.
- ✓ Aplicacións e programas informáticos.
- ✓ CD-ROM de recursos didácticos.
- ✓ Calculadora.

### d. Outros:

- ✓ Instrumentos de xeometría
- ✓ Materiais manipulativos.
- ✓ Básculas
- ✓ Vasos medidores
- ✓ Rochas, minerais.
- ✓ Globo terráqueo .
- ✓ Maqueta Sistema Solar.
- ✓ Esqueleto humano.
- ✓ Xogos.

### 1.13. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

#### a. Ensino presencial

ÁREA	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	%
CIENCIAS DA NATUREZA E CIENCIAS SOCIAIS	• Conceptos: probas escritas sobre os conceptos das unidades, valorando limpeza e claridade na presentación.	80%
	• Observación directa na aula: dominio de conceptos, vocabulario, expresión oral, participación, realización da tarefa escrita (execución, presentación, limpeza e claridade, tempo de realización, autonomía).	10%
	• Observación directa na aula: actitudes, atención, esforzo, disposición para a aprendizaxe das áreas.	10%
EDUCACIÓN ARTÍSTICA PLÁSTICA	• Conceptos: valorarase a correcta realización da tarefa seguindo as consignas dadas.	40%
	• Procedementos: valorarase a limpeza, presentación e creatividade.	40%
	• Actitudes: valorarase o esforzo, interese, responsabilidade (traballos entregados).	20%
INGUAS E LITERATURA GALEGA E CASTELÁ	• Conceptos: probas escritas e orais de lectura, ditados, expresión e comprensión, valorando limpeza e claridade na presentación da proba escrita.	80%
	• Observación directa na aula: dominio de conceptos, participación, realización da tarefa (execución, presentación, limpeza e claridade, tempo de realización e autonomía).	10%
	• Observación directa na aula: actitudes, atención, esforzo, disposición para a aprendizaxe das linguas.	10%
MATEMÁTICAS	• Conceptos: probas escritas valorando limpeza e claridade na presentación da proba.	80%
	• Observación directa na aula: dominio de conceptos, participación, realización da tarefa (execución, presentación, limpeza e claridade, tempo de realización e autonomía).	10%
	• Observación directa na aula: actitudes, atención, esforzo, disposición para a aprendizaxe.	10%
VALORES SOCIAIS E	• Conceptos: probas escritas e elaboración de traballos sobre os contidos das unidades, valorando limpeza e	

CÍVICOS	claridade na presentación.	20%
	• Observación directa na aula: dominio de conceptos, vocabulario, expresión oral, participación, realización da tarefa escrita (execución, presentación, limpeza e claridade, tempo de realización, autonomía).	40%
	• Observación directa na aula: actitudes, atención, esforzo, disposición para a aprendizaxe das áreas.	40%

### b. Ensino non presencial

No caso de que fose preciso un confinamento parcial ou total do alumnado dalgunha das aulas deste nivel, derivado doutra situación sanitaria de carácter excepcional semellante á que experimentamos no mes de marzo, e co fin de garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles, continuarase a actividade docente de xeito non presencial a través da aula virtual do centro.

Para tal finalidade, ofrecerase aos alumnos, formación específica durante unha sesión semanal no manexo da aula virtual e no acceso aos recursos dixitais que se empreguen.

Os criterios de cualificación para tódalas áreas serían os seguintes:

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	%
• Execución da tarefa	30%
• Aplicación do procedemento de traballo para cada tarefa	10%
• Organización e presentación (limpeza, orde e claridade)	20%
• Entrega das tarefas nun prazo razoable, sempre que non haxa motivos que xustifiquen o contrario.	20%
• Corrección da tarefa por parte do alumnado.	20%

### c. Ensino semipresencial

Ao non ser este tipo de ensino unha das modalidades previstas pola administración educativa correspondente na etapa de educación primaria, no caso de que fose necesario, farase unha media ponderada entre as actividades e probas realizadas na modalidade presencial e as realizadas na modalidade non presencial.

## PROMOCIÓN

O alumno ou a alumna promocionará ao curso ou á etapa seguinte promocionará cando obtivese avaliación positiva en todas as materias, é dicir, sempre que se considere que logrou a progresión adecuada na consecución dos



estándares de aprendizaxe e que alcanzou o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes.

Asemade, poderá promocionar con avaliación negativa como máximo en dúas materias, sempre que non sexan simultaneamente Lingua Castelá, L. Galega e Matemáticas.

O acceso ao seguinte curso tamén será posible cando o equipo docente considere que a natureza das materias con avaliación negativa non impida ao alumno seguir con éxito o curso seguinte.

Os informes das avaliacións externas teranse en conta, no seu caso, segundo o seu carácter informativo e orientador, de acordo co establecido no artigo 12.8 do Decreto 105/2014 do 4 de setembro.

### 1.14. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

INDICADORES DE LOGRO	1	2	3	4	5	PROPOSTA DE MELLORA
As familias foron informadas dos criterios de avaliación, estándares, procedementos e instrumentos de avaliación, criterios de calificación e estándares imprescindibles.						
Actualizáronse os coñecementos previos ao inicio de cada unidade.						
Comunicouse aos alumnos, ao principio das unidades, o que debían saber cando finalizasen.						
As actividades corríxense diariamente.						
Deuse o tempo preciso para a realización das actividades.						
Realizáronse actividades de reforzo no caso de obxectivos insuficientemente acadados.						
O desenvolvemento da clase adecuouse ás características do grupo.						
A metodoloxía adaptouse aos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe.						

Facilitáronse distintos tipos de agrupamento.						
Os alumnos mostraron interese e participaron durante as sesións lectivas.						
Hai coordinación cos outros profesores á hora de modificar algún elemento da programación.						
O profesor/a cumpriu os horarios lectivos.						
As relacións interpersoais dos alumnos producíronse dentro da normalidade.						
As relacións dos alumnos co profesor son correctas e fluídas						

## **1.15. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, DE RECUPERACIÓN E DE AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.**

É esencial detectar se o problema é de tipo cognitivo (coñecementos insuficientes nunha área determinada) ou afectivo (falta de interese e motivación, actitude negativa, inadaptación social e escolar, conduta disruptiva) . Neste segundo caso a intervención pasará por unha recuperación máis psicolóxica que didáctica.

No suposto de que a dificultade ou carencia detectada sexa de tipo cognitivo é fundamental actuar de xeito inmediato e con carácter retroactivo; ben, completando e afondando naqueles baleiros que se consideren básicos; ben, readaptando o ritmo do proceso de aprendizaxe, as actividades ou as estratexias metodolóxicas; ou ben; modificando a maneira de facer a avaliación e mesmo reflexionando sobre a propia acción docente.

Para levar isto a cabo, deseñaranse fichas de práctica ou de reforzo que incidan naqueles aspectos susceptibles de reforzo e que melloren as súas competencias.

Se estas actuacións non frutifican, será conveniente solicitar o asesoramento do departamento de orientación co fin de que reoriente o labor docente cara outras estratexias ou sopesar a posibilidade de recibir apoio por parte dun profesor especialista ou doutro docente.

Neste sentido e no caso de que o apoio non sexa por parte de profesores especialistas en pedagogía terapéutica, priorizarase que se faga por profesores do mesmo nivel educativo que os alumnos para os que se solicita o apoio.

Nalgúns casos, nos que as estratexias de recuperación non dean o resultado esperable, a repetición de curso poderase facer necesaria e mesmo ser positiva.

Durante o desenvolvemento das unidades didácticas, prestarase especial atención aos alumnos que deban recuperar a materia do curso anterior, mediante explicacións e realización dalgunhas actividades que poderán facer na casa, seguindo o Programa de mellora e reforzo do proxecto de ensinanza individualizada das unidades didácticas.

## **2.16. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL.**

Ao comezo do curso levarase a efecto a avaliación inicial co fin de coñecer cal é o grao por parte dos alumnos do desenvolvemento nas competencias clave e en que medida responden aos criterios de avaliación establecidos para o curso precedente.

Isto proporcionará ao profesor unha información moi útil para decidir, non só o punto dende o cal debe partir, senón tamén o nivel de profundidade co que debe abordar os novos contidos.

Pasaranse unhas probas lingüísticas que inclúan un texto oral e un texto escrito, sobre os cales deberán responder unha serie de preguntas breves, de resposta alternativa ou ordenamento temporal, co fin de coñecer o seu nivel de comprensión oral e escrita.

Tamén realizarán a lectura dun texto breve en voz alta para comprobar a velocidade e a fluidez lectora e se lles pasará unha proba obxectiva na que deberán enfrontar algunhas cuestións de tipo gramatical.

Por último, realizarán unha composición escrita que nos permita coñecer o nivel de léxico que manexa, a observancia das regras ortográficas, morfolóxicas e sintácticas, así como a claridade, a coherencia, a orde expositiva e a cohesión textual.

Asemade, avaliarase a competencia matemática, científica e tecnolóxica realizando unha proba matemática coa que avaliaremos o dominio no cálculo, a resolución de problemas e razoamento lóxico e nos indicará a que nivel teñen acadadas as aprendizaxes do curso anterior.

## **2.17. MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIAS DOS RESULTADOS.**

Os resultados que destas probas se obteñan orientarán a nosa acción docente porque nos permitirá abordar a programación de aula afondando naqueles contidos que aparezan menos consolidados e que máis respondan ás necesidades e peculiaridades dos alumnos.

No caso daqueles alumnos que presenten algunha carencia ou retraso nalgunha área adoptaranse medidas de reforzo:

Deseño de fichas que reforcen aqueles aspectos onde as carencias son máis evidentes.

Adaptación das estratexias metodolóxicas.

Adaptación das actividades e/ou das probas de control.

Apoios por parte dalgún profesor con dispoñibilidade horaria prioritariamente do mesmo nivel que o alumno susceptible de recibir o apoio.

Apoios por parte dos especialistas en Pedagogía Terapéutica ou Audición e Linguaxe, se fose pertinente.

## 2.18. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

O equipo docente do nivel deberá ter en conta as diferentes capacidades, ritmos e estilos de aprendizaxe do grupo clase en xeral e de cada alumno en particular, en función dos cales enfocará a súa práctica didáctica: metodoloxía, tipo de actividades, tipo de instrumentos de avaliación.

Atendendo ás diversas individualidades o profesor presentará actividades variadas que respondan aos diversos estilos, de xeito que todos os alumnos se sintan motivados e incluídos. Así, combinará actividades de traballo en equipo, nas que o alumno se sinta conectado cos demais, con outras tarefas individuais de traballo en solitario; actividades con certa carga teórica con outras máis prácticas e que respondan a unha necesidade inmediata; actividades que requiran ocupar o primeiro plano (dramatizacións, moderar un debate...) con outras que non esixan ao alumno mostrarse ou asumir roles protagonistas; actividades dinámicas, espontáneas e orixinais con outras que impliquen maior nivel de preparación e reflexión; etc.

Asemade, combinaranse procedementos e instrumentos de avaliación variados que respondan aos diferentes estilos de aprendizaxe: probas de resposta aberta e de amplo contido con outras de resposta breve e pechada, con probas tipo test ou realización de traballos.

Ao final de cada unidade didáctica e como medida ordinaria, presentaranse un abano de actividades de mellora e ampliación cun nivel de execución máis complexo para aqueles alumnos con maiores capacidades, e outras actividades de reforzo educativo para aqueloutros cun ritmo de aprendizaxe máis lento.

A avaliación inicial, que se realiza a principio de curso, xunto coa avaliación final do curso precedente permitiranos valorar os alumnos cuantitativa e cualitativamente desde o comezo e coñecer os alumnos con necesidades educativas especiais.

No caso de detectarse alumnos con dificultades específicas e que requiran unha atención individualizada, o profesor titor cumprimentará unha ficha rexistro na que se recollan as dificultades que detecta no alumno e solicitará un estudo psicopedagóxico, para que sexa o departamento de orientación ou os equipos específicos de apoio quen valoren a situación e propoñan as pautas e as medidas de reforzo educativo e de intervención que se consideren máis convenientes.

Estas medidas poden ser tanto curriculares como organizativas.

Entre as medidas organizativas prevese realizar apoios, que poden ser dentro ou fóra do grupo ordinario e serán levados a cabo polo profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica ou calquera outro docente con disposición horaria que atenderá, preferentemente, alumnos doutros grupos do mesmo nivel.

Dentro destes apoios, inclúese tamén o alumnado de orixe estranxeira que descoñeza o idioma e deba recibir atención lingüística.

Dentro das medidas organizativas, pódense tamén levar a cabo agrupamentos flexibles.

Entre as medidas curriculares que se poderán adoptar, contémpnanse o *reforzo educativo* e a *adaptación curricular* ben, das actividades, da metodoloxía ou dos criterios de avaliación.

No caso de que as actividades de recuperación non dean o resultado esperable, adoptarase a decisión de repetición ordinaria de curso.

Cando se detecten alumnos con dificultades de aprendizaxe debidas tanto a ausencias prolongadas por enfermidade como visitas ao lugar de orixe do alumnado inmigrante ou calquera outro motivo, tomaranse as medidas de reforzo necesarias que consistirán, nalgúns casos, en planificar e preparar traballo para que o alumno faga durante a súa ausencia da escola e, noutros casos, en recuperar, á súa volta, a materia perdida.

No que respecta ao alumnado con altas capacidades intelectuais, tomaranse as medidas máis axeitadas para o seu desenvolvemento e equilibrio persoal entre as que se atopan a de adiantar un curso ou ben enriquecer o currículo nos termos que estableza a Consellería de Educación.

## **2.19. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS.**

Os elementos transversais son obxecto de tratamento en tódalas áreas.

### **a. Desenvolvemento da comprensión lectora, a expresión oral e escrita.**

- Expresarse oralmente con claridade.
- Ler comprensivamente distintos tipos de texto.aplicando normas de pronunciación, entonación, velocidade e ritmo adecuado.
- Recoñecer a información relevante dun texto.
- Aumentar progresivamente o vocabulario.
- Participar activamente en situacións de comunicación colectivas.

### **b. Desenvolvemento da comunicación audiovisual.**

- Comprender e recoller información que se proporciona nun soporte audiovisual.
- Analizar a información.
- Elaborar e presentar a información en soportes audiovisuais.

### **c. Desenvolvemento das tecnoloxías da información e a comunicación.**

- Integrar o uso do ordenador como recurso didáctico de apoio en distintas actividades educativas.
- Aprender a utilizar os medios e programas máis usuais (escritorio, procesador de texto, programas para pintar, etc.)
- Completar e afianzar as actividades a través de programas educativos
- Achegar o alumnado a Internet e as súas posibilidades.
- Usar, valorar e coñecer de forma básica o correo electrónico e as súas

posibilidades.

**d. Desenvolvemento do emprendemento.**

- Planificar e organizar proxectos.
- Tomar decisións asumindo riscos
- Realizar proxectos en equipo.

**e. Desenvolvemento da educación cívica e constitucional.**

- Asumir actitudes e condutas de solidariedade e tolerancia con outras persoas ou grupos sociais.
- Responsabilizarse no cumprimento dos seus deberes e obrigas.
- Adoptar comportamentos de honestidade e varacidade.

**g. Desenvolvemento sostible e medio ambiente.**

- Asumir actitudes e condutas de respecto ao entorno natural.
- Responsabilizarse no aforro de auga.
- Responsabilizarse no aforro de enerxía.

**h. Desenvolvemento da igualdade entre homes e mulleres para a prevención da violencia de xénero e calquera tipo de violencia, racismo ou xenofobia.**

- Asumir actitudes e condutas igualitarias entre nenos e nenas.
- Asumir actitudes e condutas igualitarias entre nenos e nenas de distinta raza ou procedencia.

**i. Desenvolvemento da non discriminación por razóns de discapacidade, orientación ou identidade sexual.**

- Asumir actitudes e condutas non discriminatorias ante as diferenzas.
- Interiorizar que na diferenza está a riqueza.
- Responsabilizarse ante a discriminación e/ou acoso a terceiros.

**j. Desenvolvemento da tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía para a resolución pacífica de conflitos.**

- Evitar actitudes e condutas violentas e intransixentes.
- Promover o diálogo como estratexia para a resolución de conflitos.

## **2.20. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.**

Entre as medidas preventivas necesarias para facer fronte á crise epidemiolóxica ocasionada pola COVID-19 é garantir na medida do posible a seguridade dos alumnos, durante o presente curso, 2020-21, e polas razóns estritamente sanitarias, inclúese a de non levar a cabo actividades complementarias e extraescolares que impliquen a celebración conxunta de tódolos alumnos do centro ou que se realicen no exterior. Agás que estas sexan convocadas polos equipos de centro



de forma que o envío de materiais e a exposición dos mesmos se realice de forma telemática.

Neste sentido, acaba de ser aprobado de xeito transitario, ata o 22 de decembro, unha modificación no horario de saída dos alumnos transportados pasando de 16:30 a 15:45 e quedando así eliminadas as actividades extraescolares que se viñan celebrando nese intervalo de tempo.

## 2.21. MECANISMOS DE REVISIÓN, DE AVALIACIÓN E DE MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

INDICADORES DE LOGRO	1	2	3	4	5	PROPOSTA DE MELLORA
A avaliación inicial foi deseñada e como consecuencia se definen actividades vinculadas ós estándares de aprendizaxe.						
A selección dos estándares de aprendizaxe mínimos foi a correcta.						
Os criterios de cualificación adaptáronse aos criterios de avaliación.						
As actividades planificadas axustáronse aos criterios de avaliación.						
Diseñáronse actividades de reforzo no caso de obxectivos insuficientemente acadados.						
As actividades de repaso, reforzo e recuperación foron eficaces.						
A metodoloxía proposta favoreceu a autoaprendizaxe do alumno.						
Os instrumentos de avaliación foron variados e adaptáronse a todos os estilos.						
Os criterios de cualificación foron ponderados de						

xeito axeitado.						
Os recursos didácticos utilizados foron suficientes e axeitados.						
Os resultados acadados polos alumnos foron satisfactorios.						

## **ÁREA DE LINGUA INGLESA**

### **1. Introducción e contextualización**

Común para o nivel.

### **2. Aprendizaxes imprescindibles en termos de resultados de aprendizaxe non acadados en xeral polo alumnado do grupo ou que non se puideron desenvolver**

Na área de Lingua Inglesa as aprendizaxes non adquiridas están relacionadas co bloque de contidos de coñecemento da lingua e consciencia intercultural (vocabulario relacionado co campo, animais e plantas, pedir e dar instrucións de como chegar a un lugar, cultura do Reino Unido relacionada con actividades que fan os nenos e nenas no tempo libre e nas vacacións...).

### **3. Procedemento previsto nesta programación para integrar, organizar e desenvolver as aprendizaxes non adquiridas do curso anterior que foron identificadas**

As aprendizaxes imprescindibles que non se acadaron revisaranse ao longo deste curso e traballaranse, tanto ao comezo do mesmo, como tamén cando estean relacionadas coas unidades que se van estudando ao longo do curso.

#### **4. Outros aspectos da memoria de final de curso anterior que foron incorporados na actual programación e posibles directrices da CCP que foron consideradas**

Ao igual que fixemos dende o mes de marzo, procurarase dende principio de curso a comunicación dixital coas familias e co alumnado para que no caso de confinamento ou corentena sexa máis fácil a relación familia-escola.

#### **5. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave**

As competencias clave son aquelas que debe desenvolver un alumno ou unha alumna ao longo de todo o ensino para poder lograr a súa realización persoal, exercer a cidadanía activa, incorporarse á vida adulta de maneira satisfactoria e ser capaz de desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida. É dicir, o desenvolvemento e a adquisición das competencias clave realízase ao longo de toda a vida escolar obrigatoria e participan nese logro todas as áreas e materias do currículo xunto coas medidas organizativas e funcionais do centro, imprescindibles para o seu desenvolvemento. Dito doutro xeito, a adquisición das competencias clave non depende nin dunha materia en concreto, nin dun ciclo educativo determinado. Cada unha das áreas contribúe ao desenvolvemento de diferentes competencias e, á súa vez, cada unha das competencias clave alcánzase como consecuencia do traballo en varias áreas ou materias.

Na área de Lingua Inglesa tentaremos provomer todas estas competencias clave:

**1º. Comunicación lingüística (CCL).**

**2º. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).**

**3º. Competencia dixital (CD).**

**4º. Aprender a aprender (CAA).**

**5º. Competencias sociais e cívicas (CSC).**

**6º. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).**

**7º. Conciencia e expresións culturais (CCEC).**

## 6. Peso dos estándares nas competencias clave

ÁREA	Estándares de Aprendizaxe	C_Clave
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB1.1. Comprende o sentido global e a información máis importante de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá adecuados á súa idade, procedentes de medios audiovisuais ou da Internet.	CCL
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB1.2. Comprende os puntos principais e reconece palabras e expresións coñecidas en textos orais (xogos de ordenador, peticións, instrucións) sobre temas do seu interese, expresados con claridade e que contén con apoio visual en soporte papel ou dixital.	CCL
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB1.3. Identifica a información máis relevante en interaccións orais nas que participa que traten sobre temas familiares procedentes de diferentes medios de comunicación e da Internet.	CCL, CD, CAA
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB1.4. escoita atentamente en interaccións cara a cara, sen interromper.	CCL, CSC
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB1.5. Aмосa interese e respecto polas intervencións orais alleas en prol da mellora da súa pronuncia, entoación e acentuación.	CCL, CSC
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB2.1. Participa de forma activa en situacións reais ou simuladas de comunicación, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas do seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, cunha pronuncia e entoación comprensibles.	CCL
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en interaccións cotiás habituais.	CSC
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB2.3. Aмосa unha actitude de escoita atenta.	CCL, CSC
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB2.4. Produce textos orais propios, sinxelos e breves (p.e. cancións, conversas telefónicas, dramatizacións) utilizando distintos soportes multimedia.	CCL, CD, CSC
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB2.5. Recorda as ideas principais dun texto escoitado e fai un resumo breve sobre o mesmo.	CCL
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB2.6. Manifesta interese e respecto polas opinións do seus compañeiros/as.	CCL, CSC

ÁREA	Estándares de Aprendizaxe	C_Clave
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB2.7. Recoñece a diversidade lingüística da súa contorna como elemento enriquecedor.	CCL
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB2.8. Comeza a utilizar correctamente e progresivamente aspectos fonéticos básicos, do ritmo, da acentuación e da entoación da lingua estranxeira para a produción de textos orais comprensibles.	CCL, CAA
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB3.1. Comprende información básica escrita en notas, tendas e medios de transporte, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.	CCL
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB3.2. Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo, con apoio visual, procedente dos medios de comunicación adaptados á súa competencia lingüística e acorde coa súa idade.	CCL, CD
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB3.4. Emprega algunhas estratexias básicas para a comprensión lectora.	CCL, CAA
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLB3.5. Selecciona contos, narracións ou outro material escrito da biblioteca da aula para a súa lectura autónoma, acordos á súa idade e intereses e respectando as súas normas de funcionamento.	CCL, CSIEE
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLB3.6. Formula hipóteses sinxelas a partir de elementos icónicos e títulos que o acompañan e compróbaas.	CCL, CAA, CSIEE
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB3.7. Valora a lingua escrita como medio de comunicación.	CCL, CAA
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB3.8. Aмосa interese por informarse, comunicarse e aprender a través dos textos escritos.	CCL, CSIEE
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB3.9. Aмосa interese pola corrección, ortografía básica, puntuación e presentación dos textos escritos.	CCL
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB4.1. Elabora textos sinxelos relacionados con temas da súa vida cotiá, experiencias e actividades na aula, traballados previamente de forma oral.	CCL
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB4.2. Escribe diálogos simples, a partir de modelos, respectando a estrutura gramatical coñecida e as normas ortográficas básicas.	CCL
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB4.3. Escribe textos sinxelos, organizados con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura	CCL



ÁREA	Estándares de Aprendizaxe	C_Clave
	propios de situacións de relación interpersoal (invitacións, notas, avisos).	
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB4.4. Amosa interese polo uso guiado das TIC para producir textos e presentacións e transmitir información escrita.	CCL, CD, CSC
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB4.6. Produce mensaxes escritas breves: notas e avisos, instrucións ou normas, cartas, felicitacións, carteis, folletos, cómics ou descrições de lugares, gustos ou afeccións)	CAA, CSIEE
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB4.7. Produce textos escritos significativos, en soporte papel ou dixital, de forma individual ou en parella seguindo o modelo traballado (elaboración dunha enquisa, SMS, correspondencia persoal simple en soporte papel ou dixital falando de si mesmo/a e da súa contorna inmediata ...).	CCL, CAA
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB4.8. Uso do dicionario bilingüe e doutros materiais de consulta para a elaboración de textos.	CCL, CAA
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB4.9. Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas etc.	CCL
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB4.10. Utiliza a lingua estranxeira escrita de forma correcta en situacións variadas atendendo á súa corrección ortográfica básica.	CCL
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festividades...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente.	CCL, CAA, CSC
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB5.2. Amosa curiosidade por aprender a lingua estranxeira e a súa cultura.	CCL, CSC
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB5.2. Participa en actividades de aprendizaxe individuais e colectivas, respecta as ideas dos e das demais e contribúe ao traballo en grupo.	CCL, CSC
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB5.3. Inicia e remata as interaccións adecuadamente.	CCL, CAA, CSC
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB5.4. Pregunta e responde de xeito comprensible en actividades de aprendizaxe en distintos contextos.	CCL, CAA, CSC
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB5.5. Identifica en textos simples: as formas de presente e pasado simple, a afirmación e a negación...	CCL

ÁREA	Estándares de Aprendizaxe	C_Clave
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	B5.6. Expressa, identifica e distingue actividades variadas de rutina, lecer...	CCL, CAA
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB5.7. Describe unha escena sinxela dicindo o que hai nela, compara dúas ilustracións e identifica as diferenzas, entre outras.	CCL, CAA
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB5.8. Describe con máis detalle o seu aspecto físico, gustos, afeccións... de si mesmo/a e doutra persoa.	CCL, CAA
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB5.9. Expressa e distingue as indicacións para chegar a un lugar, así como as instrucións dentro e fóra da aula.	CCL, CAA
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB5.10. Diferenza preguntas e respostas moi simples, así como as que achegan información.	CCL
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB5.11. Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e persoa, e usa correctamente os nexos básicos.	CCL
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB5.12. Memoriza rutinas lingüísticas coñecidas para desenvolverse nas interaccións dentro e fóra da aula.	CCL, CAA
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB5.14. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario necesario para participar nas interaccións da aula ou fóra da aula, ler textos próximos á súa idade e escribir con léxico traballado previamente.	CCL, CAA
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB5.15. Compara aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas.	CCL, CAA
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB5.16. Establece similitudes e diferenzas das linguas que hai na aula ou na súa contorna máis próxima.	CCL, CSC
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB5.17. Valorar as linguas como instrumento de comunicación, para aprender e acercarse a outras culturas.	CCL, CSC

COMPETENCIA	% DOS ESTÁNDARES	% DE COMP. TOTAIS
CCL	96%	53%
CMCT	0%	0%
CD	9%	5%
CAA	38%	21%
CSC	30%	16%
CSIEE	9%	5%
CCEC	0%	0%

## 7. Concreción dos obxectivos para o curso

Segundo a orde do 23/07/2014 (DOG do 14 de agosto) os obxectivos fixados para a etapa da educación primaria son os que se relacionan na seguinte táboa.

a	Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, preparárense para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
b	Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
c	Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais con que se relacionan.
d	Coñecer, comprender e respectar as culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a nondiscriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
e	Coñecer e utilizar de forma apropiada a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as dúas linguas.

f	Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
g	Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
h	Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
i	Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciban e elaboren.
j	Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
k	Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
l	Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
m	Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo sexual.
n	Fomentar a educación viaria e as actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

o	Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, salientando as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.
---	---

## 8. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable: temporalización e definición de unidades didácticas

TRIMESTRE	UNIDADE DIDÁCTICA	SESIÓNS	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE
1º	<b>REVIEW:</b> Repaso	9	1.4, 1.5, 2.2, 2.3, 2.6, 3.7, 3.9, 5.8, 5.10, 5.11, 5.12
	<b>STARTER: Welcome back to the TTSLN</b> - Presentación dos personaxes. - Vocabulario sobre información persoal.	3	1.3, 2.2, 3.2, 4.1, 5.1
	<b>1. In your free time</b> - Vocabulario relacionado con actividades de tempo libre. - Verbo “like + ...ing”	14	1.1, 1.3, 1.4, 1.5, 1.6, 1.7, 2.1, 2.2, 2.3, 3.4, 3.5, 4.1, 5.1
	<b>2. Geographical wonders.</b> - Vocabulario relacionado cos accidentes xeográficos. - Adxectivos superlativos.	14	1.3, 1.4, 1.5, 1.6, 1.7, 2.1, 2.2, 2.3, 3.4, 3.5, 3.3, 4.1, 5.1
	<b>FESTIVALS:</b> - Thanksgiving. - Christmas.	2	1.3, 2.3, 3.4, 4.1, 5.1
	<b>3. Recipes and food</b>	13	1.3, 1.4, 1.5, 1.6, 1.7, 2.1, 2.2, 2.3, 2.4, 3.1,

2º	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Vocabulario relacionado cos tipos de alimentos.</li> <li>- Vocabulario relacionado coas árbores.</li> <li>- Pasado do verbo “to be”.</li> </ul>		3.3, 3.4, 3.5, 4.1, 5.1
	<p><b>4. Around the city</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Vocabulario relacionado cos lugares das cidades.</li> <li>- Pasado do verbo “to be”.</li> </ul>	13	1.2, 1.3, 1.4, 1.5, 1.6, 1.7, 2.1, 2.2, 2.3, 2.4, 3.1, 3.2, 3.3, 3.4, 3.5, 4.2, 5.2
	<p><b>FESTIVALS:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Pancake Day.</li> <li>- Carnival.</li> <li>- St. Patrick’s Day</li> <li>- Easter</li> <li>- April Fool’s Day</li> </ul>	5	1.3, 2.3, 3.4, 4.1, 5.1
3º	<p><b>5. Ingenious inventions</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Vocabulario relacionado cos inventos.</li> <li>- Verbos en pasado e partículas interrogativas.</li> </ul>	10	1.3, 1.4, 1.5, 1.6, 1.7, 2.1, 2.2, 2.3, 3.4, 3.5, 4.1, 5.1
	<p><b>6. Helping people</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Vocabulario relacionado coas tarefas da casa.</li> <li>- Verbos en pasado.</li> </ul>	10	1.3, 1.4, 1.5, 1.6, 1.7, 2.1, 2.2, 2.3, 3.1, 3.4, 3.5, 5.1
	<p><b>7. A camping trip</b></p>	8	1.3, 1.4, 1.5, 1.6, 1.7, 2.1, 2.2, 2.3, 3.1, 3.2,

	- Vocabulario relacionado co equipamento para ir de cámping.		3.4, 3.5, 4.1, 5.1
	<b>REVIEW:</b> Repaso.	3	1.3, 1.4, 1.5, 1.6, 2.1, 2.2, 2.3, 2.4, 3.1, 3.2, 3.3, 3.4, 4.1, 4.2, 4.3

## 9. Relacionar unidades didácticas co currículo

ÁREA	BLOQUE	Obx	Contidos	Actividades de aprendizaxe	Temp. Horas
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	BLOQUE 1. COMPRESIÓN DE TEXTOS ORAIS	b,f	B1.1. Estratexias de comprensión: Mobilización de información previa sobre tipo de tarefa e tema. Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión ao mesmo. Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais). Formulación de hipótese sobre contido e contexto. Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos. Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. B1.2. Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: interese pola pronuncia coidada, polo ritmo, pola entoación e pola acentuación adecuadas, tanto nas participacións orais como nas imitacións, recitacións e dramatizacións.	<p><b>-Escoita de rutinas de entrada, de peche, de normas de convivencia, tolerancia e respecto:</b>  <i>Hello! Good morning/afternoon! Bye-bye! Goodbye! See you soon! What day is it today? It's (day of the week) What month are you in? We're in (month of the year) What's the weather like today? It's (weather). What time is it? It's...</i>  <i>Raise your hand and wait to speak, please. Put your hand down, please; be patient and listen to me. Be quiet, please. Put your things away, please. Tidy up, please. Give out the books, please. Collect the books, please. Knock on the door, please. Can I go to the toilet, please? Can I come in, please? Yes, you can... Thank you. Please. Sorry.</i></p> <p>(Todo o curso)</p> <p><b>-Escoita e comprensión de conversas nas que se presentan os personaxes do curso.</b> (Inicio de curso)</p> <p><b>-Comprensión das instrucións da mestra usando xestos ou ilustracións:</b> <i>Listen and repeat, listen and sing, listen and do, listen and look, listen and match, listen and complete, listen and order, etc...</i> (Todo o curso)</p> <p><b>-Seguemento de instrucións dadas por un/unha compañeiro/a</b> (Todo o curso)</p> <p><b>-Escoita do alfabeto a través da actividade de "spelling"</b> (Todo o curso)</p>	<p>Todo</p> <p>o</p> <p>curso</p>



ÁREA	BLOQUE	Obx	Contidos	Actividades de aprendizaxe	Temp. Horas
				<p><b>-Escoita, repetición, comprensión e memorización de diversas cancións, expresións,...</b> (Ao longo do curso)</p> <p><b>-Realización de actividades de escoita coas seguintes estruturas</b> (Ao longo do curso):</p> <p><b>-Starter Unit:</b> <i>What type of person are you? I'm (creative). What are you interested in? I'm/He's/She's interested in... What do you want to do in the future? I want to...</i></p> <p><b>-Unit 1:</b> <i>He/She likes (play)ing chess. He/She doesn't like (play)ing football. I/We/They like (go)ing to the youth club. I/We/They don't like (go)ing to pop concerts. Does he/she like (learn)ing...? Yes, he/she does./No, he/she doesn't. Do you like (do)ing...? Yes, I do./No, I don't. I'm learning (Welsh) because I think it's easy/difficult.</i></p> <p><b>-Unit 2:</b> <i>Where can you see...? Are there any...? Yes, there are./No, there aren't. What's the longest/highest/hottest/noisiest/smallest/widest... in the world? ... is the biggest/most exceptional... in the world. Who is the oldest/noisiest (person)? Are you the (youngest)? Yes, I am./No, I'm not.</i></p> <p><b>-Unit 3:</b> <i>Is there any (+nombre contable)? There's some... Is there a (+nombre contable)? There is a... Are there any (+nombres contables)? Yes, there is/are. No, there isn't/aren't. First of all,... Then,... Next,... Last of all,...</i></p> <p><b>-Unit 4:</b> <i>I/He/She was at the (bank) at (quarter past five). I/He/She wasn't at the (cinema) at (quarter to six). Where were you/they at (half past seven)? Where was he/she at (quarter to six) yesterday? Is there...? Are there...?</i></p> <p><b>-Unit 5:</b> <i>Who invented the...? How old is the (light bulb)? I/He/She/They invented.../discovered... in (1952). When did he/she live? What did he/she do?/discover? Where did he/she work? He/She worked (on a farm). In the past,... Today...</i></p> <p><b>-Unit 6:</b> <i>Who (makes your bed)? I do./My (mother) does. Verbos irregulares: do/did, feed/fed, go/went, have/had, make/made, put/put, sweep/swept, take/took.</i></p> <p><b>-Unit 7:</b> <i>What are you going to do? Are you going to...? Yes, I am./No, I'm not. I'm (not) going to (+verbo). He/She/It is(n't) going to (+verbo). You/We/They are(n't) going to (+verbo). I think he needs to take a (torch). On Saturday/Sunday.../ At the weekend.</i></p> <p><b>-Festivals:</b> <i>I am thankful for... (Christmas) is similar/different (in my country) because... The main difference is that... My favourite pancake filling is... ... is an emblem of my country. It is similar/different because... We have a similar celebration in (month)/ on (date). It's called...</i></p>	<p>10</p> <p>horas</p> <p>10</p> <p>horas</p>

ÁREA	BLOQUE	Obx	Contidos	Actividades de aprendizaxe	Temp. Horas
				<p><b>-Actividades de escoita, repetición e identificación de vocabulario co uso de ilustracións (flashcards and word cards), mímica e/ou vídeos</b> (Durante todo o curso):</p> <p>-Vocabulario relativo aos días da semana: <i>Monday, Tuesday, Wednesday, Thursday, Friday, Saturday and Sunday</i>; os meses do ano: <i>January, February, March, April, May, June, July, August, September, October, November and December</i>; o tempo atmosférico: <i>It's sunny, cloudy, raining, snowing, windy...</i></p> <p>-Vocabulario relativo aos números cardinais de ata catro díxitos e ordinais de ata dous díxitos</p> <p><b>-Vocabulario das unidades:</b></p> <p><b>Starter Unit:</b></p> <p>-Vocabulario de <b>países de fala inglesa e adxectivos</b> para describirse: <i>Canada, England, Ireland, Jamaica, New Zealand, Wales, adventurous, artistic, creative, imaginative, musical, scientific, sporty, techy</i> e números altos.</p> <p>-Vocabulario <b>receptivo</b>: <i>ambitions, character, communicate, interests, secondary school.</i></p> <p>-Vocabulario <b>reciclado</b>: <i>hello, goodbye, asignaturas, abecedario, vocabulario dos cursos anteriores.</i></p> <p><b>Unit 1:</b></p> <p>-Vocabulario relativo ás <b>actividades de ocio</b>: <i>collect things, do puzzles, go fishing, go to pop concerts, juggle, make things, play chess, play the drums, practise a foreign language, use the internet.</i></p> <p>-Vocabulario do <b>conto</b>: <i>do somersaults, perform, street dance, stand on your hands, youth club.</i></p> <p>-Vocabulario do <b>Everyday chit-chat</b>: <i>pop concert, spare ticket, stadium, quarter past three.</i></p> <p>-Vocabulario <b>CLIL (Lingua)</b> sobre as diferencias e similitudes entre idiomas: <i>bilingual, characters, conjugate verbs, gender, Japanese, letters of an alphabet, Welsh.</i></p> <p>-Vocabulario <b>receptivo</b>: <i>aspects, progress.</i></p> <p>-Vocabulario <b>reciclado</b>: <i>champion, dance, go shopping, listen to music, perform, play football/board games/computer games, read a book, take photos, teach, watch films/TV, work, as horas.</i></p> <p><b>Unit 2:</b></p> <p>-Vocabulario relativo aos <b>accidentes xeográficos</b>: <i>cave, cliff, desert, glacier, island, mountain range, rainforest, valley, volcano, waterfall, north, south.</i></p> <p>-Vocabulario do <b>conto</b>: <i>crack, expedition, reach the top, save someone's life.</i></p> <p>-Vocabulario do <b>Everyday chit-chat</b>: <i>binoculars, hills, horizon, building.</i></p> <p>-Vocabulario <b>CLIL (Ciencias Sociais)</b> sobre os volcáns: <i>active,</i></p>	<p>Todo o curso</p> <p>10 horas</p>

ÁREA	BLOQUE	Obx	Contidos	Actividades de aprendizaxe	Temp. Horas
				<p><i>base, dormant, extinct, lava, magma, summit, surface of the earth, volcanic eruption, volcanic rock.</i></p> <p>-Vocabulario <b>receptivo</b>: <i>bird boxes, flightless, incubates, species, (below) sea level, unique.</i></p> <p>-Vocabulario <b>reciclado</b>: <i>climb, fall, fly, beach, ice, lake, plants, river, rocks, trees, water, ... is rich/brave/kind, bird, dolphin, lizard, parrot, spider, o abecedario, datas e números altos.</i></p> <p><b>Unit 3:</b></p> <p>-Vocabulario relativo aos <b>alimentos</b>: <i>beans, citrus fruits, coconuts, coffee, honey, olives, rice, salt, spices, sugar, chocolate, ingredients, instructions, lime, oven, serving suggestions, tablespoon, teaspoon, 50g, 100g, add, blend, mix, pour, bag of ..., bottle of ..., box of ..., packet of ...</i></p> <p>-Vocabulario do <b>conto</b>: <i>destroy, force-five hurricane, lucky to be alive, tent.</i></p> <p>-Vocabulario do <b>Everyday chit-chat</b>: <i>cream cheese, crisps, slice of bread, slices of apple.</i></p> <p>-Vocabulario <b>CLIL (Ciencias Naturais)</b> sobre as árbores xenerosas: <i>Chewing gum, cork, medicines, natural rubber, oxygen, paper, wood.</i></p> <p>-Vocabulario <b>receptivo</b>: <i>flavouring, grated, greased baking tin, photosynthesis, How about...?</i></p> <p>-Vocabulario <b>reciclado</b>: <i>banana, cake, cereal, chicken, eggs, fruit juice, lemon, milk, oranges, salad, strawberries, water, breakfast, lunch, in the cupboard/fridge, bees, cows, grass, grown, vitamin C, delicious, flavour, table.</i></p> <p><b>Unit 4:</b></p> <p>-Vocabulario relativo aos <b>lugares dos pobos e das cidades</b>: <i>airport, bank, botanical garden, main square, port, post office, shopping centre, sports stadium, theme park, tourist information office.</i></p> <p>-Vocabulario do <b>conto</b>: <i>alibi, bump into someone, clumsy, identical twin, mistaken identity, robbery.</i></p> <p>-Vocabulario do <b>Everyday chit-chat</b>: <i>information, lift, restaurant, wheelchair access.</i></p> <p>-Vocabulario <b>CLIL (TIC)</b> sobre a tecnoloxía na cidade: <i>app, chat, go online, online shopping, smartphone, wifi zone.</i></p> <p>-Vocabulario <b>receptivo</b>: <i>professional recordings, seafood, wheelbarrow.</i></p> <p>-Vocabulario <b>reciclado</b>: <i>police officer, beach, boat, bridge, bus, café, castle, flowers, money, museum, park, plane, plants, restaurants, river, school, ship, souvenir shop, team, zoo, laptop, satnav, tablet, as horas.</i></p> <p><b>Unit 5:</b></p> <p>-Vocabulario relativo aos <b>obxectos cotiás</b>: <i>bilingual dictionary,</i></p>	10 horas

ÁREA	BLOQUE	Obx	Contidos	Actividades de aprendizaxe	Temp. Horas
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB4.4. Amona interese polo uso guiado das TIC para producir textos e presentacións e transmitir información escrita.	-Amona interese polo uso guiado das TIC para producir textos e presentacións e transmitir información escrita.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Observación.</li> </ul>
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB4.6. Produce mensaxes escritas breves: notas e avisos, instrucións ou normas, cartas, felicitacións, carteis, folletos, cómics o descrições de lugares, gustos ou afeccións)	-Produce mensaxes escritas breves: notas e avisos, instrucións ou normas, cartas, felicitacións, carteis, folletos, cómics, descrições de lugares, gustos ou afeccións)	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Observación.</li> <li>- Diario de clase.</li> <li>- Probas orais e escritas.</li> </ul>
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB4.7. Produce textos escritos significativos, en soporte papel ou dixital, de forma individual ou en parella seguindo o modelo traballado (elaboración dunha enquisa, SMS, correspondencia persoal simple en soporte papel ou dixital falando de si mesmo/a e da súa contorna inmediata ...).	-Produce textos escritos significativos, en soporte papel ou dixital, de forma individual ou en parella seguindo o modelo traballado (elaboración dunha enquisa, correspondencia persoal simple en soporte papel ou dixital falando de si mesmo/a e da súa contorna inmediata ...).	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Observación.</li> <li>- Diario de clase.</li> <li>- Probas orais e escritas.</li> </ul>
PRIMEIRA	PLEB4.8. Uso do dicionario bilingüe e doutros materiais de	-Usa o dicionario bilingüe e outros materiais de consulta para a	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Observación.</li> </ul>

ÁREA	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE COSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
LINGUA ESTRANXEIRA	consulta para a elaboración de textos.	elaboración de textos.	
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB4.9. Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas etc.	-Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas etc.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Observación.</li> <li>- Diario de clase.</li> <li>- Probas orais e escritas.</li> </ul>
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB4.10. Utiliza a lingua estranxeira escrita de forma correcta en situacións variadas atendendo á súa corrección ortográfica básica.	-Utiliza a lingua estranxeira escrita de forma correcta en situacións variadas atendendo á súa corrección ortográfica básica.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Observación.</li> <li>- Diario de clase.</li> <li>- Probas orais e escritas.</li> </ul>
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festividade...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente.	<p>-Identifica aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos e significativos e aplica progresivamente os coñecementos adquiridos sobre estes, a unha comprensión adecuada do texto oral e escrito.</p> <p>-Amosa curiosidade pola lingua e pola súa cultura.</p> <p>-Amosa interese en participar en actividades individuais, así como respecto e cooperación nas situacións de aprendizaxe en grupo.</p> <p>-Inicia e remata as interaccións adecuadamente en situacións reais ou simuladas en contextos dirixidos.</p> <p>-Obtén e da información persoal máis detallada, aparencia física, afeccións... en situacións comunicativas habituais dentro e fóra da aula.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Observación.</li> <li>- Diario de clase.</li> <li>- Probas orais e escritas.</li> </ul>

ÁREA	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE COSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
		<ul style="list-style-type: none"> <li>-Exprésase en tempo presente e pasado simple, afirmativa e negativa, 1ª e 3ª persoa...</li> <li>-Expresa nocións básicas relativas a accións cotiás, de lecer...</li> <li>-Expresa e identifica a existencia de seres vivos ou obxectos.</li> <li>-Descríbese fisicamente, achegando información complementaria, a si mesmo/a ou a outra persoa</li> <li>-Expresa e comprende indicacións e ordes.</li> <li>-Utiliza adecuadamente as estruturas morfosintácticas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.</li> <li>-Utiliza as estruturas sintácticas de progresiva dificultade (p. e. enlazar frases sinxelas con conectores (and, or, then but), pero adecuándoas aos propósitos comunicativos.</li> <li>-Recoñece estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados.</li> <li>-Mostra un control dun conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro dun repertorio memorizado.</li> <li>-Comprende e utiliza o léxico propio do nivel en situacións comunicativas sinxelas da vida da aula ou fóra dela.</li> </ul>	

ÁREA	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE COSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
		<p>-Recoñece un repertorio limitado de léxico de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas súas experiencias.</p> <p>-Compara aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas (horarios, hábitos, festividade...).)</p> <p>-Indaga a realidade plurilingüe e multicultural das familias e da súa contorna, e identifica semellanzas e diferenzas, evitando os estereotipos.</p>	
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB5.2. Aмосa curiosidade por aprender a lingua estranxeira e a súa cultura.	<p>-Aмосa curiosidade por aprender a lingua estranxeira e a súa cultura.</p> <p>-Aмосa interese en participar en actividades individuais.</p> <p>-Obtén e da información persoal máis detallada, aparencia física, afeccións... en situacións comunicativas habituais dentro e fóra da aula.</p> <p>-Expresarse en tempo presente e pasado simple, afirmativa e negativa, 1ª e 3ª persoa...</p> <p>. Expresa nocións básicas relativas a accións cotiás, de lecer...</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Observación.</li> <li>- Diario de clase.</li> <li>- Probas orais e escritas.</li> </ul>

ÁREA	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE COSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
		<ul style="list-style-type: none"> <li>-Expresa e identifica a existencia de seres vivos ou obxectos.</li> <li>-Describe fisicamente, achegando información complementaria, a si mesmo/a ou a outra persoa.</li> <li>-Expresa e comprende indicacións e ordes.</li> <li>-Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.</li> <li>-Utiliza as estruturas sintácticas de progresiva dificultade (p. e. enlazar frases sinxelas con conectores (and, or, then but), pero adecuándoas aos propósitos comunicativos.</li> <li>-Recoñecer estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados.</li> <li>-Mostra un control dun conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro dun repertorio memorizado.</li> <li>- Comprende e utiliza o léxico propio do nivel en situacións comunicativas sinxelas da vida da aula ou fóra dela.</li> <li>-Recoñece un repertorio limitado de léxico de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas súas experiencias.</li> </ul>	

ÁREA	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE COSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
		<p>-Compara aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e logra unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas (horarios, hábitos, festividade...). -Coñece a realidade plurilingüe e multicultural das familias e da súa contorna, e identifica semellanzas e diferenzas, evitando os estereotipos.</p>	
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB5.2. Participa en actividades de aprendizaxe individuais e colectivas, respecta as ideas dos e das demais e contribúe ao traballo en grupo.	-Participa en actividades de aprendizaxe individuais e colectivas, respecta as ideas dos e das demais e contribúe ao traballo en grupo.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Observación.</li> <li>- Diario de clase.</li> </ul>
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB5.3. Inicia e remata as interaccións adecuadamente.	-Inicia e remata as interaccións adecuadamente.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Observación.</li> </ul>
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB5.4. Pregunta e responde de xeito comprensible en actividades de aprendizaxe en distintos contextos.	-Pregunta e responde de xeito comprensible en actividades de aprendizaxe en distintos contextos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Observación.</li> <li>- Diario de clase.</li> <li>- Probas orais e escritas.</li> </ul>
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB5.5. Identifica en textos simples: as formas de presente e pasado simple, a afirmación e a negación...	-Identifica en textos simples: as formas de presente e pasado simple, a afirmación e a negación...	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Observación.</li> <li>- Diario de clase.</li> <li>- Probas orais e escritas.</li> </ul>
PRIMEIRA LINGUA	B5.6. Expresa, identifica e distingue actividades variadas de rutina, lecer...	-Expresa, identifica e distingue actividades variadas de rutina, lecer...	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Observación.</li> <li>- Diario de clase.</li> </ul>

ÁREA	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE COSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
ESTRANXEIRA			- Probas orais e escritas.
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB5.7. Describe unha escena sinxela dicindo o que hai nela, compara dúas ilustracións e identifica as diferenzas, entre outras.	-Describe unha escena sinxela dicindo o que hai nela, compara dúas ilustracións e identifica as diferenzas, entre outras.	- Observación. - Probas orais.
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB5.8. Describe con máis detalle o seu aspecto físico, gustos, afeccións... de si mesmo/a e doutra persoa.	-Describe con máis detalle o seu aspecto físico, gustos, afeccións... de si mesmo/a e doutra persoa.	- Observación. - Diario de clase. - Probas orais e escritas.
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB5.9. Expresa e distingue as indicacións para chegar a un lugar, así como as instrucións dentro e fóra da aula.	-Expresa e distingue as indicacións para chegar a un lugar, así como as instrucións dentro e fóra da aula.	- Observación. - Diario de clase. - Probas orais e escritas.
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB5.10. Diferenza preguntas e respostas moi simples, así como as que achegan información.	-Diferenza preguntas e respostas moi simples, así como as que achegan información.	- Observación. - Diario de clase. - Probas orais e escritas.
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB5.11. Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e persoa, e usa correctamente os nexos básicos.	-Estrutura adecuadamente os elementos das oracións e mantén a concordancia de número e persoa.	- Observación. - Diario de clase. - Probas orais e escritas.
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB5.12. Memoriza rutinas lingüísticas coñecidas para desenvolverse nas interaccións dentro e fóra da aula.	-Memoriza rutinas lingüísticas coñecidas para desenvolverse nas interaccións dentro e fóra da aula.	- Observación.
PRIMEIRA	PLEB5.14. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario	-Comprende e usa adecuadamente o vocabulario necesario para	- Observación.

ÁREA	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE COSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
LINGUA ESTRANXEIRA	necesario para participar nas interaccións da aula ou fóra da aula, ler textos próximos á súa idade e escribir con léxico traballado previamente.	participar nas interaccións da aula ou fóra da aula, ler textos próximos á súa idade e escribir con léxico traballado previamente.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Diario de clase.</li> <li>- Probas orais e escritas.</li> </ul>
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB5.15. Compara aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas.	-Compara aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Observación.</li> <li>- Diario de clase.</li> <li>- Probas orais e escritas.</li> </ul>
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB5.16. Establece similitudes e diferenzas das linguas que hai na aula ou na súa contorna máis próxima.	-Establece similitudes e diferenzas das linguas que hai na aula ou na súa contorna máis próxima.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Observación.</li> </ul>
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB5.17. Valorar as linguas como instrumento de comunicación, para aprender e acercarse a outras culturas.	-Valora as linguas como instrumento de comunicación para aprender e acercarse a outras culturas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Observación.</li> </ul>
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB1.1. Comprende o sentido global e a información máis importante de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá adecuados á súa idade, procedentes de medios audiovisuais ou da Internet.	<p>-Comprende o sentido global e a información máis importante de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá adecuados á súa idade, procedentes de diferentes medios.</p> <p>-Coñece e aplica as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral e a información máis importante do texto.</p> <p>-Discrimina patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos nos diferentes contextos comunicativos de forma</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Observación.</li> <li>- Diario de clase.</li> <li>- Probas orais e escritas.</li> </ul>



ÁREA	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE COSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
		significativa.	



## 11. Concrecións metodolóxicas que require a materia

O enfoque comunicativo debe prevalecer no tratamento da Lingua Estranxeira, e polo tanto, os elementos curriculares deben estar definidos nas bases dos procesos comunicativos aos que están dirixidos, adaptándoos no caso da Educación Primaria, ás características e necesidades dos alumnos/as.

Con isto en mente, e integrando todos estes aspectos, o currículo está estruturado arredor das actividades lingüísticas descritas no Marco Europeo: comprensión e produción (expresión e interacción) de textos orais e escritos.

A linguaxe demanda unha metodoloxía enfocada aos alumnos/as, nas súas necesidades de aprendizaxe e na responsabilidade que teñen que asumir no proceso de aprendizaxe; consecuentemente, a metodoloxía ideal consistirá nun conxunto de prácticas de ensino, aprendizaxe e valoración que axuden ao estudante a adquirir, dun lado, as diferentes competencias envolvidas no proceso comunicativo, e, doutro lado, desenvolver a habilidade de unir as competencias e poñelas en práctica, para producir e procesar textos orais e escritos adaptados a contexto relevantes.

Para adquirir competencia lingüística na lingua estranxeira é esencial desenvolver as habilidades de lectura e escritura.

Hai que poñer especial énfase en explotar os recursos dixitais, entendidos como ferramentas esenciais para iniciar aos alumnos/as na adquisición gradual de mecanismos de aprendizaxe autónoma, sempre adaptada á súa idade e particularidades.

Así pois, os alumnos/as:

- ⇒ desenvolven a competencia intercultural aprendendo cousas da cultura británica e a doutros países de fala inglesa.
- ⇒ desenvolven estratexias persoais efectivas de aprendizaxe para ser estudantes responsables, autónomos e automotivados.
- ⇒ desenvolven destrezas do pensamento como predicir, secuenciar, clasificar, categorizar, explicar e xustificar, nunha variedade de contextos interesantes.

- ⇒ usan CLIL para descubrir cousas do mundo, desenvolver destrezas cognitivas e conceptuais, e levan a cabo investigacións independentes e buscas *online* e *offline*.
- ⇒ pronuncian o inglés de forma natural e intelixible.
- ⇒ están moi motivados e gozan do reto de aprender inglés.
- ⇒ comunícanse e expresan a súa opinión persoal con seguridade.
- ⇒ desenvolven as sete Competencias Clave sistematicamente.
- ⇒ utilizan as novas tecnoloxías e recursos multimedia para estudar, investigar, consolidar e ampliar a súa aprendizaxe.
- ⇒ entenden e utilizan a gramática correcta e apropiadamente.
- ⇒ desenvolven as destrezas de *listening*, *speaking*, *reading* e *writing* de forma integral e equilibrada.
- ⇒ aprenden a través de distintos tipos de contos e textos de lectura, e de actividades tan amenas como concursos, obras de teatro, xogos e vídeos de nenos británicos e doutros países de fala inglesa.
- ⇒ planifican, preparan, escriben e presentan un divertido traballo en cada unidade.
- ⇒ desenvolven destrezas sociais e cidadás como a colaboración, o traballo en equipo, a tolerancia, o respecto, o entendemento mutuo e un sentido de responsabilidade social e ambiental.

Promoverase, en definitiva, o uso das catro destrezas: “listening” escoitar (comprensión oral), “speaking” (falar, expresión oral), “reading” (ler, comprensión escrita) e “writing” (escribir, expresión escrita).

## 12. Materiais e recursos didácticos que se van a utilizar

### ⇒ ***Pupil 's Book***

Libro de 80 páxinas a toda cor, cunha unidade de apertura, sete unidades didácticas, varias festividades de países de fala inglesa (*Thanksgiving Day in Canada, Advent and Christmas in New Zealand, Pancake Day in Wales and the UK, Carnival in Jamaica, Saint Patrick Day in Ireland e April Fool's Day in England and the UK*) e seis cancións opcionais escritas especificamente para o método, ligadas aos temas das unidades. Cada unidade ten oito leccións cuns claros obxectivos de aprendizaxe e un traballo ao final. Todas inclúen práctica de vocabulario, desenvolvemento das destrezas de lectura, un conto a dobre páxina con preguntas de comprensión, valores, opinión persoal e frases cotiás, dúas páxinas de práctica de gramática contextualizada, actividades de pronunciación e de *speaking*, unha dobre páxina sobre aspectos da cultura británica e a doutro país de fala inglesa, un concurso de preguntas e un diálogo funcional baseado en situacións cotiás, unha páxina de CLIL cun texto e actividades de *speaking* sobre un tema doutra materia relacionado coa unidade, e finalmente, a páxina co traballo, que contén un texto de modelo, un diagrama de planificación e ideas para a presentación oral.

### ⇒ ***Activity Book***

Libro de 128 páxinas que traballa en paralelo co *Pupil's Book* para mellorar a lectoescritura, consolidar os vínculos casa-colexio, desenvolver as destrezas de lectura e escritura, e practicar o vocabulario e as estruturas gramaticais presentadas no *Pupil's Book*. A súa organización reflexa a do *Pupil's Book* e inclúe unha lección de repaso e avaliación sobre cada unidade. Ao final do *Activity Book* hai seis *worksheets* de cancións e un suplemento de 48 páxinas a toda cor que contén a lista de verbos, actividades graduadas de gramática e vocabulario e seccións extra de reading, speaking e destrezas de estudio.

⇒ ***Pupil's online materials*** - vocabulario, gramática, cancións e contos con actividades

Deseñado para apoiar a autonomía e o pracer no estudo do inglés, trátase dun recurso que os alumnos poden utilizar individualmente na casa ou en clase e que reforza o vínculo casa-colexio. Aquí atoparán todo o vocabulario activo, a gramática, os contos e cancións opcionais que aparecen no *Pupil's Book*, xunto con animadas e variadas actividades que lles proporcionan unha práctica extra e consolidan o vocabulario.

⇒ ***Teacher's Book***

O *Teacher's Book* está encadernado en espiral e contén fotos das páxinas do *Pupil's Book* e do *Activity Book* para poder usalo durante a clase. Contén a Programación, a Introducción ao curso, unha Vista Rápida e un Plan detallado de cada lección cos obxectivos de aprendizaxe, a linguaxe activa, os materiais necesarios, actividades de repaso e as respostas. As transcripcións atópanse ao final da guía.

⇒ ***Class CDs***

Catro CDs de clase con todas as gravacións incluídas no *Pupil 's Book* e no *Activity Book*, é dicir, vocabulario clave, contos, textos de lectura, actividades de fonética, actividades de *listening*, textos e táboas de gramática, concursos culturais, diálogos do '*Everyday chit-chat*', modelos de traballos, cancións (incluída a versión karaoke) e audio das festividades.

⇒ ***Flashcards***

Un xogo de 86 *flashcards* (tarxetas de imaxes) a toda cor con imaxes do vocabulario clave que supoñen un recurso ideal para presentar e practicar o vocabulario.

⇒ **Word cards**

Un xogo de 86 *word cards* (tarxetas de palabras) que se corresponden coas *flashcards*. Úsanse para presentar a forma escrita das palabras e dar variedade ás actividades de recoñecemento e práctica.

⇒ **Enhanced Digital Course**

Contén presentación de vocabulario, actividades de referencia e de práctica, un contacontos con varias opcións para contar e practicar o conto, táboas interactivas de gramática e vídeos para as seccións de cultura e para os diálogos de *Everyday chit-chat*.

⇒ **Tests and Photocopiable Resource Pack**

Contén os fotocopiáveis para o Multi-ROM cos tests de diagnóstico das competencias clave e a avaliación dos profesores para cada unidade.

⇒ **Rubrics Generator**

Esta manexable ferramenta axúdanos a avaliar os resultados da aprendizaxe e a crear rúbricas de avaliación. As rúbricas de avaliación pódense gravar e imprimir para asegurarnos de que temos criterios claros sobre os obxectivos e os resultados de aprendizaxe.

⇒ **Classroom Language Companion**

O *Classroom Language Companion* está deseñado para axudarnos a ter en clase un inglés cotián e funcional. Este libro de peto é unha compilación de diálogos, expresións e frases esenciais, organizada por temas para facilitar a

consulta. É perfecto para animar os alumnos a desenvolver as destrezas comunicativas e para expoñelos á linguaxe da vida real. É ideal para grupos pequenos, desdobres ou para traballar en colaboración cun profesor axudante.

⇒ **DVDs/vídeos**

⇒ **Posters**

⇒ **Ordenador**

⇒ **Pizarra interactiva**

⇒ **Fotocopias**

Fichas de repaso, de ampliación, de reforzo...

⇒ **Material funxible**

Lapis, goma, bolígrafo, ceras, tesoiras...

⇒ **Material solicitado ao alumnado**

Un cartafol de plástico tamaño folio de broche.

### **Websites:**

- <http://www.agendaweb.org>
- <http://www.youtube.com>
- <http://www.google.com>
- <http://www.bbc.co.uk>
- <https://learnenglishkids.britishcouncil.org/es>

### **Dicionarios:**

- <http://visual.merriam-webster.com> (dicionario visual en Internet).
- <http://sli.uvigo.es/CLIG/index.html> (dicionario bilingüe inglés-galego en Internet).
- Dicionarios bilingües español-inglés.



### 13. Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado

A avaliación é continua, é dicir, está presente durante todo o curso académico, á súa vez esta constará dunha avaliación inicial, formativa e sumativa.

- **Diagnóstica ou inicial:** *(ao inicio do curso)*
  - Determinar fortalezas e limitacións nos alumnos.
  - Función primordial: ubicar/ clasificar/ prever.
  
- **Formativa:** *(ao longo do curso)*
  - Probas, revisión de cadernos, traballos en equipo, respecto ás normas de convivencia, traer o material, realización das actividades encomendadas, autoavaliación...
  - Función primordial: dar seguimento e control de calidade co fin de promover medidas de reforzo educativo se fose necesario.
  
- **Sumativa:** *(ao final do curso)*
  - Función primordial: Valorar os logros acadados nos diferentes trimestres comprobando o alcance dos mínimos esixibles.

Para a recollida de información da avaliación continua utilizaremos:

1. Observación directa e sistemática do alumnado.
2. Seguimento dos traballos realizados (actividades diarias-complementarias, de reforzo, presentación das tarefas no caderno de traballo, proxectos realizados das unidades traballadas...).
3. Comprobación e interese pola participación nas actividades individuais ou colectivas, de expresión oral e escrita.
4. Entrevistas ou diálogos directos cos alumnos/as, a nivel do grupo-clase ou de forma particular e individual.
5. Rexistro dos datos (traballo diario, probas das unidades traballadas...).

A cualificación que obterá o alumno/a dependerá dos seguintes criterios:

CRITERIOS	DESCRIPCIÓN	PORCENTAXE		
<b>Probas obxectivas:</b> - Probas orais. - Probas escritas. - Observación directa	<ul style="list-style-type: none"> <li>- “Listening and speaking” (Escoitar e falar)</li> <li>- “Reading and writing” (Ler e escribir)</li> </ul>	80%		
<b>Traballo:</b> - <i>Activity Book</i> . - <i>Grammar Practice</i> . - <i>Projects</i> . - Fichas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Cumprimentar de xeito axeitado, boa presentación, orde e limpeza.</li> <li>- Puntualidade na entrega.</li> <li>- Tempo de execución: ritmo de traballo.</li> </ul>	10%	<b>TOTAL</b>	
<b>Actitude</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Esfuerzo e constancia.</li> <li>- Interese e motivación.</li> <li>- Atención e participación.</li> <li>- Disposición e iniciativa.</li> <li>- Compromiso e responsabilidade.</li> <li>- Planificación do estudo.</li> <li>- Adaptación ao grupo (colaboración, tolerancia...)</li> <li>- Corrección no trato (cos compañeiros, profesorado...)</li> <li>- Compañeirismo.</li> <li>- Sensibilidade e empatía.</li> <li>- Uso e coidado do material.</li> <li>- Realización das tarefas.</li> </ul>	10%		<b>100%</b>

Os resultados da avaliación expresaranse nos termos de:

Insuficiente (IN) para as cualificacións negativas, Suficiente (SU), Ben (BE), Notable (NT) ou Sobresaliente (SB) para as cualificacións positivas. A estes termos achegaráselles unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, tal e como se establece na Orde, coas seguintes correspondencias:

- Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.
- Suficiente: 5.
- Ben: 6.
- Notable: 7 ou 8.
- Sobresaliente: 9 ou 10.

Esta cualificación verase diminuída sempre e cando o alumnado:

- Non traia o material ou perda o mesmo.
- Non realice as tarefas solicitadas.
- Non respecte as normas de convivencia.

**\*Observacións:**

- Non se correxirá ningún exame no que non se reflicta o nome e apelidos do/a alumno/a, obtendo a mínima cualificación, é dicir, valorarase cun "0".
- Se un alumno/a utiliza procedementos inapropiados para a realización do exame: levantarse sen pedir permiso, falar sen levantar a man, copiar por outro compañeiro ou por medio doutro mecanismo obterá a mínima cualificación, é dicir "0".
- Para aprobar a avaliación será preciso aprobar, alomenos, un dos exames, ou no caso de suspender os dous, que a media sexa igual ou superior a 4.

Realizaranse tres avaliacións ao longo do curso para valorar o grao de consecución dos obxectivos, facéndose un exame/test por cada unha das unidades principais.

Recoméndase o estudo desta área, alomenos, tres veces por semana, polo que os alumnos/as levarán traballo de repaso sobre as explicacións levadas a cabo na clase para reforzar e revisar a aprendizaxe.

Unha vez que se realicen os exames, non se enviarán os mesmos á casa. Lémbrese que o día da semana de atención ás familias é o martes de 16.00 a 17.00 horas. Faise necesario que as familias se comuniquen coa titora para facilitarlle a información pertinente ou soliciten reunións coa mestra de Inglés.

## **14. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e da práctica docente**

Para avaliar a práctica docente deste curso, recorreremos ás seguintes cuestións: Que avaliar?, A quen avaliar? e Cando avaliar?.

**Que avaliar?** No proceso de ensinanza por parte do mestre/a avalíase a propia práctica docente, ven sendo o modo de transmisión da información que ten que chegar clara e precisa ao noso grupo; no proceso de aprendizaxe avalíase ao alumnado, tanto os coñecementos previos como a evolución cara os novos.

**A quen avaliar?** No proceso de ensinanza avalíase ao profesorado, todos aqueles matices, feitos, exemplos, modos,...que contribúen a chegar eficazmente ao grupo-clase; e no proceso de aprendizaxe avalíase ao alumnado, todos os resultados obtidos de maneira individual e grupal, todo aquilo que foi asimilado en dito proceso, reflexións, opinións,...

**Cando avaliar?** Facendo referencia aos momentos temporais, atenderase a unha Avaliación Inicial (buscar o punto de partida do grupo-clase en xeral e individualmente), unha Avaliación Continua ( durante a realización do proceso de aprendizaxe, así como corrixindo posibles problemas de aprendizaxe e reforzando o proceso de ensino), e cunha Avaliación Final (unha vez finalizado o curso escolar, faise unha avaliación, unha reflexión da consecución dos obxectivos propostos e anótanse os cambios propostos).

O seguimento da actividade lectiva será recollido no diario de clase. Esta ferramenta de traballo permite comprobar se o programado inicialmente na programación didáctica se está a desenvolver segundo o pautado ou realízanse modificacións. O diario de clase permítenos recoller información ao respecto do desenvolvemento das actividades, así como información sobre o proceso de aprendizaxe do alumnado: trae o material, cumpre as normas de convivencia, citas coas familias.

Asemade, teranse en conta os seguintes indicadores:

<b>INDICADORES DE LOGRO</b>	<b>SI</b>	<b>NON</b>	<b>PROPOSTA DE MELLORA</b>
Coherencia entre obxectivos, contidos, actividades e criterios de avaliación			
A selección dos estándares de aprendizaxe mínimos foi a correcta.			
Os criterios de cualificación adaptáronse aos criterios de avaliación.			
As actividades planificadas axustáronse aos criterios de avaliación.			
Comunicouse ao alumnos que debían saber ao final de cada unidade.			
Actualizáronse os coñecementos previos ao inicio de cada unidade.			

Deuse o tempo preciso para a realización das actividades.			
O desenvolvemento da clase adecouse ás características do grupo.			
A metodoloxía adaptouse aos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe.			
A metodoloxía proposta favoreceu a autoaprendizaxe do alumno.			
Os alumnos mostraron interese e participaron durante as sesións lectivas.			
Os instrumentos de avaliación foron variados e adaptáronse a todos os estilos.			
Os recursos didácticos utilizados foron suficientes e axeitados.			
As relacións interpersoais producíronse dentro da normalidade.			
Os resultados acadados polos alumnos foron satisfactorios.			
Cumprimento da programación durante o 1º trimestre			
Cumprimento da programación durante o 2º trimestre			
Cumprimento da programación durante o 3º trimestre			
Dificultades de comprensión oral			
Dificultades de produción oral			
Dificultades de comprensión escrita			

Dificultades de produción escrita			
Interese e curiosidade por aprender			
Respecto polo material, os compañeiros/as, a mestra...			
Acadáronse, en xeral, os obxectivos propostos na programación			

## **15. Organización das actividades de seguimento, de recuperación e de avaliación das materias pendentes**

Avaliación e recuperación son dous conceptos estreitamente vencellados. A avaliación achéganos datos sobre a evolución do alumno no seu proceso de aprendizaxe e, asemade, esixe a recuperación cando eses datos non son satisfactorios. Polo tanto, é esencial detectar se o problema é de tipo cognitivo -coñecementos insuficientes nunha área determinada- ou afectivo -falta de interese e motivación, actitude negativa, inadaptación social e escolar. Neste segundo caso a intervención pasará por unha recuperación máis psicolóxica que didáctica.

No suposto de que a dificultade ou carencia detectada sexa de tipo cognitivo é fundamental actuar de xeito inmediato e terá un carácter retroactivo completando e afondando naqueles baleiros que se consideren básicos –con fichas de práctica ou reforzo que melloren as súas competencias-, readaptando o ritmo do proceso de aprendizaxe ou as estratexias metodolóxicas, modificando a maneira de facer a avaliación e mesmo reflexionando sobre a propia acción docente.

Nalgúns casos, nos que as estratexias de recuperación non dean o resultado esperado, a repetición de curso poderase facer necesaria e mesmo positiva.

Durante o desenvolvemento dos contidos, prestarase especial atención aos alumnos/as que deban recuperar a materia do curso anterior, mediante explicacións e realización dalgunhas actividades que poderán facer na casa.

Non todos os alumnos/as aprenden do mesmo xeito nen ao mesmo ritmo. Por iso, cada actividade pode ser tratada con distinto nivel de profundidade e apoiada en diversos materiais para que teña cada vez un sentido e a repetición non aburra.

Para aqueles alumnos/as que rematan pronto e para os que amosan máis habilidade contarase con:

- *Fast finisher tips.*
- *Extension worksheets.*
- *Grammar worksheets.*

Para os alumnos/as que requiren máis práctica ou necesitan un reforzo:

- *Reinforcement worksheets.*
- Actividades opcionais e actividades extra con material fotocopiado, que poden ser realizadas segundo conveñan ao desenvolvemento da clase e do alumno/a.

As actividades de recuperación e dado que se trata dunha lingua estranxeira terán que por o acento na utilización de medios audiovisuais. O enfoque comunicativo nesta etapa educativa ten como obxectivo prioritario a comunicación oral. O descubrimento guiado faise a medida que avanzamos na adquisición de novo vocabulario e estruturas lingüísticas, máis a recuperación en si mesma faise de xeito oral, cando se revisa no “warming up” estruturas e vocabulario xa traballado ou cando, nos traballos colectivos, titoría entre iguais ou achegas individuais establécese o afianzamento de estruturas comunicativas funcionais nas que o alumnado manifesta dúbidas.

Faise necesario que ao alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe se lle proporcionen actividades que non lle resulten inalcanzables



senón que lle sexan atractivas. Entre as actividades de reforzo máis valoradas polo alumnado están as actividades dixitais propostas en diferentes “websites” as que se recomendan son as seguintes:

[www.agendaweb.org](http://www.agendaweb.org)

[www.angles365.com/classroom/class5.htm](http://www.angles365.com/classroom/class5.htm)

[www.mundoprimaria.com/juegos-de-ingles](http://www.mundoprimaria.com/juegos-de-ingles)

<http://www.bbc.co.uk>

<https://learnenglishkids.britishcouncil.org/es>

## **16. Deseño de avaliación inicial**

Ao comezo do curso levarase a cabo a avaliación inicial co fin de coñecer cal é o grao de desenvolvemento nas competencias básicas por parte dos alumnos/as e en que medida responden aos obxectivos mínimos establecidos tendo en conta as preguntas básicas, o vocabulario e as estruturas lingüísticas traballadas nos cursos previos. Avaliarase a comprensión oral, comprensión lectora e composición escrita.

Os resultados que se obteñan das probas realizadas orientarán a nosa acción docente e permitirannos abordar a programación de aula afondando naqueles contidos que máis respondan ás necesidades e peculiaridades dos alumnos/as.

Por outra banda, serviranos de axuda a avaliación final que de cada alumno/a se recolle no seu historial e o intercambio de información cos profesores/as do ciclo precedente.

## **17. Medidas individuais ou colectivas que se poidan que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados**

Os resultados que destas probas se obteñan orientarán a nosa acción docente porque nos permitirá abordar a programación de aula afondando naqueles contidos que aparecen menos consolidados e que máis respondan ás necesidades e peculiaridades dos alumnos. No caso daqueles alumnos que presenten algunha carencia ou retraso adoptaranse medidas de reforzo, tales como:

- Deseño de fichas que reforcen aqueles aspectos onde as carencias son máis evidentes.
- Adaptación das estratexias metodolóxicas.
- Adaptación das actividades e/ou probas de control.

## **18. Medidas de atención á diversidade**

Un modelo de ensino inclusivo debe, necesariamente, prestar atención á diversidade do alumnado. Cada alumno/a é distinto dos demais: os seus coñecementos, ideas e crenzas previos son distintos; tamén as súas capacidades, os seus ritmos de desenvolvemento e de traballo e o seu estilo de aprendizaxe. Consideramos imprescindible a atención á diversidade na nosa labor docente si realmente pretendemos conseguir aprendizaxes significativas nos alumnos/as. Por esta razón, prestaremos especial atención a aqueles alumnos/as que vexamos con máis problemas na adquisición da lingua estranxeira.

Tendo en conta as diferentes capacidades, ritmos e estilos de aprendizaxe do grupo clase en xeral, e de cada alumno/a en particular, enfocarase a práctica didáctica: metodoloxía, tipo de actividades, instrumentos de avaliación...

## **19. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda**

De acordo co Real Decreto 126/2014, do 28 de febreiro, establécese que:

- ⇒ A educación cívica e constitucional traballarase en todas as materias.
- ⇒ Fomentárase a igualdade de oportunidades e non discriminación por razón de discapacidade.
- ⇒ Fomentárase o desenvolvemento dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero.
- ⇒ Fomentárase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- ⇒ Fomentárase a prevención da violencia de xénero, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia.
- ⇒ Evítanse os comportamentos e contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación.
- ⇒ Fomentárase o desenvolvemento sustentable e a protección do medio ambiente, alertárase dos riscos de explotación e abuso sexual, prevírase aos alumnos sobre as situacións de risco derivadas da utilización das Tecnoloxías da Información e a Comunicación, así como promoverase a protección ante emerxencias e catástrofes.
- ⇒ Fomentárase o desenvolvemento e afianzamento do espírito emprendedor.
- ⇒ Adoptáranse medidas para que a actividade física e a dieta equilibrada formen parte do comportamento infantil.
- ⇒ Fomentárase a educación e a seguridade viaria.

### Valores e actitudes:

- ⇒ Educación e respecto na lingua estranxeira.
- ⇒ Esfuerzo co vocabulario e estruturas novas.
- ⇒ Interese e respecto cara ás opinións dos compañeiros, a súa lingua materna, acento, orixe, etc.
- ⇒ Superar o bloqueo mental cando se coñece a novos falantes da lingua estranxeira.
- ⇒ Escoita atenta e mostrando seguridade.
- ⇒ Uso da lingua estranxeira na clase.

Os elementos transversais abundan ao longo do currículo e non son só importantes á hora de ‘aprender contidos’ senón tamén para ‘aprender a comportarse en sociedade’.

Na área de Lingua Inglesa integramos todos os elementos transversais no proceso de aprendizaxe, xa que, dunha ou outra forma, xa sexa no tema da unidade ou nas tarefas específicas, en todas as unidades trátanse temas relacionados coa educación moral e cívica, a educación ambiental, a educación para a tolerancia, a educación para a para a igualdade de ambos os sexos, a educación para a saúde e a educación para o lecer, tal e como se detalla a continuación:

<b>Unidade</b>	<b>Elementos transversais</b>
<b>1</b>	<b>Educación para o Lecer:</b> a importancia de gozar de actividades de tempo libre. <b>Educación Moral e Cívica:</b> a importancia de probar novas actividades.
<b>2</b>	<b>Educación Ambiental:</b> a importancia de protexer a natureza. <b>Educación Moral e Cívica:</b> a importancia de traballar en equipo.
<b>3</b>	<b>Educación Ambiental:</b> a importancia de prepararse para o tempo que fai.

	<b>Educación para a Saúde:</b> a importancia da comida sa.
4	<p><b>Educación para a Paz:</b> a importancia de viaxar para ampliar a mente.</p> <p><b>Educación para o Consumidor:</b> a importancia de usar a tecnoloxía con moderación.</p> <p><b>Educación Moral e Cívica:</b> a importancia de contarlle á policía o que sabes dun delito.</p>
5	<p><b>Educación para a Saúde:</b> a importancia de previr as enfermidades.</p> <p><b>Educación para a Igualdade de ambos os dous sexos:</b> comprender que tanto os homes como as mulleres poden ser científicos ou inventores.</p>
6	<p><b>Educación para a Paz:</b> a importancia do traballo voluntario e de axudar aos demais.</p> <p><b>Educación para a Igualdade de ambos os dous sexos:</b> a importancia de compartir as tarefas domésticas entre homes e mulleres.</p>
7	<p><b>Educación Moral e Cívica:</b> a importancia de respectar as normas.</p> <p><b>Educación Ambiental:</b> a importancia de protexer as especies en perigo.</p>
<b>Tiger Tasks</b>	<p><b>Educación Ambiental:</b> a importancia de protexer a natureza.</p> <p><b>Educación para a Saúde:</b> a importancia de seguir consellos para manterse sans.</p> <p><b>Educación para o Lecer:</b> a importancia de gozar de actividades artísticas.</p>
<b>Festivals</b>	<b>Educación Moral e Cívica:</b> a importancia de respectar as festividades e celebracións doutros países.

## **20. Actividades complementarias e extraescolares**

Ao longo do curso realizaranse as seguintes actividades complementarias:

- *Halloween*
- *Christmas*
- *World Peace Day*
- *Easter*

Tamén cabe a posibilidade de traballar outras conmemoracións tendo en conta as actividades do centro.

Este curso as actividades complementarias serán todas a nivel de aula debido a situación sanitaria que estamos vivindo.

## **21. Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programación didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora**

Para avaliar a propia programación, deberanse ter en conta, a fin de ter unha avaliación positiva de todo o proceso de ensino-aprendizaxe, os seguintes indicadores:

- Desenvolvemento adecuado da programación.
- Relación entre os obxectivos e contidos e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias básicas.
- Adecuación dos obxectivos e contidos ás necesidades reais.
- Adecuación dos medios e metodoloxía ás necesidades reais.
- Grao de autonomía e esforzo na realización dos traballos.
- Grao de resultados académicos favorables.

Para a recollida desta información utilizaremos:

- Observación directa e sistemática do alumnado.
- Seguimento dos traballos realizados individualmente ou en grupo.
- Comprobación e interese da participación nas actividades individuais ou colectivas.
- Probas orais e escritas.
- Entrevistas ou diálogos directos cos tutores/as dos alumnos.

# PROGRAMACIÓN DIDACTICA

## Educación musical 20/21





# ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN
2. A LOMCE E O CURRÍCULO DE EDUCACIÓN PRIMARIA
3. OBXECTIVOS DE EDUCACIÓN PRIMARIA
4. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE
5. ENSINANZAS TRANSVERSAIS
6. BLOQUES DE CONTIDOS
7. OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. MÍNIMOS ESIXIBLES PARA UNHA AVALIACIÓN POSITIVA. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
8. METODOLOXÍA
9. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS
10. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS
11. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
12. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO
13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES
14. PROCEDEMENTOS E INDICADORES PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN E A PRÁCTICA DOCENTE
15. ACTUACIÓN DURANTE UN POSIBLE CONFINAMENTO

# 1. INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN

Esta programación levarase a cabo ao longo do curso 2020- 2021, partindo duns condicionantes, que poderán ser modificados dependendo das circunstancias de organización, respostas do alumnado, actividades externas....

A música está presente nas nosas vidas e forma parte do desenvolvemento artístico do alumnado de primaria. O propósito principal será o de favorecer a percepción e expresión musical, mediante actividades de escoita, de interpretación e de creación musical. As sesións serán o máis participativas posible.

Deseñamos esta programación, non só porque é a primeira das funcións do profesorado, senón porque programar aumenta a calidade educativa ao fixar uns fins, evitar a improvisación e adaptarse ao contexto no que se vai desenvolver.

O documento deriva dos obxectivos xerais da Etapa de Primaria formulados na LOMCE, e neles baseámonos para a selección e secuenciación de contidos, formulación de obxectivos e criterios de avaliación.

O CEIP “O COTO” está ubicado en Negreira, capital do Concello da comarca do Barcala. Ten unha poboación de 7.000 habitantes dos cales dous terzos están repartidos nas parroquias do medio rural.

A economía susténtase nos sectores agrario, gandeiro, e forestal. A industria ten escasa importancia agás a Cooperativa Feiraco de Negreira.

O sector terciario ocupa un 33% da poboación activa.

O Centro ten 7 unidades de Infantil e 18 de Primaria.

## 2. A LOMCE E O CURRÍCULO DE EP

A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, modificou a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, coa finalidade de desenvolver medidas que permitan seguir avanzando cara un sistema educativo de calidade, inclusivo, que garanta a igualdade de oportunidades e faga efectiva a posibilidade de que cada alumno e alumna desenvolva ao máximo as súas potencialidades.

A LOMCE modificou o artigo 6 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, para definir o currículo como a regulación dos elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe para cada unha das ensinanzas e o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

### **O currículo está integrado por:**

- Os obxectivos da etapa educativa.
- As competencias, ou capacidades para activar e aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza ou cada etapa educativa, para lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.
- Os contidos, ou conxuntos de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa e á adquisición de competencias. Os contidos ordénanse en disciplinas, que se clasifican en materias, ámbitos, áreas e módulos en función das ensinanzas, as etapas educativas ou os programas en que participe o alumnado.

- A metodoloxía didáctica, que comprende tanto a descrición das prácticas docentes coma a organización do traballo do persoal docente.
- Os estándares e resultados de aprendizaxe avaliáveis.
- Os criterios de avaliación do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa.

O currículo, así mesmo, regula a relación entre os obxectivos, os contidos, os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe avaliáveis e as competencias clave nas diferentes áreas.

A nova configuración curricular establece o agrupamento de **disciplinas en tres bloques**: troncais, específicas e de libre configuración autonómica.

A Educación Musical é unha das partes nas que se divide a área de Educación Artística, e encádrase dentro do bloque de disciplinas específicas. Está dividida en tres bloques: o primeiro referido á escoita, en que o alumnado indagará nas posibilidades do son; o segundo bloque comprende o desenvolvemento de habilidades para a interpretación musical; o terceiro bloque é o destinado ao desenvolvemento de capacidades expresivas e creativas desde o coñecemento e práctica da danza.

### 3.OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN PRIMARIA

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

#### 4. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

As competencias clave do currículo da Educación Primaria son as seguintes:

- Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (CAA).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

**Referidas á competencia en comunicación lingüística:**

1. Aprender un repertorio de cancións (orais e escritas) en lingua galega.
2. Aprender vocabulario e expresións locais en galego.
3. Utilizar a voz e o corpo como instrumentos de expresión e comunicación

**Referidas á competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía:**

1. Traballar a preescritura musical (concepto de liña e espazo).
2. Traballar visual e auditivamente e interpretar a proporción matemática dos musicogramas e a súa relación coa lonxitude da melodía.
3. Traballar as figuras xeométricas nas fichas do alumno.
4. Traballar as figuras xeométricas coas coreografías que acompañan ás cancións e danzas.

**Referidas á competencia dixital:**

1. Presentar os aparatos e soportes de tecnoloxía dixital e analóxica de son: radiocasete, cd, reprodutores mp3, mp4 ...
2. Utilizar métodos audiovisuais para ver e escoitar sons, instrumentos...

3. Empregar distintas fontes para a procura de información.
4. Aplicar criterios éticos no uso das novas tecnoloxías.
5. Empregar ferramentas dixitais para a construción do coñecemento.

**Referidas ás competencias sociais e cívicas:**

1. Desenvolver habilidades de cooperación para conseguir un resultado grupal satisfactorio.
2. Comprender a realidade da pluralidade social actual coa que convivimos e aprender a respectarnos.
3. Ter respecto e actitude de escoita nas intervencións individuais dos compañeiros.
4. Aceptar nas danzas e coreografías aos compañeiros sen discriminar a ninguén.
5. Coñecer, valorar e gozar do contorno natural, social e cultural, fomentando a súa conservación.
6. Participar nas actividades vocais, instrumentais e coreográficas de grupo con interese e sen inhibición.

**Referidas á conciencia e expresións culturais:**

1. Percibir e comprender o mundo que os rodea cando escoitan sons da súa contorna, gozando da mesma e valorándoa.
2. Ter curiosidade cara as fontes sonoras dos instrumentos que manexan na escola e os que soan nas audicións de música culta.
3. Valorar as cancións populares como expresión cultural dos pobos, enriquecendo a súa bagaxe cultural.
4. Valorar manifestacións culturais do folclore galego e doutras culturas.
5. Representar sons mediante expresión plástica.
6. Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.



7. escoitar, diferenciar e valorar os sons do medio no que viven.
8. Coñecer os instrumentos fixándose no material do corpo vibrante e na súa procedencia.
9. Expresar sentimentos e emocións dos códigos artísticos.

**Referidas á competencia para aprender a aprender:**

1. Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.
2. Aprender a ter capacidade autocrítica, reflexionando sobre o esforzo e logros acadados por medio da autoavaliación.
3. Ter iniciativa persoal na elaboración de fichas creativas.
4. Ter curiosidade e interese na aprendizaxe de conceptos musicais e interdisciplinares.
5. Aprender e practicar estratexias lingüísticas para realizar oralmente descrições dos sons que escoitan coa axuda dun apoio visual.
6. Xerar estratexias para aprender en distintos contextos.

**Referidas ao sentido de iniciativa e espírito emprendedor:**

1. Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
2. Desenvolver a confianza en si mesmos mediante as dramatizacións e as coreografías.
3. Fomentar o espírito de superación nas actividades individuais, grazas ás gabanzas e ánimos do profesorado.
4. Priorizar os obxectivos colectivos sobre os intereses persoais.
5. Superar as dificultades a través da constancia e do traballo diario.

6. Coordinar as tarefas e tempos do grupo na realización de traballos.

7. Transmitir entusiasmo para acadar obxectivos.

## 5. ENSINANZAS TRANSVERSAIS

- Empregar o corpo e o movemento como bases dun modo de comunicación entre distintas culturas.
- Valorar o patrimonio cultural galego.
- Apreciar a eficacia persoal nas actividades en grupo.
- Valorar e coidar os instrumentos empregados na clase.

Por tratarse esta dunha materia na que a maioría das actividades se desenvolven de xeito grupal, poremos especial atención nos seguintes:

- Fomentárase a **calidade, equidade e inclusión** educativa das persoas con discapacidade, a igualdade de oportunidades e non-discriminación por razón de discapacidade.
- Promoverase o desenvolvemento dos valores que fomenten a **igualdade efectiva entre homes e mulleres** e a prevención da violencia de xénero, e dos valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non-discriminación por calquera condición ou circunstancia.
- Evitaranse os comportamentos, **estereotipos e contidos sexistas**, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

## 6.BLOQUES DE CONTIDOS

- **Bloque 1. A escoita.** Procúrase que o alumnado tome conciencia dos sons que proceden do seu ámbito, así como das posibilidades sonoras dos materiais e dos obxectos do seu contexto. Faise fincapé na audición activa de manifestacións musicais de distintas orixes e no respecto no proceso da audición.
- **Bloque 2. A interpretación musical.** O alumnado é protagonista absoluto neste bloque, cuxo obxectivo é a creación de produtos musicais de diferentes estilos, usando diversas técnicas compositivas e con finalidades distintas. Centrémonos tamén en que o alumnado valore o traballo colaborativo, o respecto cara ás demais persoas e a avaliación con intención de mellorar.
- **Bloque 3. A música, o movemento e a danza.** Este derradeiro bloque está destinado ao desenvolvemento da expresividade e a creatividade do alumnado desde o coñecemento e a práctica da danza. Comézase pola coordinación motriz e a conciencia do desprazamento no espazo, e chégase finalmente ao nivel de creación e expresión de sentimentos co movemento.

## 7. OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. MÍNIMOS ESIXIBLES PARA UNHA AVALIACIÓN POSITIVA. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	SEXTO	
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo para superar a materia
<b>BLOQUE 1. ESCOITA</b>					
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ j</li> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Audición de música contemporánea, e investigación e valoración das posibilidades do son.</li> <li>▪ B1.2. Identificación e apreciación das calidades dos sons do contexto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son, de maneira que sirvan como marco de referencia para creacións propias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.1.1. Identifica, clasifica e describe as calidades dos sons do contexto natural e social, utilizando un vocabulario preciso.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>	<p>Aprécia as diferencias de estilo e sonoridades nas audicións musicais de distintas épocas e fai achegas persoais.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Identificación e apreciación de formas musicais sinxelas.</li> <li>▪ B1.4. Identificación a través da escoita de tipos de voces (soprano, contralto, tenor e baixo), instrumentos, variacións e contrastes de velocidade.</li> <li>▪ B1.5. Valoración e interese pola música de diferentes épocas e culturas, nomeadamente a galega.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.2.1. Distingue tipos de voces, instrumentos, variacións e contrastes de velocidade e intensidade, tras a escoita de obras musicais, con capacidade para emitir unha valoración destas.</li> <li>▪ EMB1.2.2. Interésase por descubrir obras musicais de diferentes características, e utilízalas como marco de referencia para as creacións propias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ h</li> <li>▪ a</li> <li>▪ d</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.6. Audición activa e comentada de música variada da nosa cultura e doutras culturas.</li> <li>▪ B1.7. Actitude atenta, silenciosa e respectuosa durante a audición de música e/ou na asistencia a representacións musicais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Coñecer exemplos de obras variadas da nosa e doutras culturas, para valorar o patrimonio musical, valorando a importancia do seu mantemento e da súa difusión, e do respecto co que deben afrontar as audicións e as</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.3.1. Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>	<p>Entende e cumpre as normas na asistencia a concertos ou calquera outro tipo de representación.</p>

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	SEXTO	
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo para superar a materia
		representacións.			
<b>BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN INSTRUMENTAL</b>					
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ j</li> <li>▪ e</li> <li>▪ k</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Exploración das posibilidades sonoras e expresivas da voz.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Entender a voz como instrumento e recurso expresivo, partindo da canción e das súas posibilidades para interpretar, crear e improvisar.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB2.1.1. Recoñece e describe as calidades da voz a través de audicións diversas, e recreaas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> </ul>	Entende a voz como un instrumento e explora as súas posibilidades.
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ j</li> <li>▪ b</li> <li>▪ d/a</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Interpretación de pezas con instrumentos de aula e/ou fruta doce.</li> <li>▪ B2.3. Interpretación, memorización e improvisación guiada de cancións a unha ou varias voces, desenvolvendo progresivamente a dicción, a afinación e a técnica vocal. Canon.</li> <li>▪ B2.4. Recoñecemento de tipos de instrumentos acústicos e electrónicos, agrupacións instrumentais e vocais, e rexistros da voz.</li> <li>▪ B2.5. Utilización das grafías convencionais na lectura, na escritura e na interpretación de cancións e de pezas instrumentais sinxelas.</li> <li>▪ B2.6. Gravación e rexistro das</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Interpretar composicións sinxelas que conteñan procedementos musicais de repetición, variación e contraste, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, asumindo a responsabilidade na interpretación en grupo e respectando tanto as achegas das demais persoas como a persoa que asuma a dirección.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB2.2.1. Recoñece e clasifica instrumentos acústicos e electrónicos, diferentes rexistros da voz, e agrupacións vocais e instrumentais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>	Interpreta na fruta cancións adecuadas o seu nivel.  Interpreta pezas vocais e instrumentais de diferentes épocas, estilos e culturas para distintos agrupamentos, con e sen acompañamento.
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB2.2.2. Utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>	
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB2.2.3. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>	
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB2.2.4. Interpreta pezas vocais e instrumentais de diferentes épocas, estilos e culturas para distintos agrupamentos, con e sen acompañamento</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>	

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	SEXTO	
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo para superar a materia
	<p>interpretacións para unha valoración e unha análise posteriores.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>B2.7. Interese pola mellora do proceso de interpretación e do resultado final.</li> <li>B2.8. Traballo cooperativo, asumindo as responsabilidades que lle correspondan e respectando as achegas das demais persoas do grupo.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB2.2.5. Coñece e interpreta cancións de distintos lugares, épocas e estilos, e valora a súa achega ao enriquecemento persoal, social e cultural.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CCEC</li> </ul>	
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB2.2.6. Amosa respecto polo traballo das demais persoas e responsabilidade no traballo individual e colectivo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> </ul>	Amosa respecto polo traballo das demais persoas
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB2.2.7. Analiza as interpretacións feitas, recoñece erros e amosa interese por traballar para corrixilos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> </ul>	Analiza os erros e traballa para corrixilos.
<b>BLOQUE 3. MÚSICA, MOVEMENTO E DANZA</b>					
<ul style="list-style-type: none"> <li>j</li> <li>b</li> <li>h/d</li> <li>o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.1. Identificación do corpo como instrumento. Indagación e valoración sobre as posibilidades expresivas e comunicativas do corpo en distintas representacións artísticas ou situacións cotiás.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.1. Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza, valorar a súa achega ao patrimonio, e gozar coa súa interpretación como unha forma de interacción social.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB3.1.1. Identifica o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CCEC</li> </ul>	
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB3.1.3. Coñece danzas de distintas épocas e lugares, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> </ul>	
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EMB3.1.8. Amosa respecto polas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> </ul>	

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	SEXTO	
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo para superar a materia
			demais persoas e colaboración con elas.		

**TEMPORALIZACIÓN:** os tres bloques de contidos trabállanse conxuntamente ao longo do curso escolar.

#### PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

	PROCEDEMENTOS		
I N S T R U M E N T O S	Escritos	Orais	Observación directa e sistemática
	<ul style="list-style-type: none"> <li>Tarefas diversas realizadas polo alumnado na actividade diaria da clase.</li> <li>Actividades de avaliación (fichas fotocopiáveis, probas escritas individuais...)</li> <li>Traballos de grupo na interpretación de pezas instrumentais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Preguntas individuais e en grupo.</li> <li>Intervencións na clase.</li> <li>Probas orais individuais</li> <li>Postas en común.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Rexistros de incidencias</li> <li>Ficha de rexistro individual do traballo na aula, participación, achega de material, etc.</li> <li>Rexistros dos resultados das probas escritas e orais.</li> </ul>

## **AVALIACIÓN DO PROCESO DE APRENDIZAXE**

A observación directa e sistemática convértese nun elemento de primeira orde, permitíndonos realizar un seguimento continuo do proceso educativo, valorando e axustando a intervención en función dos datos obtidos, da reflexión persoal e o contraste de experiencias. Igualmente as entrevistas coas familias, o diario de aula, a análise dos produtos do traballo diario e as probas orais, de carácter prácticas e escritas permitirán recoller de xeito organizado información individual sobre o devandito proceso proporcionando datos globais e pautas de actuación con cada alumno.

A avaliación entendémola como continua, global, formativa e integradora e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas do currículo. Serán tidos en conta todos os elementos que compoñen o currículo.

Contemplamos a avaliación do seguintes xeito:

**Avaliación inicial:** achega datos o punto de partida de cada alumno, proporcionando unha primeira fonte de información sobre os coñecementos previos e as características persoais, que permiten unha atención ás diferenzas e unha metodoloxía axeitada.

**Avaliación formativa:** concede importancia á evolución ao longo do proceso, indicando unha visión das dificultades e progresos de cada alumno/a.

**Avaliación sumativa:** establece os resultados ao termo do proceso total de aprendizaxe en cada período formativo e a consecución dos obxectivos. Será **individualizada**, centrándose na evolución de cada alumno partindo da súa situación inicial; **integradora**, para o que se contempla a flexibilidade na aplicación dos criterios de avaliación; e **orientadora**, dado que achega ao alumnado a información precisa para mellorar a súa aprendizaxe e adquirir estratexias axeitadas.

## **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**



1. O 25% da cualificación corresponderase coa valoración dos seguintes aspectos: Actividades diarias: fichas, práctica instrumental e vocal individual ou colectiva...
2. O 25% da cualificación valorará o esforzo, a atención e o interese, así como o comportamento e o cumprimento das normas.
3. O 20% corresponderase co exame práctico de interpretación musical.
4. O 30% restante corresponderase co exame teórico escrito.
5. No caso de que o alumno acumule máis de tres faltas de material nun trimestre, non se terán en conta os porcentaxes anteriores e non aprobará a materia.

**PROCEDEMENTO PREVISTO NESTA PROGRAMACIÓN PARA INTEGRAR, ORGANIZAR E DESENVOLVER AS APRENDIZAXES NON ADQUIRIDAS NO CURSO ANTERIOR.**

Todos os contidos que se pretendían traballar en quinto foron traballados, pero polas circunstancias do terceiro trimestre do 19-20 falta reforzo e afianzamento neses contidos. Polo que se terá en conta no primeiro trimestre do curso actual, práctica habitual como xa se viña facendo nos cursos anteriores, comezar o curso repasando e afianzando os contidos aprendidos anteriormente.

## 8. METODOLOXÍA

### PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

De acordo co Decreto 105/2014, as Orientacións Metodolóxicas para a Educación Primaria da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, os principios metodolóxicos que sustentan o tratamento desta programación son o enfoque globalizador e a consecución dunha aprendizaxe significativa. O enfoque globalizador supón a busca de conexións entre os diferentes contidos que adquiren sentido ao saír dun lugar común: a experiencia real e directa dos nenos e nenas. A aprendizaxe significativa require que os nenos e nenas establezan relacións entre as súas experiencias previas e as novas aprendizaxes mediante actividades que teñan interese e sentido e partan da súa vida cotiá. É preciso, polo tanto, considerar como outro dos eixes claves o tratamento da diversidade. Isto deriva nun ensino verdadeiramente individualizado que atenda as diferenzas persoais, e polo tanto esta programación articula medidas para dar resposta ás particularidades do grupo: emprego dos materiais e instrumentos que máis se axusten ás súas capacidades, diversificación de tarefas, creación e modificación de grupos de traballo cooperativo (ofrecendo modelos de agrupamento variados e flexibles), modificación dos tempos nas actividades e adaptación aos seus ritmos particulares.

Deste xeito, a metodoloxía a seguir é globalizada, **partindo da motivación, o interese e as inquietudes dos nenos e nenas**; activa, para permitirlle ao neno ser o axente da súa propia aprendizaxe a través da observación, experimentación, investigación e expresión; lúdica, xa que vai conducida a través do xogo; afectiva, a través dun clima de confianza e respecto para darlle ao alumnado seguridade e equilibrio necesarios para a formación e asentamento da estima en si mesmo; creativa, fomentando a autonomía e a produción propia; e participativa, socializada e comunicativa.

A Educación Musical é unha materia clave para conseguir unha boa interacción dos alumnos dentro do grupo-clase, polo seu carácter dinámico e grupal. Quérese dicir con isto que, na maior parte das actividades que se levan a cabo, a realización e o éxito individual pasa forzosamente por colaborar e traballar na mesma dirección co resto do grupo, polo que o respecto e a axuda dos e aos demais vai ser unha constante dentro da aula. Empregaranse diversas metodoloxías de diferentes pedagogos musicais como son Orff, Kodaly, Willems, Wuytack, etc., polo que terase en conta a participación, a creatividade, a imaxinación e o carácter lúdico, características recollidas nas citadas metodoloxías.

## 9. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS

No presente curso académico non é necesario falar de organización de espazos, xa que as clases de música levaranse a cabo na aula ordinaria dos alumnos, sendo o profesor o que se traslade de aula en aula.

## 10. MATERIAIS E RECURSOS DIDACTICOS

Na materia de música non utilizamos libro de texto, os materiais escritos son elaborados polo profesor e entregados en fotocopias os alumnos. Neste curso escolar, onde as clases se levaran a cabo na aula ordinaria, os materiais a utilizar serán:

- Ordenador con autosalantes.
- Proxector
- Frauta (utilizarémola para aprender a dixitación, pero non soarán na aula)
- Guitarra
- Palillos chinos (para algún exercicio de percusión)
- CD
- Audicións, vídeos, e diferentes recursos de internet como complemento da actividade educativa

## 11. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Terase en conta a atención a diversidade de niveis, estilos e ritmos de aprendizaxe, de intereses e capacidades dos alumnos.

- **ADAPTACIÓN CURRICULAR INDIVIDUALIZADA:** Os contidos nucleares da unidade didáctica preséntanse de forma máis pautada, con maior apoio gráfico, seguindo unha secuencia de aprendizaxe que facilita a adquisición de competencias por parte dos alumnos.
- **COMPETENCIAS E INTELIXENCIAS MÚLTIPLES:** Contémplase a diversidade de estilos cognitivos e de intelixencias en aprendizaxes coa lectura, co movemento, coa representación plástica, coa dramatización...

- PLANS INDIVIDUAIS dirixidos a alumnos que os requiren (estranxeiros, incorporación tardía, necesidades específicas de apoio educativo e altas capacidades) con fichas de reforzo e/ou ampliación.
- ACTIVIDADES MULTINIVEL: Posibilitan que os alumnos atopen, respecto ao desenvolvemento dun contido, actividades que se axustan ao seu nivel de competencia curricular, aos seus intereses, habilidades e motivacións.
- TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN.
- LECTURAS E CONSULTAS DE FORMA LIBRE.

## 12. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

Participarase activamente nas actividades propostas polo EDLG para desenvolver o plan de fomento do uso do galego. Nas diferentes conmemoracións participarase dende a aula de música dando maior peso ao repertorio musical tradicional galego.

### 13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Se a situación actual o permite, asistirase a concertos didácticos no Auditorio de Santiago de Compostela e no auditorio de Negreira, así como a outros que poidan xurdir ao longo do curso.

### 14. PROCEDEMENTOS E INDICADORES PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN E A PRÁCTICA DOCENTE

Seguindo as directrices acordadas na Comisión de Coordinación Pedagóxica elaboráronse os documentos que seguen, co fin de avaliar a práctica docente e a propia programación, tendo en conta estes indicadores:

- ✓ As aprendizaxes acadadas polo alumnado.
- ✓ As medidas de atención á diversidade.
- ✓ A programación e o seu desenvolvemento, a organización da aula, o aproveitamento dos recursos e os procedementos de avaliación do alumnado.
- ✓ A coordinación dos mestres e mestras do equipo docente.

Avaliación da proceso de ensino e de práctica docente	Escala			
(Indicadores de logro)	1	2	3	4
<b>Proceso de ensino:</b>				
1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				
5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				
6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?				
7.- Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE?				
8- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE?				
9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
10.-Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
10.-Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
11.-Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
12.-Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?				
<b>Práctica docente:</b>				
1.- Como norma xeral fanase explicacións xerais para todo o alumnado				

2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?				
3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade				
4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?				
5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?				
6.- Intercálase o traballo individual e en equipo?				
7.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				
8.- Incorporáanse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe				
9.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?				
10.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames,etc?				
11.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?				
12.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?				
13.- Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado?				
14.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				
15.- As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares				
16.- Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,.. ?				

## Avaliación da programación



<b>Obxectivos:</b>	Si	Non	Propostas de Mellora
Chegamos a un acordo acerca dos obxectivos do curso?			
Están secuenciados con respecto ao nivel anterior?			
Concretáronse o suficiente para poder orientar a nosa intervención educativa?			
Fan referencia ás competencias coas que a nosa materia se relaciona?			
<b>Contidos:</b>	Si	Non	Propostas de Mellora
Están secuenciados con respecto aos previstos no nivel inferior?			
Explicítanse os mínimos exixibles para este nivel?			
Relacionáronse de forma natural cos temas de carácter transversal?			
Planificáronse as relacións dos contidos desta materia cos doutras materias que cursa o alumnado, para dotar de sentido global e funcionalidade ás aprendizaxes?			
<b>As competencias básicas:</b>	Si	Non	Propostas de Mellora
Foron traballadas a totalidade das competencias básicas.			
Empregáronse recursos para o desenvolvemento das competencias básicas.			
Consideráronse as competencias básicas un elemento organizador do proceso educativo.			
<b>No relativo á metodoloxía.</b>	Si	Non	Propostas de Mellora
Utilizáronse recursos pedagóxicos necesarios?			

Os materiais curriculares que serven de apoio a esta Programación foron valorados e seleccionados nos seus aspectos técnico, curricular e de educación en valores?			
Foron adecuados os espazos previstos?			
Equilibrouse o uso dos distintos tipos de agrupamentos nas actividades: gran grupo, pequenos grupos, parellas e individualmente?.			
<b>No relativo coa avaliación</b>	Si	Non	Propostas de Mellora
Fíxose unha avaliación inicial real e útil			
As técnicas e instrumentos de avaliación facilitaron abundante información sobre os progresos de cada alumno e alumna?			
Definíronse correctamente os criterios de cualificación.			
Deseñáronse actividades de recuperación para o alumnado que o precisou			
Realizouse un adecuado seguimento do alumnado.			
<b>No que se refire á atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo:</b>	Si	Non	Propostas de Mellora
Coordináronse as medidas educativas que precisan coa Programación de Aula en canto a elementos organizativos (espazos, tempos, materiais, agrupamentos)?			
Coordináronse as medidas educativas que precisan coa Programación de Aula e en canto a elementos curriculares (obxectivos didácticos, contidos, explicacións, actividades, procedementos de avaliación)?			

## 15. ACTUACIÓN DURANTE UN POSIBLE CONFINAMIENTO

No caso hipotético de outro confinamento , xa sexa de todo o cole ou de algunha aula especifica, a materia de música podería seguir con total normalidade grazas á aula virtual, onde se subirán as fichas de elaboración propia que corresponda, ademais de un vídeo ou un arquivo sonoro explicativo do traballo para esa sesión, así como a corrección do traballo da semana anterior.

Manuel Sanmartín Malvárez.

CEIP “O Coto” Negreira.

# EDUCACIÓN FÍSICA

## PROGRAMACIÓN PARA 6º CURSO DE

### EDUCACIÓN PRIMARIA

CEIP O COTO. NEGREIRA



Curso: 2020/2021

Mestre: Celestino Caramés Gorgal

## ÍNDICE

1. Marco normativo .....	4
2. Programa de acollida .....	5
3. Consideracións iniciais .....	5
4. Principios xerais da Educación Primaria.....	6
5. Obxectivos xerais da Educación Primria.....	6
6. Area de Educación Física / Contextualización.....	7
6.1 Introdución / Características da área de E.F.....	7
6.2 Características do entorno e dos alumnos-as.....	10
6.3 Características psicoevolutivas do neno de 6º curso.....	10
7. Interdisciplinariedade.....	11
8. Competencias clave.....	12
9. Actividades de desenvolvemento das competencias clave.....	13
10. Obxectivos da área de E.F. para 6º de primaria.....	16
11. Contidos Curriculares.....	17
12. Relación entre os criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave / Mínimos esixibles para obter unha avaliación positiva.....	25
13. Aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior .....	33
14. Actividades de ensino-aprendizaxe.....	33
15. Avaliación.....	38
10.1 Probas específicas .Observación sistemática .....	39
10.2 Criterios concretos de cualificación .....	39
10.3 Instrumentos e procedementos de avaliación.....	38
10.4 Peso dos estándares de avaliación.....	40
16. Programa de reforzo para a recuperación da materia.....	47
17. Actividades complementarias e extraescolares.....	47
18. Plans e Proxectos.....	47
12.1 Accións previstas de acordo co plan lector.....	47
12.2 Accións previstas de acordo co plan de intergración das TIC. ....	48
14. Criterios para avaliar o proxecto educativo de E.F.....	49
15. Atención á diversidade / Actividades de aprendizaxe / Medidas de reforzo.....	50
16. Criterios metodolóxicos e organización.....	51
17. Material e recursos.....	53
18. Unidades didácticas.....	54
19. Temporalización.....	54

20. Contidos transversais.....	55
21. Saídas previstas.....	56
22. Lexislación .....	56
23 Bibliografía .....	58
1. Ficha de control, rexistro e avaliación do alumno-a, .....	59
2. Valor das probas obxectivas ( test), .....	60
3. Calendario escolar 2020-2021, .....	61
4. Descrición das unidades didácticas .....	63
5. Tabla do peso de cada estándar de aprendizaxe con respecto a cada Competencia clave coa que está relacionada.....	75

## Marco Normativo

**Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.**

A Lei organica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, modificou a Lei organica 2/2006, do 3 de maio, de educación, coa finalidade de desenvolver medidas encamiñadas cara a un sistema educativo de calidade que garanta a equidade, a igualdade de oportunidades, a atención a diversidade e que posibilite que cada alumno e cada alumna desenvolva ao máximo as súas potencialidades.

O currículo na Comunidade Autónoma de Galicia para as diferentes etapas educativas está establecido no Decreto 330/2009, do 4 de xuño, e o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

A Orde 365/2020, do 22 de abril, do Ministerio de Educación e Formación Profesional, pola que se establecen o marco e as directrices de actuación para o terceiro trimestre do curso 2019/2020 e o inicio do curso 2020/2021, determina que as administracións educativas poderán autorizar para todo ou parte do curso 2020/2021 unha organización curricular excepcional, que garanta a consolidación, adquisición, reforzo ou apoio das aprendizaxes afectadas pola situación do terceiro trimestre do curso 19-20, por parte de todo o alumnado.

Nas Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/2020, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, están determinadas liñas para a preparación do curso 2020/2021 co obxecto de que os centros e o profesorado organicen plans de recuperación e adaptación do currículo e das actividades educativas para o curso 2020/2021, coa finalidade de permitir o avance de todo o alumnado e especialmente do que ten máis dificultades.

A Orde EFP/561/2020, do 20 de xuño, pola que se publican acordos da Conferencia Sectorial de Educación, para o inicio e o desenvolvemento do curso 2020/2021 establece que as administracións educativas adoptaran as medidas que correspondan para dar resposta a posibles alteracións das actividades lectivas presenciais.

O Protocolo de Adaptación ao Contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020/2021, establece as medidas preventivas, colectivas e individuais, que deben adoptarse no inicio do desenvolvemento do curso escolar 2020/2021,

tanto polo persoal docente e non docente como polo alumnado e as súas familias, co obxectivo de protexer e previr no máximo posible o risco de contaxio por COVID-19.

Consecuentemente, tendo en conta a excepcionalidade do terceiro trimestre do curso escolar 2019/2020, así como a posibilidade de que se produza a necesidade de alternar determinados períodos de docencia presencial con outros de docencia non presencial durante o curso 2020/2021, faise imprescindible establecer adaptacións no marco da organización do currículo, da metodoloxía didáctica e da autonomía organizativa e pedagóxica dos centros docentes e os seu profesorado.

## Programa de acollida

Co fin de facilitar a incorporación do alumnado afectado pola suspensión da actividade lectiva presencial durante o curso 2019/2020, desenvolverase o Programa de acollida do centro nas dúas primeiras semanas do curso, coa organización de actividades globalizadas ( Novas normas de organización e funcionamento do centro, actuacións de prevención, hixiene e protección, accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial, atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.

## Consideracións iniciais

Nas circunstancias nas que estamos inmersos, diante dun curso que se presenta complicado, con incertidume e con posible alternancia de educación presencial e non presencial fago as seguintes consideracións:

Estableceranse nesta programación as adaptacións necesarias tomando como base as adaptacións xa feitas para o terceiro trimestre do curso 2019/2020 seguindo as **Instrucións de 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019-2020 nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.**

Dado as limitacións de espazos, material e agrupamentos para poder realizar determinados xogos e actividades deportivas, atendendo ao protocolo de inicio de curso do Covid-19, procurarase o benestar emocional dos alumnos-as, aportando tranquilidade sobre as adaptacións necesarias no día a día, sendo sensible ante posibles pequenas frustracións do alumnado pola imposibilidade de facer actividades ás que están acostumados na clase de E.F.



Será flexible en canto as actividades a realizar, aproveitando sempre as condicións meteorolóxicas favorables para a práctica deportiva exterior, na que dispomos de máis espazo que no ximnasio, no que as posibilidades de movemento se ven reducidas.

## **Principios xerais.**

A finalidade da educación primaria é facilitarlles aos alumnos e ás alumnas as aprendizaxes da expresión e da comprensión oral, a lectura, a escritura, o cálculo, a adquisición de noções básicas da cultura, os hábitos de convivencia, de estudo e de traballo, o sentido artístico, a creatividade e a afectividade, co fin de garantir unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade e de preparalos/as para cursaren con aproveitamento a educación primaria.

## **Obxectivos da educación primaria**

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permintan:

- a)** Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, preparárense para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b)** Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c)** Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d)** Coñecer, comprender e respectar as culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non-discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e)** Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- f)** Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situación cotiás.

**g)** Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.

**h)** Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.

**i)** Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciban e elaboren.

**j)** Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

**k)** Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

**l)** Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

**m)** Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

**n)** Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

**o)** Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, salientando as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galega

## Área de Educación Física

### Introducción:

A área de Educación física ten como finalidade principal a competencia motriz dos alumnos e das alumnas, entendida como un conxunto de coñecementos, procedementos, actitudes e sentimentos que interveñen nas múltiples interaccións que realiza un individuo no seu medio e cos demais e que permite que o alumnado supere os diferentes problemas

motrices propostos tanto nas sesión de Educación física como na súa vida cotiá; sempre de forma coherente e en concordancia ao nivel de desenvolvemento psicomotor, prestando especial sensibilidade á atención a diversidade nas aulas, utilizando estratexias inclusivas e sempre buscando a integración dos coñecementos, os procedementos, as actitudes e os sentimentos vinculados á conduta motora fundamentalmente. A competencia motriz, que non está recollida como unha das competencias clave, é fundamental para o desenvolvemento destas, especialmente as Competencias Social e Cívica, Aprender a Aprender, Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor, Conciencia e Expresións Culturais e Matemática e Científico Tecnolóxica , a Competencia en Comunicación Lingüística e a Competencia Dixital.

Na educación primaria, o alumnado explorará o seu potencial motor á vez que desenvolve todas as súas capacidades motrices. Isto implica mobilizar toda unha serie de habilidades motrices, actitudes e valores en relación co corpo, en diversas situacións de ensino-aprendizaxe, nas que a experiencia individual e colectiva permitan adaptar a conduta motriz a diferentes contornas. Nesta etapa, as competencias adquiridas deben permitir comprender o seu corpo, as súas posibilidades e desenvolver as habilidades motrices básicas con complexidade crecente a medida que se progresa nos sucesivos cursos. As propias actividades axudarán ademais a desenvolver a relación cos demais, o respecto, a atención especial á igualdade de xénero, entendendo as diferenzas en canto as capacidades psicofísicas entre as nenas e os nenos, os condicionantes dos estereotipos sociais, a colaboración, o traballo en equipo, o xogo limpo, a resolución de conflitos, o recoñecemento do esforzo para lograr metas, a aceptación de regras establecidas e o desenvolvemento da iniciativa individual. A Educación física ao longo da educación primaria ten no xogo o máis importante recurso como situación de aprendizaxe e ferramenta didáctica polo seu carácter motivador. Debemos destacar os xogos tradicionais galegos que xunto coas danzas e bailes propias de Galicia, supoñen un elemento importante de transmisión do noso patrimonio artístico e cultural ademais de fomentar as relacións interxeracionais. A proposta curricular de Educación física permitirá organizar as aprendizaxes dos alumnos e as alumnas ao longo do paso polo sistema educativo, tendo en conta o seu nivel madurativo, a lóxica interna das diversas actividades e aqueles elementos que afectan de maneira transversal a todos os bloques como son as capacidades físicas e coordinativas, os valores sociais e individuais e a educación para a saúde. As propostas didácticas deben incorporar a reflexión e a análise do que acontece e a creación de estratexias para facilitar a transferencia de coñecementos a outras situacións. O traballo por competencias integra un coñecemento de base conceptual, outro relativo ás destrezas e, por último, un con gran influencia social e cultural, que implica un conxunto de valores e actitudes. Para facilitar a concreción curricular de Educación física

establécense trece criterios de avaliación que se concretizan nos estándares de aprendizaxe avaliáveis. Estes permitirán definir os resultados da aprendizaxe, e concretarán mediante accións o que alumnado debe saber e saber facer na área de Educación física. Estes estándares están graduados e secuenciados ao longo da etapa e, unha vez finalizada esta, deberán estar todos acadados e consolidados.

Os contidos están distribuídos en seis grandes bloques:

- **Bloque 1. Contidos comúns.**
- **Bloque 2. O corpo: imaxe e percepción.**
- **Bloque 3. Habilidades motrices.**
- **Bloque 4. Actividades físicas artístico expresivas.**
- **Bloque 5. Actividade física e saúde.**
- **Bloque 6. Os xogos e as actividades deportivas.**

Esta agrupación non determina métodos concretos, responde a unha forma de organizar os contidos que deben ser abordados dun xeito enlazado atendendo á configuración cíclica do ensino da área, construíndo uns contidos sobre os outros, como unha estrutura de relacións observables de forma que se facilite a súa comprensión e aplicación en contextos cada vez máis enriquecedores e complexos. Tampouco implica unha organización pechada, pola contra, permitirá organizar de diferentes maneiras os contidos, adoptando a metodoloxía máis axeitada ás características destes e do grupo de alumnos e alumnas. Os contidos do bloque común, pola súa natureza transversal, traballarán ao longo do curso en combinación cos contidos do resto dos bloques dado que trata aspectos como: os valores que teñen por referente o corpo, o movemento e á relación coa contorna, a educación viaria, a resolución de conflitos mediante o diálogo e aceptación das regras establecidas, o desenvolvemento da iniciativa individual e de hábitos de esforzo, as actitudes, a confianza, o uso adecuado dos materiais e espazos e a integración das Tecnoloxías da Información e Comunicación. Como consecuencia de todo o anterior, establécense unha serie de orientacións metodolóxicas para a área que favorecerán un enfoque competencial, así como a consecución, consolidación e integración dos diferentes estándares por parte do alumnado:

A Educación física nesta etapa terá un carácter eminentemente global e lúdico, ata o punto de converter o xogo no contexto ideal para a maioría das aprendizaxes.

A selección dos contidos e as metodoloxías activas e contextualizadas deben asegurar o desenvolvemento das competencias clave ao longo de toda a etapa.

As estruturas de aprendizaxe cooperativo posibilitarán a resolución conxunta das tarefas e dos problemas, e potenciarán a inclusión do alumnado.

O profesorado debe implicarse na elaboración e deseño de diferentes tipos de materiais,

adaptados aos distintos niveis e aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe dos alumnos e alumnas, co obxecto de atender á diversidade na aula e personalizar os procesos de construción das aprendizaxes. Débese potenciar o uso dunha variedade de materiais e recursos, considerando especialmente a integración das Tecnoloxías da Información e a Comunicación.

Favoreceranse metodoloxías que teñan a súa base no descubrimento guiado, a resolución de problemas, o traballo por retos ou a cooperación.

Deberá buscarse a implicación das familias como un factor clave para facer dos nosos alumnos e alumnas suxeitos activos na xestión da súa saúde e na adquisición de hábitos de vida saudable.

Finalmente, é necesaria unha axeitada coordinación entre o persoal docente sobre as estratexias metodolóxicas e didácticas que se utilicen. Os equipos educativos deben formular con criterios consensuados unha reflexión común e compartida sobre a eficacia das diferentes propostas metodolóxicas.

## **Características do entorno e dos alumnos e alumnas**

O colexio está situado practicamente no centro de Negreira, unha vila de interior a poucos km de Santiago de Compostela. É unha vila ben comunicada que leva medrando dende hai uns anos e que o segue facendo na actualidade a un ritmo maior, co que os servizos vanse incrementando. Cabe destacar que na vila de Negreira está asentada un número importante de familias procedentes de Marruecos e que teñen escolarizados ós nenos e nenas no centro educativo. Salvo algunha excepción na que pasan algunha tempada fóra, asisten con regularidade e están totalmente integrados.

O desenvolvemento de xogos ou de actividades cooperativas favorecerá a adquisición de multitude de valores e de competencias

## **Aspectos psicoevolutivos do neno de 6º curso**

### **Desenrolo psicomotor**

Paso do movemento global ó diferenciado. Independencia funcional  
Independencia esquerda-dereita, de brazos e pernas respecto do tronco. Transposición do coñecemento de si mesmos ao coñecemento dos demais. Autonomía á hora de preparar e realizar unha tarefa. Ten completamente desenvolvida a súa lateralidade. En orientación espacial pasará do espazo proxectivo a un verdadeiro espacio no que

respecte proporcións e medidas. É capaz de estimar duracións con certa precisión. Por todas estas evolucións é a etapa máis idónea para a práctica de xogos de equipo.

## **Desenrolo socioafectivo**

Xorden as primeiras diferenzas entre o comportamento social de nenos e nenas. Identificación sexual. Redución do grupo de amigos: creación das cuadrillas cunha vinculación estreita entre os seus membros. Oposición ao mundo social e idade dos segredos. Boa relación co adulto e mestre. Inicio da puberdade aparición da intimidade.

- Etapa da madureza infantil: reactivación das tendencias infantís reprimidas, que contrasta con comportamentos de adolescente ou que se achegan ao adulto. Xorden os "populares", os "líderes" e os "rexeitados".

## **Desenrolo intelectual**

Comeza o período do pensamento abstracto. Separación do mundo interior do exterior e constitución dun sistema de valores relativamente complexo con regras de xogo, condutas sociais. Non soamente acumula datos senón que é capaz de formular hipótese explicando cousas. Vai adquirindo un dominio paulatino da atención, en función do interese que esperta na actividade, pero non será ata máis tarde cando apareza o hábito de entender. A imaxinación sofre unha detención porque todo coñecemento debe pasar pola comprobación.

## **Interdisciplinariade**

A realidade é un todo globalizador dos elementos que a compoñen e que se relacionan entre si. As disciplinas ou áreas non nos din como é a realidade, senón que son e ofrecen diferentes medios, instrumentos, métodos e modelos para coñecer e interpretar a realidade única e global. As diferentes disciplinas deben instrumentalizar ao alumno e á alumna para que estes se acheguen á realidade con esquemas cada vez máis claros e precisos. Cada disciplina ofrece un enfoque da realidade dende o seu punto de vista e dándolle o matiz pertinente á súa área. Un enfoque específico da área esixirá unha coordinación no nivel, co fin de que a programación dalgúns contidos, que se poidan abordar dende diversas áreas, sexa integradora, progresiva e complementaria. É obrigada mencionar a relación significativa e importante entre a área de Educación Física e a de Educación Artística, tendo como teñen

ambas as dúas áreas contidos tan conectados.

- \* A situación dun obxecto no espazo. - Distancias, desprazamentos, ángulos e xiros como elementos de referencia. -Sistemas de coordenadas cartesianas
- \* A representación elemental do espazo. -Planos, mapas e maquetas.
- \* A orientación e os puntos cardinais. -Utilización de técnicas para orientarse mediante a observación dos elementos do medio (sol, estrelas, árbores, solainas, etc.) e o compás
- \* O espazo e o tempo individual e de relación. -Orientación, dirección e traxectoria
- \* Aspectos básicos das funcións de relación (sensacións e movementos), nutrición (circulación, respiración). Identificación e localización dos principais órganos e aparatos
- \* Prácticas de relaxación, respiración...
- \* Aspectos musicais e expresivos da canción e a peza instrumental: -Musicais: ritmo, melodía, harmonía e forma. -Expresivos: intensidade, tempo.
- \* Utilización do corpo como instrumento de percusión: xesto sonoro e recurso vocal.
- \* Calidades do son: duración, intensidade..
- \* O espazo e o tempo individual e de relación: -Ritmo, duración, velocidade, etc.
- \* Sistemas e elementos de comunicación non verbal: a imaxe, o son, e o xesto e o movemento corporal. -Outros elementos de comunicación non verbal: son, xesto e movemento corporal.
- \* O movemento expresivo: pantomima. expresión corporal e danza.
- \* Dramatización e simulación da cooperación e dos conflitos entre grupos sociais e culturais.
- \* Participación responsable na toma de decisións do grupo, achegando as opinións propias e respectando as dos demais.

É obxecto tanto da E. F. como da Artística, especialmente nos ámbitos de Música e Dramatización, o control corporal en relación coa tensión, a relaxación e a respiración, así como o espazo que é abordado dende a experiencia física do movemento corporal. Finalmente, o tempo é un contido en Educación Física o tratamento da cal é similar ao que se ofrece en Educación Artística, pois nunha e outra se afronta o ritmo, a duración e a secuencia.

## **Competencias clave.**

As competencias clave do currículo serán as seguintes:

**1ª. Comunicación lingüística (CCL).**

**2ª. Competencia matemática e C. en ciencia e tecnoloxía (CMCT).**

**3ª. Competencia dixital (CD).**

**4ª, Aprender a aprender (CAA).**

**5ª. Competencias sociais e cívicas (CSC).**

## 6ª. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

## 7ª. Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Potenciarase o desenvolvemento da competencia de comunicación lingüística e da competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

### Actividades de desenvolvemento das competencias clave:

**Competencia en comunicación lingüística.** A educación física desenvolve esta competencia desde varias perspectivas, pero, en todas elas, grazas á variedade de intercambios comunicativos que permite, á parte do vocabulario específico que achega.

**Competencia matemática e ciencias da tecnoloxía.** Certas actividades que se realizan en educación física e contribúen ao desenvolvemento da competencia matemática son:

\* Apreciación de distancias, de traxectorias ou de velocidades nos lanzamentos, nas recepcións, nos golpes

e en calquera tarefa de manipulación que se faga con móbiles, desenvolvendo tamén a percepción espacial.

\* A ocupación do espazo de acción, a dispersión, o agrupamento... Estes aspectos inflúen na boa adquisición das habilidades perceptivas e son importantes na maioría das actividades que se fan, especialmente nos deportes.

\* A formación de figuras xeométricas co corpo, tanto individualmente como en grupo (xogos de roda, distribución en ringleiras...) ou con distintos materiais (cordas, ladrillos de psicomotricidade...)

\* Interpretación de símbolos: por exemplo, ao traballar a orientación hai que entender a relación entre o que está representado no plano e a realidade, polo que resulta imprescindible interpretar os símbolos máis básicos.

**Competencia social e cívica, aprender a aprender, sentido da iniciativa e espírito emprendedor, conciencia e expresións culturais.** Algunhas achegas a estas competencia son as seguintes:

\* Aumento da percepción: búscase enriquecer a percepción e o control do propio corpo



(esquema corporal), do espazo e do tempo, mellorando deste xeito o coñecemento do mundo que nos rodea e as relacións coas demais persoas e cos obxectos.

\* Exploración e coñecemento doutros medios (acuático, natural, neve...): algunhas das actividades da área de educación física realízanse no medio natural ou incluso no medio acuático, o cal axudará o alumnado a coñecer as diferenzas, as súas características, os distintos espazos...

\* Mellora da saúde e da calidade de vida: entendida como o estado de completo benestar físico, mental e social, e non só como ausencia de enfermidade. A mellora na condición física (especialmente no terceiro ciclo) ten numerosas repercusións na saúde: diminución do peso corporal, aumento das cavidades do corazón, do ton muscular, da autoestima... Tamén contribúen á mellora da saúde e da calidade de vida o traballo da hixiene corporal, a adquisición de hábitos alimenticios axeitados, o rexeitamento da ingestión de substancias prexudiciais, así como a práctica de hixiene postural en accións cotiás e propias da actividade física. Tratamento da información e competencia dixital. A área de educación física contribúe a esta competencia desde os seguintes puntos de vista:

\* Por unha banda, as nenas e os nenos aprenden a valorar criticamente as mensaxes referidas ao corpo, procedentes dos medios de información e de comunicación, que poden danar a imaxe corporal. Ademais deben saber seleccionar a información importante.

\* Por outra banda, o alumnado ten que ser quen de atopar a información usando as TIC: bases de datos, procesadores de texto, tratamento da imaxe, utilización da internet como ferramenta de busca... Debe amosar un dominio básico de diferentes linguaxes (icónica, visual, sonora, gráfica...) e un coñecemento dos tipos de información, das súas fontes, das súas posibilidades e da súa localización. Competencia social e cidadá. As características da educación física, especialmente no que se refire á dinámica de relacións, presente nas sesións, fana axeitada para a educación en habilidades sociais:

\* Cun axeitado enfoque metodolóxico e didáctico, faranse grandes achegas a esta competencia: a busca de obxectivos grupais comúns nun xogo cooperativo, o diálogo e a toma de decisións compartidas, as estratexias de cooperación ou oposición nos deportes, a comunicación... son un medio eficaz para facilitar a relación, a integración, o respecto, a cooperación e a solidariedade.

\* A educación física conciencia e axuda a ter en conta ás demais persoas nas actividades propostas, a confiar nelas, a participar colectiva e grupalmente, a asumir os diferentes papeis e as regras do xogo, a compartir o éxito e o fracaso do equipo, a discutir e elixir representantes,

normas, funcións... aceptando as posibilidades e limitacións propias e alleas, independentemente do sexo, da raza, das crenzas, das características físicas...

\* Atenderase ao xogo limpo, responsabilizándose cadaquén da integridade do resto de participantes. No caso do xurdimento de conflitos, resolveranse por medio da negociación, baseada no diálogo.

\* Apreciando a parte artística de certas execucións motrices. Potenciando o desenvolvemento estético, a creatividade, a imaxinación, a dramatización, a expresión. Deste xeito, as manifestacións artísticas significarán unha fonte de gozo e enriquecemento persoal, valorando criticamente as mensaxes difundidas. Entendendo algunhas manifestacións da motricidade

humana como feitos culturais presentes en todas as culturas e civilizacións. Competencia para aprender a aprender. O logro desta competencia ten relación coa metodoloxía e coa maneira de presentar as tarefas na organización do proceso de ensino-aprendizaxe:

\* Aprender a aprender por medio das actividades cooperativas, en que o grupo-clase ten que buscar a colaboración e as achegas de todas as persoas que o compoñen, favorecendo o diálogo, a busca, o consenso, o razoamento e a comprensión das ideas achegadas polas e polos demais.

\* O axeitado coñecemento de si mesma e de si mesmo, do propio corpo, das posibilidades de acción, do contorno que nos rodea, dos demais compañeiras e compañeiros así como a comprensión dos patróns de movemento realizados para transferir a outras accións que favoreza o coñecemento das propias capacidades e a autoestima.

\* Do mesmo xeito, as estratexias que cada nena e neno desenvolven con respecto ao autocontrol e ao control da actividade, regulando os seus movementos e accións e respondendo aos obxectivos propostos, favorecerán o feito de aprender a aprender. Autonomía e iniciativa persoal. A educación física aborda a autonomía e a iniciativa persoal do alumnado desde varias perspectivas:

\* Mellorando o coñecemento do seu propio corpo e do contorno ao estruturar o esquema corporal, así como a percepción do espazo e do tempo, de maneira que se gañe progresivamente autonomía e se fagan os movementos máis ricos e variados.

\* Incrementando o nivel de habilidades e de capacidades e, en consecuencia, a autonomía e a iniciativa persoal.

\* Utilizando unha metodoloxía que favoreza a exploración: os estilos de ensino que potencian a busca creando dúbidas nos coñecementos adquiridos ata o momento incrementan a

capacidade do alumnado para realizar as accións con progresiva autonomía. A metodoloxía empregada tenderá á adquisición de aprendizaxes significativas, polo que é preciso que os contidos sexan coherentes desde un punto de vista obxectivo co nivel evolutivo e madurativo do alumnado.

Desta maneira, conseguirase unha alta motivación, xa que as aprendizaxes terán conexión coas inquiredanzas, necesidades e capacidades de cada neno e de cada nena.

Na etapa de educación primaria preténdese que todas as áreas curriculares estean relacionadas entre si (interdisciplinariedade). Os contidos impartidos nelas deben ter conexión e o profesorado das diferentes áreas deberá estar coordinado e programar globalmente, o que favorecerá que os nenos e nenas perciban as aprendizaxes transmitidas como parte dun todo, relacionadas, cohesionadas e con coherencia. Estruturar as aprendizaxes segundo a centros de interese pode ser unha boa alternativa para afianzar os coñecementos e garantir a calidade educativa. Partirase de estilos de ensino que favorezan a busca, a indagación e a investigación, implicando aspectos mentais nas execucións motrices. O descubrimento guiado ou a resolución de problemas baseándose en propostas motrices levará as alumnas e os alumnos a investigar, razoar e chegar a unha ou varias posibles solucións.

O xogo é un recurso metodolóxico que debe utilizarse para gran parte dos contidos que se traten. Está sobradamente demostrada polas correntes pedagóxicas actuais a idoneidade deste para acadar as aprendizaxes propostas. O xogo ten un carácter natural, está presente nas persoas case desde o nacemento e pode ser multidisciplinar. Cómpre destacar os tradicionais de Galicia, que nun pasado tiveron gran difusión, e que sendo transmitidos de xeración en xeración

Finalmente, é preciso prestar especial atención á eliminación das diferenzas sexistas, buscando a igualdade de oportunidades para os dous sexos co fin de chegar así a unha verdadeira «coeducación física».

### **Obxectivos da Área de Educación Física para 6º curso de E. Primaria.**

- Adaptación ás novas circunstancias debido ao Covid-19 ( Hábitos, rutinas, agrupamentos, tarefas,...)
- Tomar conciencia da posición do corpo e do seu control en situacións que non sexan cotiás nin habituais.
- Acepta-la súa realidade corporal, empregando o xogo como recurso. Realizar e organizar xogos no seu tempo libre.

- Sistematiza-los aprendizaxes anteriores en canto a hábitos alimenticios, hixiánicos e medidas de seguridade.
- Dosifica-lo esforzo mediante o coñecemento das propias capacidades e as dos compañeiros.
- Mostrar boa disposición para calquera tipo de actividade física, acadando o máximo rendemento de si mesmo.
- Solucionar problemas de estructuración espacio-temporal creados pola introducción de elementos máis complexos.
- Resolver problemas nos que diminúa o tempo empregado segundo sexa a selección de forma e tipo de movemento, executándoos de xeito satisfactorio.
- Recoñecer e valora-la capacidade de resolver problemas motores de un mesmo e dos compañeiros.
- Tomar conciencia do ton, relaxación e equilibrios estático e dinámico en situacións diferentes.
- Apreciar correctamente diferentes traxectorias de móbiles en situacións lúdicas.
- Adapta-las capacidades físicas básicas e destrezas motoras a outros medios descoñecidos.
- Manifestar solidariedade e compañeirismo en calquera actividade física.
- Coñece-las estratexias básicas do xogo ( cooperación, oposición, cooperación/oposición ).
- Distinguir entre deportes consolidados, e deportes adaptados a eles.
- Aumenta-la competencia motora mediante os deportes adaptados.
- Valorar, coñecer e practicar diferentes deportes, adaptados e alternativos.
- Coñecer actividades deportivas de diferentes Comunidades e o entorno no que se desenrolan.
- Ocuparse do mantemento tanto dos materiais como dos lugares nos que se practican os deportes aprendidos.
- Imitar movementos de complexidade progresiva, partindo de modelos establecidos
- Transmitir diferentes sensacións e estados de ánimo, utilizando as posibilidades que nos ofrece o noso corpo en movemento.
- Recoñecer sensacións, ideas e estados de ánimo nos outros compañeiros mediante os acenos e os movementos.

## CONTIDOS CURRICULARES

ÁREA	EDUCACIÓN FÍSICA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA				

ÁREA	EDUCACIÓN FÍSICA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ k</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a das demais persoas</li> <li>▪ B1.2..Adopción de actitudes de colaboración, tolerancia, respecto e resolución pacífica dos conflitos na práctica de xogos e outras actividades físicas.</li> <li>▪ B1.3. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias da práctica da actividade física.</li> <li>▪ B1.4. Actitudes de aceptación, respecto e valoración cara a un mesmo, aos compañeiros e compañeiras e ao medio.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Opinar coherentemente con actitude crítica tanto desde a perspectiva de participante como de espectador ou espectadora, ante as posibles situacións conflitivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións das demais persoas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.1.1. Adopta unha actitude crítica ante as modas e a imaxe corporal dos modelos publicitarios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.1.2. Explica aos seus compañeiros e compañeiras as características dun xogo practicado na clase e o seu desenvolvemento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.1.3. Recoñece e cualifica negativamente as condutas inapropiadas que se producen na práctica ou nos espectáculos deportivos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.1.4. Demostra un nivel de autoconfianza axeitada ás súas capacidades.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.5. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, relacionada coa área.</li> <li>▪ B1.6 Integración das tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Extraer e elaborar información relacionada con temas de interese na etapa, e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar e extraer a información que se lle solicita.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.2.2. Presenta os seus traballos atendendo as pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza, e utilizando programas de presentación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.2.3. Expón as súas ideas de forma coherente e exprésase de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ k</li> <li>▪ l</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.7. Implicación activa en actividades motrices diversas, recoñecendo e aceptando as diferenzas individuais no nivel de habilidade.</li> <li>▪ B1.8. Uso correcto de materiais e espazos na práctica da Educación</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e ás demais persoas nas actividades físicas, en distintos contornos incluíndo a natural e nos xogos, aceptando as normas e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.3.2. Demostra autonomía e confianza en diferentes situacións, resolvendo problemas motores con espontaneidade e creatividade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>

ÁREA	EDUCACIÓN FÍSICA		CURSO	SEXTO
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>física.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>B1.9. O coidado do corpo e a consolidación de hábitos de hixiene corporal.</li> <li>B1.10. Coñecemento da normativa básica de circulación en rúas e estradas.</li> <li>B1.11. Identificación e respecto, ao realizar saídas fóra do colexio, dos sinais básicos de tráfico que afectan aos peóns e peoas e ás persoas ciclistas.</li> </ul>	<p>regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.</li> <li>EFB1.3.4. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.</li> <li>EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.</li> <li>EFB1.3.6. Recoñece e respecta as normas de educación viaria en contornos habituais e non habituais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CSIEE</li> <li>CAA</li> <li>CSC</li> <li>CSC</li> <li>CAA</li> <li>CSC</li> <li>CAA</li> </ul>
<b>BLOQUE 2. O CORPO: IMAXE E PERCEPCIÓN</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>b</li> <li>k</li> <li>m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.1. Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a das demais persoas mostrando unha actitude crítica cara ao modelo estético-corporal socialmente vixente.</li> <li>B2.2. Seguridade, confianza nun mesmo e nas demais persoas.</li> <li>B2.3. Autonomía persoal: autoestima, expectativas realistas de éxito.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.1. Valorar, aceptar e respectar a propia realidade corporal e a das demais persoas, mostrando unha actitude reflexiva e crítica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.</li> <li>EFB2.1.2. Toma de conciencia das esixencias e valoración do esforzo que comportan as aprendizaxes de novas habilidades.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CAA</li> <li>CSC</li> <li>CAA</li> <li>CSIEE</li> </ul>
<b>BLOQUE 3. HABILIDADES MOTRICES</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>b</li> <li>j</li> <li>k</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.1. Adaptación da execución das habilidades motrices a situacións de práctica de complexidade crecente, con eficiencia, seguridade e creatividade.</li> <li>B3.2. Realización combinada de desprazamentos, saltos, xiros, lanzamentos e recepcións.</li> <li>B3.3. Adaptación das</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB3.1.1. Adapta os desprazamentos a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural.</li> <li>EFB3.1.2. Adapta a habilidade motriz básica de salto a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CCEC</li> <li>CAA</li> <li>CSIEE</li> <li>CSC</li> <li>CCEE</li> <li>CAA</li> <li>CSIEE</li> </ul>

ÁREA	EDUCACIÓN FÍSICA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>habilidades motrices a contornos de práctica non habituais que favorezan toma de decisións, con seguridade e autonomía: o medio natural.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.4. Control e dominio motor e corporal desde unha formulación previa á acción.</li> <li>▪ B3.5. Mellora das capacidades físicas básicas de forma xenérica e orientada á execución das habilidades motrices, recoñecendo a influencia da condición física na mellora destas.</li> <li>▪ B3.6. Autonomía e confianza nas propias habilidades motrices en situacións e contornos non habituais.</li> <li>▪ B3.7. Valoración do esforzo e o traballo ben executado desde o punto de vista motor como base para a propia superación.</li> <li>▪ B3.8. Disposición favorable a participar en actividades físicas diversas aceptando as propias posibilidades e limitacións, así como a existencia de diferenzas no nivel de habilidade.</li> </ul>		<p>mantendo o equilibrio postural.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB3.1.3. Adapta as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción, golpeo etc.) a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, aplicando correctamente os xestos e utilizando os segmentos dominantes e non dominantes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEE</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB3.1.4 Aplica as habilidades motrices de xiro a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, tendo en conta os tres eixes corporais e os dous sentidos, e axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEE</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB3.1.5. Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB3.1.6. Realiza e propón actividades físicas e xogos no medio natural ou en contornos non habituais, adaptando as habilidades motrices á diversidade e incerteza procedente do contorno e ás súas posibilidades.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<b>BLOQUE 4. ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO EXPRESIVAS</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> <li>▪ j</li> <li>▪ k</li> <li>▪ m</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. O corpo e o movemento. Exploración, conciencia e gozo das posibilidades e recursos da linguaxe corporal.</li> <li>▪ B4.2. Recoñecemento</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, de forma estética e creativa, comunicando sensacións, emocións e ideas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB4.1.1. Representa personaxes, situacións, ideas, sentimentos, utilizando os recursos expresivos do corpo individualmente, en parellas ou en grupos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEE</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB4.1.2. Representa ou expresa de forma creativa</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEE</li> </ul>

ÁREA	EDUCACIÓN FÍSICA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>e utilización creativa das zonas corporais e compoñentes do movemento expresivo: espazo, tempo e a intensidade. Zonas corporais: de equilibrio (pernas e pés), de forza (centro de gravidade corporal), de autoridade (peito, ombreiros, brazos) e expresiva (rostro, mirada e pescozo).</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.3. Expresión e comunicación de sentimentos e emocións individuais e compartidas a través do corpo, o xesto e o movemento.</li> <li>▪ B4.4. Execución de bailes ou danzas do folclore popular galego valorando a importancia da súa conservación e difusión. Execución de danzas do mundo valorando a diversidade como factor de enriquecemento individual e colectivo.</li> <li>▪ B4.5. Participación na composición e execución de producións grupais a partir de estímulos rítmicos, musicais, poéticos... Elaboración de bailes, coreografías simples ou montaxes expresivas.</li> </ul>		<p>movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais, individualmente, en parellas ou grupos.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB4.1.3. Coñece, propón e leva a cabo bailes e danzas representativas da cultura galega e doutras culturas, seguindo unha coreografía establecida.</li> <li>▪ EFB4.1.4. Constrúe e leva a cabo composicións grupais en interacción cos compañeiros e compañeiras utilizando os recursos expresivos do corpo e partindo de estímulos musicais, plásticos ou verbais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> </ul> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> <li>▪ j</li> <li>▪ k</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.6. Desenvolvemento das habilidades motrices básicas, xenéricas e específicas e da condición física, participando en actividades artístico expresivas.</li> <li>▪ B4.7. Recoñecer e valorar a posibilidade</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades artístico-expresivas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB4.2.1. Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nas actividades expresivas.</li> <li>▪ EFB4.2.2. Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> </ul> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> </ul>



ÁREA	EDUCACIÓN FÍSICA		CURSO	SEXTO
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	de cambiar as montaxes ou coreografías de actividades artístico-expresivas (espazos, materiais, tempos...) para adaptalas ás necesidades do grupo.		mellora das habilidades motrices implicadas nas actividades artístico-expresivas.	
<b>BLOQUE 5. ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ k</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Autonomía na hixiene corporal (vestimenta e aseo tras o exercicio) e adquisición de hábitos posturais e alimentarios saudables (incluída a correcta hidratación durante e despois do exercicio).</li> <li>▪ B5.2. Recoñecemento dos beneficios da actividade física na saúde integral da persoa e identificación crítica das prácticas pouco saudables (sedentarismo, abuso do lecer audiovisual, adicción ás novas tecnoloxías, consumo de tabaco ou alcohol...). Valoración do xogo e o deporte como alternativas aos hábitos nocivos para a saúde.</li> <li>▪ B5.3. Adquisición de hábitos de quecemento (global e específico), de dosificación do esforzo e recuperación, necesarios para previr lesións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB5.1.1. Interésase por mellorar as capacidades físicas.</li> <li>▪ EFB5.1.2. Relaciona os principais hábitos de alimentación coa actividade física (horarios de comidas, calidade/cantidade dos alimentos inxeridos etc.).</li> <li>▪ EFB5.1.3. Recoñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde e os prexudiciais do sedentarismo, dunha dieta desequilibrada e do consumo de alcohol, tabaco e outras substancias.</li> <li>▪ EFB5.1.4. Adopta e promove hábitos posturais axeitados na súa vida cotiá e na práctica da actividade física, recoñecendo a súa importancia para saúde.</li> <li>▪ EFB5.1.5. Realiza os quecementos de forma autónoma e sistemática, valorando a súa función preventiva.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ k</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.4. Mellora da condición física orientada á saúde en función do desenvolvemento psicobiolóxico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.2. Mellorar o nivel das súas capacidades físicas, regulando e dosificando a intensidade e duración do esforzo, tendo en conta as súas posibilidades e a súa relación coa saúde.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB5.2.1. Mostra unha mellora global con respecto ao seu nivel de partida das capacidades físicas orientadas á saúde.</li> <li>▪ EFB5.2.2. Identifica a súa frecuencia cardíaca e respiratoria, en distintas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> </ul>

ÁREA	EDUCACIÓN FÍSICA		CURSO	SEXTO
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			intensidades de esforzo.	
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB5.2.3. Adapta a intensidade do seu esforzo ao tempo de duración da actividade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CSIEE</li> <li>CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB5.2.4. Identifica o seu nivel comparando os resultados obtidos en probas de valoración das capacidades físicas e coordinativas cos valores correspondentes á súa idade</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CMCCT</li> <li>CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>k</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.5. Recoñecemento e aplicación das medidas básicas de prevención e seguridade na práctica de actividade física en relación coa execución motriz, ao uso de materiais e espazos.</li> <li>B5.6. Valoración da actividade física como factor esencial no mantemento e mellora da saúde. Aprecio, gusto e interese polo coidado do corpo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.3. Identificar e interiorizar a importancia da prevención, a recuperación e as medidas de seguridade na realización da práctica da actividade física.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB5.3.1 Explica e recoñece as lesións e enfermidades deportivas máis comúns, así como as accións preventivas e os primeiros auxilios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CAA</li> <li>CSC</li> <li>CMCCT</li> </ul>
<b>BLOQUE 6. OS XOGOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>a</li> <li>b</li> <li>k</li> <li>m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B6.1. Uso adecuado das estratexias básicas dos xogos relacionadas coa cooperación, a oposición e a cooperación-oposición.</li> <li>B6.2. Aceptación e respecto cara ás normas, regras e persoas que participan no xogo. Elaboración e cumprimento dun código de xogo limpo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B6.1. Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB6.1.1. Utiliza os recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en diferentes situacións motrices.</li> <li>EFB6.1.2. Realiza combinacións de habilidades motrices básicas axustándose a un obxectivo e a uns parámetros espazo-temporais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CSIEE</li> <li>CAA</li> <li>CAA</li> <li>CSIEE</li> <li>CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>d</li> <li>k</li> <li>m</li> <li>o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B6.3. O xogo e o deporte como fenómenos sociais e culturais. Práctica de xogos e actividades deportivas de</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B6.2. Coñecer, valorar e poñer en práctica a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas, en especial as de Galicia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB6.2.1. Expón as diferenzas, características e/ou relacións entre xogos populares, deportes colectivos, deportes individuais e actividades natureza.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CCEE</li> <li>CAA</li> <li>CSC</li> </ul>

ÁREA	EDUCACIÓN FÍSICA		CURSO	SEXTO
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	diferentes modalidades con dificultade crecente. ▪ B6.4. Coñecemento, práctica e valoración dos xogos e deportes tradicionais de Galicia. Coñecemento e práctica de xogos doutras culturas.		▪ EFB6.2.2. Recoñece a riqueza cultural, a historia e a orixe dos xogos e os deportes tradicionais de Galicia.	▪ CCEC ▪ CAA ▪ CSC
			▪ EFB6.2.3. Realiza e pon en valor distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia respectando os principios e regras específicas destes.	▪ CCEC ▪ CAA ▪ CSC
▪ a ▪ b ▪ k	▪ B6.5. Desenvolvemento das habilidades motrices básicas, xenéricas e específicas e da condición física, participando en xogos predeportivos e en predeportes. Recoñecer e valorar a posibilidade de cambiar as regras de xogo (espazos, materiais, tempos...) para adaptalas ás necesidades do grupo. ▪ B6.6. Uso adecuado das estratexias básicas dos xogos relacionadas coa cooperación, a oposición e a cooperación-oposición.	▪ B6.3. Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades físico-deportivas.	▪ EFB6.3.1. Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nos exercicios.	▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CAA
			▪ EFB6.3.2. Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices.	▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CSC
			▪ EFB6.3.3. Distingue na práctica de xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición.	▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CSC
			▪ EFB6.3.4. Describe os exercicios realizados, usando os termos e coñecementos que sobre o aparello locomotor se desenvolven na área de Ciencias da natureza.	▪ CMCCT ▪ CCL ▪ CSC ▪ CAA
▪ k ▪ l ▪ n ▪ o	▪ B6.7. Iniciación ao deporte de orientación (colexio, parque, medio natural). Toma de contacto co compás. Participación na organización e desenvolvemento de xogos de orientación. ▪ B6.8. Práctica responsable de actividades físicas lúdicas e deportivas nas saídas á contorno natural de Galicia. ▪ 6.9. Coñecemento, goce, coidado e valoración da natureza.	▪ B6.4. Manifestar respecto cara á contorno e o medio natural nos xogos e actividades ao aire libre, identificando e realizando accións concretas dirixidas á súa preservación.	▪ EFB6.4.1. Faise responsable da eliminación dos residuos que se xeran as actividades no medio natural.	▪ CSC ▪ CAA
			▪ EFB6.4.2. Utiliza os espazos naturais respectando a flora e a fauna do lugar.	▪ CSC ▪ CAA

## MINIMOS ESIXIBLES

AREA	CA	EA	C_clave	MÍNIMO ESIXIBLE
E.F.	B1.1. Opinar coherentemente con actitude crítica tanto desde a perspectiva de participante como de espectador ou espectadora, ante as posibles situacións conflitivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións das demais persoas.	EFB1.1.1. Adopta unha actitude crítica ante as modas e a imaxe corporal dos modelos publicitarios.	CSC, CAA, CSIEE	Adopta unha actitude crítica ante as modas e a imaxe corporal dos modelos publicitarios.
E.F	B1.1. Opinar coherentemente con actitude crítica tanto desde a perspectiva de participante como de espectador ou espectadora, ante as posibles situacións conflitivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións das demais persoas.	EFB1.1.2. Explica aos seus compañeiros e compañeiras as características dun xogo practicado na clase e o seu desenvolvemento.	CCL, CAA, CSC	Explica aos seus compañeiros e compañeiras algunha característica dun xogo practicado na clase e o seu desenvolvemento
E.F	B1.1. Opinar coherentemente con actitude crítica tanto desde a perspectiva de participante como de espectador ou espectadora, ante as posibles situacións conflitivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións das demais persoas.	EFB1.1.3. Recoñece e cualifica negativamente as condutas inapropiadas que se producen na práctica ou nos espectáculos deportivos.	CSC, CAA, CSIEE	Recoñece e cualifica negativamente algunhas condutas inapropiadas que se producen na práctica ou nos espectáculos deportivos.
E.F	B1.1. Opinar coherentemente con actitude crítica tanto desde a perspectiva de participante como de espectador ou espectadora, ante as posibles situacións conflitivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións das demais persoas.	EFB1.1.4. Demostra un nivel de autoconfianza axeitada ás súas capacidades.	CSC, CSIEE, CAA	Demostra un nivel de autoconfianza axeitada ás súas capacidades.
E.F	B1.2. Extraer e elaborar información relacionada con temas de interese na etapa, e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área.	EFB1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar e extraer a información que se lle solicita.	CD, CAA	Emprega as novas tecnoloxías para localizar e extraer algunha información que se lle solicita.
E.F	B1.2. Extraer e elaborar información relacionada con temas de interese na etapa, e	EFB1.2.2. Presenta os seus traballos atendendo as pautas	CCL, CD, CAA	Presenta os traballos solicitados con un mínimo de orde e limpeza

	compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área.	proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza, e utilizando programas de presentación.		
E.F	B1.2. Extraer e elaborar información relacionada con temas de interese na etapa, e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área.	EFB1.2.3. Expón as súas ideas de forma coherente e exprésase de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais.	CCL, CSC	Expresase de forma fluida e intelixible, respectando aos demais.
E.F	B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e ás demais persoas nas actividades físicas, en distintos contornos incluíndo a natural e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.	EFB1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.	CSC, CAA	Participa na maioría das actividades propostas e intenta mellorar a súa competencia.
E.F	B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e ás demais persoas nas actividades físicas, en distintos contornos incluíndo a natural e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.	EFB1.3.2. Demostra autonomía e confianza en diferentes situacións, resolvendo problemas motores con espontaneidade e creatividade.	CSIEE, CAA, CCEC	Aborda a maioría das actividades de forma autónoma, resolvendo problemas motores con espontaneidade e creatividade
E.F	B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e ás demais persoas nas actividades físicas, en distintos contornos incluíndo a natural e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.	EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.	CSC, CSIEE, CAA	Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo a maioría de veces.
E.F	B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e ás demais persoas nas actividades	EFB1.3.4. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.	CSC	Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.

	físicas, en distintos contornos incluíndo a natural e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.			
E.F	B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e ás demais persoas nas actividades físicas, en distintos contornos incluíndo a natural e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.	EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.	CSC, CAA	Acepta o roll que lle toca e asume os resultados nos xogos
E.F	B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e ás demais persoas nas actividades físicas, en distintos contornos incluíndo a natural e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.	EFB1.3.6. Recoñece e respecta as normas de educación viaria en contornos habituais e non habituais.	CSC, CAA	Recoñece e respecta as principais normas de educación viaria en contornos habituais e non habituais
E.F	B2.1. Valorar, aceptar e respectar a propia realidade corporal e a das demais persoas, mostrando unha actitude reflexiva e crítica.	EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.	CSC, CAA	Respecta aos demais na competencia motriz e na realidade corporal.
E.F	B2.1. Valorar, aceptar e respectar a propia realidade corporal e a das demais persoas, mostrando unha actitude reflexiva e crítica.	EFB2.1.2. Toma de conciencia das esixencias e valoración do esforzo que comportan as aprendizaxes de novas habilidades.	CSC, CAA, CSIEE	E consciente do esforzo necesario para a adquisición de novas habilidades.
E.F	B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.	EFB3.1.1. Adapta os desprazamentos a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural.	CSC, CCEC, CAA, CSIEE	E capaz de adaptarse mediante o movemento a cambios na realización de actividades.
E.F	B3.1. Resolver situacións motrices con	EFB3.1.2. Adapta a habilidade	CSC,	Salta en diferentes contornos

	diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.	motriz básica de salto a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural.	CCEE, CAA, CSIEE	actividades e adaptase a parámetros espazo-temporais
Os criterios para avaliar o este prexecto de Educación Física atinxen a todos os apartados expresados. Logo de cada trimestre farase o axuste necesario e ao final do curso farase unha valoración global donde se reflexionará sobre os contidos propostos, consecución de obxectivos, aquelas partes nas que se atoparon dificultades, aspectos mellorables, disposición

de material e instalacións, etc , que quedarán reflectidos na memoria final de curso.

## **Atención á diversidade.** Actividades de Ensino-aprendizaxe e Medidas de Reforzo.

Tomaranse as medidas axeitadas en cada momento para favorecer a integración e a non discriminación por características de raza, sexo, económicas ou sociais. Terase en conta que as actividades, a tarefa motriz está relacionada cos conceptos de habilidade e destreza. É no desenrolo dunha tarefa donde o alumno e a alumna pon de manifesto , amosa ou debe amosar o nivel de habilidade ou destreza acadado.

As actividades serán fundamentalmente motrices, de predominio enerxético pero tamén estará presente o aspecto informacional e o expresivo e afectivo. Polo que respecta á estrutura, e dicir: referido á maior ou menor concisión con que quedan expresados os elementos que compoñen a tarefa ( obxectivos a lograr, criterios de éxito, operacións a facer, disposición e utilización de material...) deixaráselle marxe para a asimilación persoal dos alumnos-as, expresando estes-as a súa propia personalidade a través do movemento polo que se entrelazarán actividades definidas, semidefinidas e non definidas donde cada quen terá que probar e dicidir a mellor solución ante unha tarefa determinada.

Un criterio importante será adaptar as tarefas ós alumnos e alumnas e consideralas desde o punto de vista da súa dificultade, deste xeito, terei en conta a seguinte reflexión de Sánchez Bañuelos :

*“ ¿ O grado de dificultade da tarefa correspóndese con nivel de execucion do alumno/a ?. E se isto é afirmativo ¿ Cal sería a progresión escalonada da aprendizaxe ? , e por outro lado ¿ En que aspectos concretos presenta dificultades a tarefa e como se adecua á mellora das habilidades que pretendemos derenrolar ? “. Ter en conta esta reflexión permitírame traballar en termos de esixencia de aprendizaxe, acercándome ós requirimentos individuais dos/as alumnos/as e ás súas disponibilidades para enfrontar cada actividade, tendo en conta o Mecanismo de Percepción, o Mecanismo de Decisión e o Mecanimo de Execución e Control.*

No tratamento das habilidades máis específicas terei en conta que estas son unha combinación das habilidades básicas polo que o criteio a seguir será o ir do xeral cara ó específico. En xeral poñerei o acento na análise e estudio da conducta do suxeto, o alumno/a que realiza as accións e menos na análise das actividades ou tarefas en si mesmas.

En canto á organización do Grupo será fundamentalmente por subgrupos, aportando unha maior dose de individualidade á ensinanza, de tal forma que poidan conseguirse grupos o máis homoxeneos posibles coidando que non afloren relacións sociais negativas nen posibles actitudes humillantes para cos menos dotados ou a posible separación nenos-nenas.

Aproveitarei o recurso do xogo e das formas xogadas para platear moitas actividades, tratando que sexan motivantes e que permitan a participación plena e tamén que estén adaptadas ás diferencias individuais, introducindo os reforzos educativos que fosen necesarios.

Terei como punto de partida o desenvolvemento motor e atenderéi á evolución das capacidades físicas no individuo e á evolución das capacidades motrices.

## **Critérios metodolóxicos e organización.**

A metodoloxía será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real. Procurarase a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terase en conta os seus distintos ritmos e estilos de aprendizaxe e nivel de partida, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo. Nas sesións será globalizadora, lúdica, fomentando a exploración e o descubrimento, a creatividade e a valoración das propias posibilidades, empregando o xogo e as formas xogadas como recurso principal.

A metodoloxía nas sesións será globalizadora, participativa e lúdica, fomentando a exploración e o descubrimento, a creatividade e a valoración das propias posibilidades, empregando o xogo e as formas xogadas como recurso principal.

Segundo o obxectivo a acadar empregarase calquera dos seguintes métodos:

- **Conducido:** máxima intervención do mestre/a empregando a repetición e a demostración, cun estilo de aprendizaxe de mando directo.
- **Semiconducido:** intervención media do mestre/a; é unha aprendizaxe polo descubrimento guiado.
- **Non conducido:** mínima intervención do mestre; é unha aprendizaxe mediante a busca, dando grande importancia a creatividade do neno/a.

Mediante os métodos semiconducido e non conducido foméntase a iniciativa persoal do neno/a, a súa creatividade, autonomía e desenvolvemento afectivo-social co resto dos compañeiros/as, aprendendo a valorar a importancia do outro/a no proceso de ensino-aprendizaxe.

Preténdese que os alumnos e alumnas exploren, descubran e crean nas súas posibilidades de movemento, xunto a unha valoración das mesmas. Prestaremos especial

atención ós coñecementos previos que teñan os alumnos e alumnas, e ás súas diferencas específicas . Todo isto lévanos a unha atención individualizada, que responda ós diferentes ritmos de aprendizaxe e que respecte as dificultades que cada alumno poida atopar.

Non hai que conseguir unha resposta motriz única e válida para tódolos alumnos, senón mellora-la súa competencia motriz con respecto ó punto de partida.

O neno a través de xogos de ocupación do espazo e de exercitar aspectos temporais, aprende a utilizar e organiza-lo movemento. Máis adiante combina aspectos de espazo e tempo en estruturas máis complexas. Trataremos de desenrolar nos alumnos capacidades motrices e habilidades e destrezas básicas para futuras prácticas da actividade física. Establécense situacións nas que se deben dar unhas respostas motrices, coma a realización de diferentes tipos de xogos, cunha dificultade gradual.

As situacións de ensino-aprendizaxe contemplan contidos propios da expresión corporal, que nestas idades danse moi relacionadas cos contidos e habilidades perceptivas e esquema corporal, e ademais, actividades xenéricas de ensino/aprendizaxe con contidos de expresión e comunicación.

Dentro da área de Educación Física sistematizamos contidos referentes á saúde corporal e incluímos procedementos e actitudes considerados beneficiosos para o coidado que require o corpo.

- *O obxectivo principal e prioritario é o de tomar tódalas medidas necesarias para evitar accidentes. Estas medidas afectarán ó material empregado, ás instalacións e ós recursos humanos, polo que as actividades a facer estarán sempre en función das condicións nas que se deben levar a cabo as actividades para minimizar calquer risco ( chan mollado ou húmido, etc)*
- As agrupacións de alumnos serán as que determine en cada momento, individual, por parellas, pequeno grupo, grupo clase, etc.

## **Criterios metodolóxicos educación non presencial**

Traballaranse contidos fundamentalmente, mediante LIM ( Libro Multimedia Interactivo), nos que se abordan aspectos informacionais relacionados fundamentalmente cos deportes e actividades deportivas, nos que os alumnos teñen que visualizar unha información para logo ir superando con acerto as distintas situacións que se lle presentan mediante formas xogadas interactivas, contribuíndo ao logro das competencias clave. Tamén se propoñen exercicios motrices por medio de fichas informativas, xogos motrices e realización de bailes e coreografías sinxelas individuais a

través de videos.

## **Material e recursos.**

Contamos no CEIP O Coto con abundante material para o desenrolo da área de E.F. e as instalacións son tamén suficientes. En todo caso serán os dispoñibles en cada momento no centro, empregando só o material que estea en bo estado e as instalacións que permitan un desenvolvemento normal das actividades físicas e deportivas.

Atendendo ó criterio principal de preservar a seguridade e integridade do alumnado, non se realizará actividade física cando os espazos previstos para este fin non teñan e presenten unhas condicións aceptables. As actividades previstas para cando non se poidan utilizar os espazos para a práctica de actividades deportivas son as seguintes:

- Elaboración de material para E.F. como pelotas malabares, pelotas cometa,
- Realización de traballos escritos.
- Emprego da aula de informática para realización de traballos, visualización de contidos propios de cada ciclo: aparato locomotor, circulatorio,
- Realización de fichas na aula ordinaria.
- Visualización dalgún video relacionado con deportes.

## **Material e recursos educación non presencial**

- Fundamentalmente empregarase a aula virtual do centro educativo, facilitarase un correo electrónico e empregarase videoconferencia cando sexa necesario.
- Fichas pdf para completar, actividades LIM, videos



## UNIDADES DIDÁCTICAS / TEMPORALIZACIÓN 6º CURSO

Unidades didácticas	Nº Sesiones	Temporalización
<b>1º TRIMESTRE</b>		
1. COMEZAMOS O CURSO	5	Setembro
2. A MIÑA FORMA FÍSICA I	5	1ª, 2ª, 3ª semanas de outubro
3. APROXIMACIÓN AO ATLETISMO	5	4ª semana de outubro, 1ª e 2ª semana de novembro
4. XOGOS POPULARES	5	2ª, 3ª, 4ª semana de novembro
5. MÓVOME	5	decembro
<b>2º TRIMESTRE</b>		
6. Xogos alternativos	4	2ª,3ª semana de xaneiro
7. Iniciación ao badminton	4	4ª semana de xaneiro, 1ª semana de febreiro
8. Iniciación ao balonmán	4	2ª,4ª semana de febreiro
9. Iniciación ao baloncesto	4	1ª,2ª semana de marzo
10. A miña forma física II	4	3ª,4ª semana de marzo
<b>3º TRIMESTRE</b>		
11. Iniciación ao tenis	4	1ª, 2ª , 3ª semana de abril
12. Iniciación ao volei	4	4ª semana de abril, 1ª semana de maio
13. Xogos populares	4	2ª, 3ª semana de maio
14. A miña forma física III	4	4ª semana de maio ,1ª semana de xuño
15. MÓvome	4	2ª, 3ª semana de xuño

### Modelo de sesión de Santos Berrocal:

Fase de información.	2/3 min
Fase de animación .	7/8 min
Fase de logro de obxectivos	30 min
Fase de volta a calma.	5 min
Fase de análise de resultados.	3/4 min

## ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Ainda que os elementos transversais son tratados de forma interdisciplinar, a Educación Física é unha materia que contribúe de forma activa no desenvolvemento destes contidos, na súa introducción e na súa afirmación.

Os contidos transversais que se traballan na área de Educación Física son:

**Educación do Consumidor:** Trátase de estudar o tema do consumo en todas as súas vertentes cunha metodoloxía creativa e práctica, establecida en torno á experiencia persoal, que mostre os factores relacionados e implicados na actividade diaria, e de establecer comportamentos críticos e responsables en materia de consumo. Comprende distintos temas:

**A publicidade:** recoñecemento desta e análise, crítica e elaboración de anuncios en clase.

**A alimentación:** coñecer os procesos de produción e comercialización do produto, identificar as etiquetas e realizar unha compra equilibrada.

**A vivenda:** crear condutas que contemplan o uso correcto dos enseres e espazos da vivenda, o emprego de produtos domésticos que poidan resultar perigosos, e analizar o proceso de compra ou aluguer. Xogos, xoguetes e material escolar.

**Ecoloxía e consumo:** coñecer a incidencia do consumo no medio ambiente, as técnicas de reciclaxe e favorecer hábitos de aforro.

**O diñeiro, os bancos e a compra:** relacionar tipos de moedas, aforro, análise do proceso de compra, manexar pequenos orzamentos...

**Os servizos públicos.** Coñecer os servizos públicos .

**Saúde e seguridade.** Medidas de precaución para evitar accidentes e minimizar os riscos. Uso correcto do material e do propio corpo. Hábitos de higiene, de alimentación.

**Lecer e tempo libre:** valorar formas de tempo libre como a lectura e o xogo, dosificar o uso da televisión, contrastar prezo e carácter de diversos entretementos...

**Educación Ambiental** A través do coñecemento activo do contorno e de forma gradual implícase aos alumnos e alumnas na conservación e respecto do medio, formando unha mentalidade crítica e participativa , responsabilizando ao alumno dentro das súas posibilidades na preservación dos recursos. Pretendemos conseguir a creación de hábitos e actitudes con respecto á actuación individual no contorno.

**Educación Moral e Cívica** A mellor metodoloxía aplicable consiste no debate e o diálogo participativo e democrático baseado en situación e problemas reais, que son analizados mediante dúas técnicas .

**Discusión de dilemas morais:** baséase na discusión de breves historias que entrañen un conflito de valores, co cal o alumno crea argumentos e dúbidas ao redor dos valores

proprios, para restablecer o equilibrio de valores nun nivel de xuízo moral superior. **Clarificación de valores:** trátase de suscitar ao alumno unha revisión dos seus conceptos, crenzas e valores para conseguir que reflexione achega dos mesmos. Acódese para iso a unha lista de frases inacabadas ou a un conxunto de preguntas pechadas que obriguen ao alumno a expresar o seu punto de vista. A metodoloxía adecuada debe coidar especialmente a coherencia entre os contidos e os modos de educación na aula, potenciando a tolerancia, o intercambio de puntos de vista, a participación. Con este fin facilitarase a idea de paz positiva. Empregaremos diversas técnicas de cooperación e de participación, e recorreremos ás seguintes actividades: Estudo de casos, Técnicas de clarificación de valores, Análise de conflitos, Xogos de rol, Xogos de simulación.

**Educación para a Saúde.** Este tema reflíctese nunha referencia continua a prácticas que se consideran saudables, complementando toda actividade de aprendizaxe con hábitos que conllevan a comprensión e coidado da saúde, tanto no que se refire á asimilación dos conceptos, como na posta en práctica de actitudes e na realización de determinados procedementos en cada momento da vida da comunidade escolar. Os núcleos de elaboración destes contidos son principalmente: - Seguridade, prevención de accidentes e primeiros auxilios.. - Educación vial. - Coidados persoais: higiene e saúde- Alimentación saudable. - Uso de medicamentos e prevención de drogodependencias. - Prevención e control de enfermidades- Relacións humanas. Saúde mental. Afectividade e sexualidade. Os servizos sanitarios e a petición de axuda. - Medio ambiente e saúde.

### **Educación para a Igualdade de Ambos Sexos**

Este tema transversal é unha constante no desenvolvemento de todas as áreas e traballarase en tódolos niveis, fomentando a igualdade de oportunidades.

## **SAIDAS PREVISTAS**

Participamos no programa Xogade, na especialidade de campo a través e están previstas dúas saídas en horario lectivo entre o mes de decembro e Febreiro

É posible que este curso se supenda o programa polo Covid-19

## **Lexislación educativa e de centros escolares**

-A Lei Orgánica de Mellora da Calidade do Ensino (LOMCE) é a actual lei educativa en vigor, que nace como resultado dunha serie de modificacións realizadas sobre a anterior

lei (LOE).

**-Lei de educación - L.O.M.C.E** (Lei orgánica 8/2013 - BOE 10/12/13)

**-Lei de educación - L.O.E** (Lei orgánica 2/2006 - DOG 05/05/2006)

**-Currículum de primaria LOMCE - GALICIA** (decreto 105/2014 - DOG 9/9/2014)

**-Orde ECD/65/2015**, de 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato

**-A avaliación na educación primaria.** (Orde do 09/06/2016)

**-DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia** (DOG 21/12/2011)

**-Dereitos e deberes do alumnado e normas de convivencia en centros públicos** (decreto 732/1995 de 5 de maio - BOE 02/06/95)

**-Lei 4/2011 de convivencia e participación da comunidade educativa** (DOG 5/06/11)

**-Creación e regulación do observatorio galego de convivencia escolar - artigo 7 para centros educativos** - (decreto 84/2007 - DOG 08/05/07)

**Lei 2/2014 de 14 de abril, para a igualdade de trato e non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais de Galicia** (Capítulo V " Medidas no ámbito educativo")

**Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.**

**-A Lei organica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa,**

modificou a Lei organica 2/2006, do 3 de maio, de educacion, coa finalidade de desenvolver medidas encamiñadas cara a un sistema educativo de calidade que garanta a equidade, a igualdade de oportunidades, a atención a diversidade e que posibilite que cada alumno e cada alumna desenvolva ao máximo as súas potencialidades.

O currículo na Comunidade Autónoma de Galicia para as diferentes etapas educativas está establecido no Decreto 330/2009, do 4 de xuño, e o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

A Orde 365/2020, do 22 de abril, do Ministerio de Educación e Formación Profesional, pola que se establecen o marco e as directrices de actuación para o terceiro trimestre do curso 2019/2020 e o inicio do curso 2020/2021, determina que as administracións educativas poderán autorizar para todo ou parte do curso 2020/2021 unha organización curricular excepcional, que garanta a consolidación, adquisición, reforzo ou apoio das aprendizaxes afectadas pola situación do terceiro trimestre do curso 19-20, por parte de todo o alumnado.

Nas Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/2020, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, están determinadas liñas para a preparación do curso 2020/2021 co obxecto de que os centros e o profesorado organicen plans de recuperación e adaptación do currículo e das actividades educativas para o curso 2020/2021, coa finalidade de permitir o avance de todo o alumnado e especialmente do que ten máis dificultades.

A Orde EFP/561/2020, do 20 de xuño, pola que se publican acordos da Conferencia Sectorial de Educación, para o inicio e o desenvolvemento do curso 2020/2021 establece que as administracións educativas adoptaran as medidas que correspondan para dar resposta a posibles alteracións das actividades lectivas presenciais.

O Protocolo de Adaptación ao Contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020/2021, establece as medidas preventivas, colectivas e individuais, que deben adoptarse no inicio do desenvolvemento do curso escolar 2020/2021, tanto polo persoal docente e non docente como polo alumnado e as

súas familias, co obxectivo de protexer e previr no máximo posible o risco de contaxio por COVID-19.

## Bibliografía:

- Sánchez Bañuelos: Bases para una didáctica de la Educación Física y el deporte. (1989)
- Mosston M. (1993). La enseñanza de la Educación Física.
- Castañer e Camerino. (1991) . La educación Física en la Enseñanza Primaria.
- Blázquez. (1986) Iniciación a los deportes de equipo.
- Blázquez. (1999). Evaluar en Educación Física.
- Sántos Berrocal.
- Pérez y Verdes. Xogos populares en Galicia.

NOME		CURSO	
------	--	-------	--

	1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
ASISTENCIA			
ASEO			
INDUMENTARIA			
NORMAS			

**a) TEST / PRBAS OBXECTIVAS 25% (valor das probas en anexo nº 1) (cuantitativo+cualitativo)**

	1º TRI.	2º TRI.	3º TRI.
VELOCIDADE 0,3			
RESISTENCIA 0,3			
COORDINACIÓN 0,4			
SALTO H. 0,3			
AXILIDADE 0,3			
CIRCUITO H. 0,4			

**AVALIACIÓN** a =25% (2,5 ptos) + b =50% (5 ptos) + c =25% (2,5 ptos)

<b>NOTA 1º TRIMESTRE</b> a+b+c		<b>NOTA 2º TRIMESTRE</b> a+b+c		<b>NOTA 3º TRIMESTRE</b> a+b+c	
-----------------------------------	--	-----------------------------------	--	-----------------------------------	--

b) U.D.	50%	SESIÓNS	NOTA	U.D.	50%	SESIÓNS	NOTA	U.D.	50%	SESIÓNS	NOTA
1. Comezamos o curso	(5)			6. Xogos alternativos	(4)			10. Iniciación ao tenis	(4)		
E.A.: 1.1.1-1.1.2-1.2.3	1pto			E.A.: 1.3.2-3.1.5-3.1.6	1pto			E.A.:1.3.6-6.3.3-6.3.4	1ptos		
2. A miña forma física I	(5)			7. Iniciación ao badminton	(4)			11. Iniciación ao volei	(4)		
E.A.: 5.1.1-5.1.2-5.1.3	1pto			E.A.: 3.1.2-6.3.2	1pto			E.A.: 1.2.2-2.1.2-6.3.1	1pto		
3. Aproxima. ao atletismo	(5)			8. Iniciación ao baloncesto	(4)			12. A miña forma física III	(4)		
E.A.: 1.1.4-3.1.1-3.1.2	1pto			E.A.: 1.1.3-6.1.1	1pto			E.A.: 5.2.1-5.2.4-5.3.1	1ptos		
4. Xogos populares	(5)			9. Iniciación ao balonmán	(4)			13. Xogos populares	(4)		
E.A.: 1.2.1-6.2.2-6.2.3	1pto			E.A.: 3.1.3-3.1.4	1pto			E.A.: 6.2.1-6.4.1-6.4.2	1ptos		
5. Bailamos	(5)			9. A miña forma física	(4)			14. Danzamos	(4)		
E.A.:4.1.1- 4.1.2-4.2.1	1pto			E.A.: 5.1.4-5.2.2-5.2.3	1pto			E.A.: 4.1.3-4-1.4-4.2.2	1ptos		
<b>NOTA DA SUMA DAS U.D</b>				<b>NOTA DA SUMA DAS U.D</b>				<b>NOTA DA SUMA DAS U.D</b>			

NEE	
NEAE	

**OBSERVACIÓNS**


**d) AVALIACIÓN DE ESTÁNDARES COMÚNS 25%**

		1ª	2ª	3ª
<b>EFB1.3.1.</b> Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz	0,4			
<b>EFB1.3.3.</b> Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.	0,5			
<b>EFB1.3.4.</b> Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.	0,4			
<b>EFB1.3.5.</b> Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.	0,4			
<b>EFB2.1.1.</b> Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.	0,4			
<b>EFB5.1.5.</b> Realiza os quecementos de forma autónoma e sistemática, valorando a súa función preventiva.	0,4			

## ANEXO Nº 1 CUALIFICACIÓN DOS TEST FÍSICOS.

1º trimestre	VELOCIDADE, RESISTENCIA, COORDINACIÓN	25%
2º trimestre	SALTO H., AXILIDADE, CIRCUITO	25%
3º trimestre	VELOCIDADE, RESISTENCIA, COORDINACIÓN	25%

**Aspecto cuantitativo: 1 pto ( medición obxectiva segundo se especifica na tabla )**

**Aspecto cualitativo: 1.5 ptos ( Atención, interés, esforzo, actitude )**

### VELOCIDADE. DISTANCIA: 40 m ( non se ten en conta o tempo de reacción )

4º curso (segundos)	5º curso (segundos)	6º curso (segundos)	3%
Menos de 7 segundos	Menos de 6,5 segundos	Menos de 6,2 segundos	0.3
Entre 7,1 e 7,5 segundos	Entre 6,6 e 7 segundos	Entre 6,3 e 6,6 segundos	0.2
Máis de 7,5	Máis de 7	Máis de 6,6	0.1

### RESISTENCIA. TEST DE COURSE NAVETTE MUSICAL (Adaptado. Distancia de 9m)

4º curso (periodos)	5º curso (periodos)	6º curso (periodos)	3%
De 10 a 12	De 12 a 13	De 13 a 15 ( final )	0.3
Desde 7 ata 9,5	De 9 a 11,5	De 11 a 12,5	0.2
Menos de 7	Menos de 9	Menos de 11	0,1

### COORDINACIÓN. Slalon en ximnasio.

4º curso (segundos)	5º curso (segundos)	6º curso (segundos)	4%
Menos de 22 s	Menos de 21 s	Menos de 20 s	0.4
De 22s a 25 s	De 21s a 23 s	De 20s a 22 s	03
Máis de 25 s	Máis de 23 s	Máis de 22 s	0.2

### SALTO HORIZONTAL. Salto con pés xuntos detrás dunha liña

4º curso (metros)	5º curso (metros)	6º curso (metros)	3%
Máis de 1,25 m	Máis de 140 m	Máis de 1,60 m	0.3
De 22s	De 1,20 m a 1,39 m	De 1,30 m a 1,59 m	0,2
Máis de 25 s	Menos de 1,20 m	Menos de 1,30 m	0,1

### AXILIDADE . 4x9 metros. Distancia entre liñas de 9m.

4º curso (segundos)	5º curso (segundos)	6º curso (segundos)	3%
Menos de 14s	Menos de 13s	Menos de 12s	0.3
De 14 a 15	De 13s a 14s	De 12 s a 13s	0,2
Máis de 15s	Máis de 14s	Máis de 13s	0,1

### CIRCUITO de habilidades ( Mediante observación directa)

4º curso	5º curso	6º curso	4%
Moi ben	Moi ben	Moi ben	0.4
Ben	Ben	Ben	0.3
Mellorable	Mellorable	Mellorable	0,2



# Calendario escolar 2020-2021

## 2020

L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D
<b>SETEMBRO</b>							<b>OUTUBRO</b>							<b>NOVEMBRO</b>							<b>DECEMBRO</b>						
	1	2	3	4	5	6				1	2	3	4							1		1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13	5	6	7	8	9	10	11	2	3	4	5	6	7	8	7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20	12	13	14	15	16	17	18	9	10	11	12	13	14	15	14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27	19	20	21	22	23	24	25	16	17	18	19	20	21	22	21	22	23	24	25	26	27
28	29	30					26	27	28	29	30	31		23	24	25	26	27	28	29	28	29	30	31			
														30													

## 2021

L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D
<b>XANEIRO</b>							<b>FEBREIRO</b>							<b>MARZO</b>							<b>ABRIL</b>						
				1	2	3	1	2	3	4	5	6	7	1	2	3	4	5	6	7				1	2	3	4
4	5	6	7	8	9	10	8	9	10	11	12	13	14	8	9	10	11	12	13	14	5	6	7	8	9	10	11
11	12	13	14	15	16	17	15	16	17	18	19	20	21	15	16	17	18	19	20	21	12	13	14	15	16	17	18
18	19	20	21	22	23	24	22	23	24	25	26	27	28	22	23	24	25	26	27	28	19	20	21	22	23	24	25
25	26	27	28	29	30	31								29	30	31					26	27	28	29	30		

L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D
<b>MAIO</b>							<b>XUÑO</b>						
					1	2		1	2	3	4	5	6
3	4	5	6	7	8	9	7	8	9	10	11	12	13
10	11	12	13	14	15	16	14	15	16	17	18	19	20
17	18	19	20	21	22	23	21	22	23	24	25	26	27
24	25	26	27	28	29	30	28	29	30				
31													

Mes	Día	
Setembro	1, 2, 3, 4	Probas correspondentes á convocatoria extraordinaria do curso 2019/2020.
	10	Comezo das clases no 2.º ciclo de educación infantil, educación especial e educación primaria.
	16	Comezo das clases na ESO, Bacharelato, FP e ensinanzas de réxime especial.
Outubro	12	Día non lectivo. Día da Festa Nacional de España.
Decembro	7	Día non lectivo. Día do Ensino.
	8	Día non lectivo. Día da Inmaculada Concepción.
	23, 24, 25, 28, 29, 30, 31	Vacacións de Nadal.
Xaneiro	1, 4, 5, 6, 7	
Febreiro	15, 16, 17	Vacacións de Entroido.
Marzo	29, 30, 31	Vacacións de Semana Santa.
Abril	1, 2, 5	
Maio	17	Día non lectivo. Día das Letras Galegas.
Xuño	16, 17, 18, 21, 22	Probas correspondentes á convocatoria extraordinaria de 2º bacharelato.
	22	Remate das clases no 2.º ciclo de educación infantil, educación especial, educación primaria, educación secundaria obrigatoria, bacharelato e formación profesional.

## DESCRIPCIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS

### Desenvolvemento das unidades.

As sesións seguirán o esquema para o traballo de Educación Física na etapa de Primaria de SANTOS BERROCAL:

- 1. FASE DE INFORMACIÓN** (3-5 min): Breve explicación do que faremos na sesión .
- 2. FASE DE ANIMACIÓN** (6-8 min): Xogos e actividades de quecemento
- 3. FASE DE LOGRO DOS OBXECTIVOS** (25 min): Xogos e tarefas que desenvolven os contidos e que se dirixen á consecución dos obxectivos didácticos da unidade.
- 4. FASE DE VOLTA Á CALMA** (5 min): Actividades de recuperación e estiramientos.
- 5. FASE DE ANÁLISIS DOS RESULTADOS** (5 min): Grao de participación, satisfacción, dificultades atopadas,...

### 1- "Comezamos o curso"

Faremos fincapé no comezo do traballo de maneira progresiva. Repaso da forma de actuar, acollida de alumnos e alumnas, material que necesitaremos ,normas e procedementos do protocolo covid-19. Posibles necesidades do curso anterior. Tentarase asemade responsabilizar ao alumno do seu propio aseo, coñecer o quecemento como parte fundamental da actividade física, aceptar os diferentes roles que deben desempeñar nas distintas actividades, valorar a participación por encima dos resultados, interactuar positivamente con todos os compañeiros na medida do posible independentemente das súas características persoais e sociais e cumprir de bo grado as regras e normas da actividade.

Sesión 1	Acollida, Informacións
Sesión 2	Normas e rutinas na aula de E.F. / Adaptación ao protocolo covid-19
Sesión 3	Xogos de presentación / xogos motores
Sesión 4	Xogos motores
Sesión 5	Xogos motores

## 2. "A miña forma física "

En 6 deº de Primaria, expomos a realización de probas físicas que nos permitan un maior coñecemento das posibilidades do noso alumnado, do coñecemento por parte do alumno das súas limitacións e das súas virtudes así como da progresión que o crecemento vai outorgando. A recompilación de datos para poder elaborar unha base na que podamos identificar os problemas non visibles dunha forma habitual, así como poder detectar os posibles talentos, o cal nos podería permitir aconsellar unha actividade deportiva ou outra. Datos excesivamente por baixo da media pódennos poñer sobre alerta ante a posible presenza dun problema, o cal pode estar detectado polos medios ordinarios ou non. Uns resultados moi por encima da media pódennos enfrontar a un posible talento, aínda que se valorará o desenvolvemento físico e se este está acorde coa idade cronolóxica e tamén a maduración da persoa e a súa capacidade de aplicar a súa capacidade ao xogo.

As probas expostas abarcan as 4 capacidades físicas básicas:

Metodolóxicamente debemos encargarnos de motivar ao alumnado de modo que non sexa árida a execución das probas. Exporemos a realización das mesmas como un reto para si mesmos. Tamén lles implicaremos no posible na loxística de cada proba: medicións, colocación de balizas sinalizadoras de saída. chegada, etc ...

Sesión 1	O quecemento
Sesión 2	As capacidades físicas básicas
Sesión 3	Test de velocidade / pulso
Sesión 4	Test de course-navette ( adaptado )
Sesión 5	Test de coordinación

## 3. Aproximación ao atletismo

O sexto curso continuamos co tratamento de deportes. Ímonos a valer de modificacións dos regulamentos, variacións dos espazos e aplicación das normas que creamos oportunas en cada momento, para poder achegar cada deporte ao alumnado. Con todo, agora achámonos ante un deporte individual, o cal non nos permitirá aplicar as aprendizaxes anteriores xa que as súas situacións non presentan as condicións dos deportes colectivos. Entón por que nos achegamos ao atletismo na escola? A nosa xustificación apóiase nos seguintes argumentos:

- O atletismo reúne algunhas das máis importantes habilidades básicas: correr, saltar e lanzar. O ser humano valeuse da súa pericia física para sobrevivir desde tempos inmemoriais.

Posteriormente, a tecnoloxía liberounos, en gran parte, do emprego da capacidade física na subsistencia, o cal deixa a mesma nun papel secundario. O atletismo recupera esas habilidades e exponas como un reto contra un mesmo, contra a distancia, contra o reloxo, nun ambiente constante de superación do individuo .

-Presentación e tratamento do deporte desde o individual ao colectivo, desde o que a persoa pode facer por si mesma, até o que ten que facer xunto con outras persoas para conseguir o obxectivo. é unha formulación de progresión na aprendizaxe: do fácil ao difícil. é máis sinxelo correr unha carreira que colaborar con 10 compañeiros para conseguir meter un gol, por exemplo. e en terceiro lugar, é un deporte que está estreitamente relacionado coas C. F. B. (forza, resistencia, velocidade e flexibilidade), polo cal é moi proveitoso ver situacións prácticas onde poder aplicar as nocións teóricas traballadas.

Comezaremos cos aspectos máis elementais: técnica de carreira, carreiras de velocidade, saltos horizontais e algún lanzamento, como o peso, que non requira un traballo técnico excesivo. Por suposto, a contorna lúdica seguirá impregnando a unidade, do mesmo xeito que todo o noso proxecto, facendo do atletismo unha actividade agradable ao alumnado.

Sesión 1	Introducción ao atletismo / técnica de carreira
Sesión 2	Xogos de relevos
Sesión 3	Saltos
Sesión 4	Lanzamentos
Sesión 5	Saltos / lanzamentos

## 4. Xogos populares

Mediante esta unidade didáctica buscamos mellorar a condición física, desenvolver as habilidades físicas básicas (desprazamentos, lanzamentos e recepcións), divulgar xogos populares propios da comarca e da rexión, *recuperar* xogos populares da localidade de escasa práctica na actualidade e que tenden a desaparecer, valorar como parte do patrimonio etnolóxico da comarca os xogos populares e favorecer as relacións interpersoais, o espírito de colaboración e o afán de superación.

Sesión 1	Buxaina
Sesión 2	Buxaina
Sesión 3	Buxaina
Sesión 4	corda
Sesión 5	corda

## 5. Bailamos

Incidiremos no baile en si mesmo como posibilidade de expresarse corporalmente, con ferramentas que posibiliten a adquisición do sentido rítmico, a cadencia e a velocidade. Utilizaremos as T.I.C para levar a cabo as coreografías. (Just Dance, montaxe de coreografías). Propóñense os seguintes obxectivos didácticos:

-Adaptar o movemento a situacións con requirimentos rítmicos.- Repetir secuencias motrices asociadas a ritmos progresando na súa dificultade.- Traballar nocións espazo-temporais asociadas ao ritmo: antes, durante, despois, cadencia e velocidade.- Coordinar pasos de baile con compañeiros.- Apreciar os recursos expresivos propios e dos demais e saber interpretalos.- Coñecer cancións populares e/ou tradicionais e representalas coreográficamente.- Ser capaz de recoñecer que o labor expresivo individual é parte fundamental para o logro da comunicación expresiva colectiva.

Sesión 1	Just dance
Sesión 2	Just dance
Sesión 3	Justa dance / baile galego
Sesión 4	Baile galego
Sesión 5	Baile galego

## 6. Xogos alternativos

A práctica dalgunha actividade físico-deportiva por un maior número de persoas, leva á introducción de diferentes actividades que tenten cumprir a obxectivos da área desde unha óptica máis lúdica e nova. Escollemos tres xogos/deportes: indíaca, floorbal e frisbee. Coa súa práctica trabállanse todos os aspectos do ámbito motriz e as capacidades físicas básicas. Suponse que o alumnado ao que vai dirixida a Unidade non os traballou anteriormente, por iso o seu tratamento é a nivel de iniciación. Poderíase profundar en cada un deles deseñando outras sesións para este fin.

- Na realización destas actividades seguiremos avanzando e consolidando:

-A estrutura do esquema corporal -A coordinación dinámica xeral e segmentaria.

No caso de que exista algún alumno con problemas de coordinación haberá que buscar o modo de que utilizando os diferentes obxectos avance no desenvolvemento da mesma buscando unha manipulación correcta, destreza no manexo de obxectos. autonomía persoal.ou confianza nas propias habilidades motrices para adaptarse ás novas situacións. Preténdese asemade que sexan capaces de :

- Lanzar obxectos a lugares precisos variando a distancia.
- Desprazarse a diferentes velocidades, axustando o desprazamento ao dos obxectos.
- Situarse ou desprazarse en relación aos obxectos en movemento.
- Correr e saltar para golpear ou recoller os obxectos.
- Mover brazos e pernas en diferentes sentidos e amplitude.
- Tomar conciencia da velocidade e duración dos obxectos.
- Desenvolver o sentido de cooperación e responsabilidade.
- Adaptarse a diferentes situacións e obxectos.
- Aumentar a autoconfianza.
- Cooperar con outros.
- Coñecer e aceptar as limitacións propias e as dos demais.
- Fomentar as accións de colaboración.
- Favorecer a atención.

Sesión 1	Exercicios con indiacas
Sesión 2	Exercicios con inidacas
Sesión 3	Exercicios con disco voador
Sesión 4	Exercicios con disco voador

## 7. Iniciación ao bádminton

Incidimos nos seguintes aspectos:

Coordinación dinámica xeral e segmentaria; Acondicionamento físico orientado á mellora da execución con autonomía e confianza das habilidades motrices; Autonomía e confianza nas propias habilidades motrices en situacións novas; Adquisición dunha maior confianza e independencia motriz; Disposición favorable a participar en actividades individuais e grupais de diversas aceptando a existencia de diferenzas no nivel de habilidade; Mellora da condición física orientada á saúde; Uso correcto e respectuoso de materiais e espazos; Uso adecuado das habilidades e estratexias básicas de xogo relacionadas coa cooperación, a oposición e a cooperación/oposición; Aceptación e respecto cara ás normas, regras, estratexias e persoas que participan no xogo. Elaboración e cumprimento dun código de xogo limpo; Aceptación do papel que corresponda desempeñar como xogador dentro do equipo, independentemente da

súa capacidade motriz; Identificación dos valores fundamentais do xogo: o esforzo persoal, a relación cos demais e a aceptación de resultado.

Sesión 1	Introducción / regras básicas / desprazamentos
Sesión 2	Exercicios e xogos de toque de dedos
Sesión 3	Exercicios e xogos de toque de antebrazos
Sesión 4	Exercicios e xogos de saque / partidiños con balón especial

## 8. Iniciación ao balonmán

Nesta unidade incidiremos sobre o seguinte:

- Coñecer os aspectos regulamentarios do balonmán. - Dominar os aspectos técnicos básicos: blocaje, interceptación balón, bote, desmarque, marcaxe, fintas, lanzamentos, pase e recepción. - Familiarizar ao alumnado cos aspectos tácticos: cambio de opoñente, bloqueos, contraataques, cruces, colaboración co porteiro - Verbalizar as razóns do éxito ou fracaso das accións propias e/ou dos compañeiros. - Valorar a cooperación como elemento fundamental na obtención do éxito nos xogos e deportes colectivos. - Mostrar actitudes de respecto e tolerancia cara aos diferentes niveis de xogo dos seus compañeiros. - Aumentar as posibilidades de movemento polo acondicionamento e mellora das calidades físicas básicas e mellorar as súas funcións de axuste, dominio e control corporal. - Participar, con independencia do nivel de destreza alcanzado, nas actividades propostas mostrando actitudes de cooperación e respecto.
- Valorar os aspectos positivos que ten a práctica deportiva sobre o desenvolvemento persoal nos aspectos biolóxicos, psicolóxicos e sociais

Sesión 1	Introducción / regras básicas / desprazamentos sin balón
Sesión 2	Exercicios e xogos de lanzamentos-recepción
Sesión 3	Exercicios e xogos de lanzamentos-recepción
Sesión 4	Minipartidiños (4x4)



## 9. Iniciación ao baloncesto

A coordinación dinámica xeral ( C.D. X,) é a base de calquera deporte e de calquera actividade que desenvolvamos na nosa vida cotiá. Nesta unidade imos tentar conseguir que os alumnos avancen no desenvolvemento da súa capacidade a nivel xeral e a nivel segmentario. Os desprazamentos forman parte da coordinación dinámica xeral e ímolos a utilizar nesta unidade para o seu desenvolvemento.

Pretendemos potenciar e mellorar en rapidez e calidade nos desprazamentos habituais e non habituais.

Centrarémosnos nos seguintes obxectivos:

-Aplicar as habilidades básicas nas habilidades motrices específicas. -Utilizar axeitadamente os xestos técnicos propios do baloncesto en situación de xogo. -Antepoñer o xogo limpo ao resultado. -Coordinar as súas accións cas do equipo, participando no xogo de forma cooperativa e comprendendo a estratexia do baloncesto. -Coñecer as regras e normas do baloncesto, considerandoas necesarias para un bo desenrolo do xogo.

Sesión 1	Introducción / regras básicas / desprazamentos e táctica básica de ataque-defensa
Sesión 2	Exercicios e xogos de bote
Sesión 3	Exercicios e xogos de pase
Sesión 4	Exercicios e xogos de tiro

## 10. A miña forma física II

Con esta unidade temos un maior coñecemento das posibilidades do noso alumnado. O coñecemento por parte do alumno das súas limitacións e das súas virtudes así como da progresión que o crecemento vai outorgando. A recompilación de datos para poder elaborar unha base na que podamos identificar os problemas non visibles dunha forma habitual, así como poder detectar os posibles talentos, o cal nos podería permitir aconsellar unha actividade deportiva ou outra. O deseño da programación sitúa esta unidade tamén a metade do curso polo que a repetición das probas permitirá a todos axustar marcas e así avanzar no seu

afianzamento . Datos excesivamente por baixo da media pódennos poñer sobre alerta ante a posible presenza dun problema, o cal pode estar detectado polos medios ordinarios ou non. Uns resultados moi por encima da media pódennos enfrontar a un posible talento, aínda que se valorará o desenvolvemento físico e se este está acorde coa idade cronolóxica e tamén a maduración da persoa e a súa capacidade de aplicar a súa capacidade ao xogo.

Sesión 1	O quecemento autónomo / As capacidades físicas básicas
Sesión 2	Test de coordinación
Sesión 3	Test de velocidade / pulso
Sesión 4	Test de salto horizontal

## 11. Iniciación ao tenis

En colaboración coa Federación Galega de Tenis, desenvolvemos esta unidade didáctica a partir de cuarto curso de primaria na que pretendemos acercar este deporte a todo o alumnado, tentando:

- Manter, progresar e orientarse nun espazo cun elemento móbil.
- Manter, progresar e orientarse nun espazo cun móbil e con compañeiros.
- Manter, progresar e orientarse nun espazo tendo en conta un móbil, un obxectivo, compañeiros e adversarios.
- Adaptar as súas habilidades motrices ás situacións cambiantes da contorna e da actividade.
- Achegar os seus recursos persoais en beneficio dun fin común.
- Aplicar o diálogo para a resolución de conflitos.
- Aceptar os diferentes roles que deben desempeñar nas distintas actividades. - Valorar a participación por encima dos resultados.
- Interactuar positivamente con todos os compañeiros independentemente das súas características persoais e sociais.
- Cumprir de bo grado as regras e normas da actividade.

Sesión 1	Introducción / regras básicas / agarre de raqueta / botes e rebotes
Sesión 2	Intercambios por parellas
Sesión 3	Intercambios por parellas
Sesión 4	Partidiños 1-3 xogos

### 13. Xogos populares

Mediante esta unidade didáctica buscamos mellorar a condición física, desenvolver as habilidades físicas básicas (desprazamentos, lanzamentos e recepcións), divulgar xogos populares propios da comarca e da rexión, *recuperar* xogos populares da localidade de escasa práctica na actualidade e que tenden a desaparecer, valorar como parte do patrimonio etnolóxico da comarca os xogos populares e favorecer as relacións interpersoais, o espírito de colaboración e o afán de superación.

Sesión 1	Brilé por equipos
Sesión 2	Brilé por equipos
Sesión 3	Corda (comba)
Sesión 4	Corda (comba)

### 14. A miña forma física III

Abordaremos a importancia da parte final das sesións, a volta a calma, que en moitas ocasións se leva a cabo mediante exercicios de relaxación, e tamén a toma de pulso. Neste curso, ao final do mesmo repetimos algunhas probas, e así poderemos ver a progresión durante os últimos anos. A recompilación de datos serviu para elaborar unha base na que poidamos identificar os problemas non visibles dunha forma habitual, así como poder detectar os posibles talentos, o cal nos podería permitir aconsellar unha actividade deportiva ou outra. O deseño da programación sitúa esta unidade tamén ao final do curso polo que a repetición das probas permitirá a todos contrastar marcas afianzando e consolidando as mesmas. Datos excesivamente por baixo da media pódennos poñer sobre alerta ante a posible presenza dun problema, o cal pode estar detectado polos medios ordinarios ou non. Uns resultados moi por encima da media pódennos enfrontar a un posible talento, aínda que se valorará o desenvolvemento físico e se este está acorde coa idade cronolóxica e tamén a maduración da persoa e a súa capacidade de aplicar a súa capacidade ao xogo.

Sesión 1	A relaxación e estiramientos
Sesión 2	Test de velocidade / toma de pulso
Sesión 3	Test de course-navette ( adaptado )
Sesión 4	Test de coordinación/axilidade

## 15. Bailamos

Incidiremos no baile en si mesmo como posibilidade de expresarse corporalmente, con ferramentas que posibiliten a adquisición do sentido rítmico, a cadencia e a velocidade. Utilizaremos as T.I.C para levar a cabo as coreografías (Just Dance, montaxe de coreografías ). Propóñense os seguintes obxectivos didácticos:

-Adaptar o movemento a situacións con requirimentos rítmicos. - Repetir secuencias motrices asociadas a ritmos progresando na súa dificultade. - Traballar nocións espazo-temporais asociadas ao ritmo: antes, durante, despois, cadencia e velocidade. - Coordinar pasos de baile con compañeiros. - Apreciar os recursos expresivos propios e dos demais e saber interpretalos. - Coñecer cancións populares e/ou tradicionais e representalas coreográficamente. - Ser capaz de recoñecer que o labor expresivo individual é parte fundamental para o logro da comunicación expresiva colectiva.

Sesión 1	Just dance
Sesión 2	Just dance
Sesión 3	Baile galego
Sesión 4	Baile galego

<b>Peso de cada estándar de aprendizaxe con respecto a cada competencia clave</b>	C.CLAVE <b>CSC</b>	C.CLAVEA <b>CAA</b>	C.CLAVE <b>CCL</b>	C.CLAVE <b>CD</b>	C.CLAVE <b>CSIEE</b>	C.CLAVE <b>CMCCT</b>	C.CLAVE <b>CCEE</b>	C.CLAVE <b>CCEC</b>
▪ Estándares de aprendizaxe								
▪ BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA								
EFB1.1.1. Adopta unha actitude crítica ante as modas e a imaxe corporal dos modelos publicitarios.	▪ 2%	2,8%			4,5%			
EFB1.1.2. Explica aos seus compañeiros e compañeiras as características dun xogo practicado na clase e o seu desenvolvemento.	▪ 2%	2,8%	10%					
EFB1.1.3. Recoñece e cualifica negativamente as condutas inapropiadas que se producen na práctica ou nos espectáculos deportivos.	▪ 2%	2,8%			4,5%			
EFB1.1.4. Demostra un nivel de autoconfianza axeitada ás súas capacidades.	▪ 2%	2,8%			4,5%			
EFB1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar e extraer a información que se lle solicita.		2,8%		50%				
EFB1.2.2. Presenta os seus traballos atendendo as pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza, e utilizando programas de presentación.		2,8%	15%	50%				
EFB1.2.3. Expón as súas ideas de forma coherente e exprésase de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais.	▪ 2.4%		15%					
EFB1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.	▪ 2.4%	2,8%						
EFB1.3.2. Demostra autonomía e confianza en diferentes situacións, resolvendo problemas motores con espontaneidade e creatividade.		2,8%			4,5%			12,5%
EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.	▪ 2.4%	2,8%			4,5%			
EFB1.3.4. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.	2.4%							

<b>Peso de cada estándar de aprendizaxe con respecto a cada competencia clave</b>	C.CLAVE <b>CSC</b>	C.CLAVEA <b>CAA</b>	C.CLAVE <b>CCL</b>	C.CLAVE <b>CD</b>	C.CLAVE <b>CSIEE</b>	C.CLAVE <b>CMCCT</b>	C.CLAVE <b>CCEE</b>	C.CLAVE <b>CCEC</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Estándares de aprendizaxe</li> </ul>								
EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.	<ul style="list-style-type: none"> <li>2.4%</li> </ul>	2,8%						
EFB1.3.6. Recoñece e respecta as normas de educación viaria en contornos habituais e non habituais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>2.4%</li> </ul>	2%						
<ul style="list-style-type: none"> <li><b>BLOQUE 2. O CORPO: IMAXE E PERCEPCIÓN</b></li> </ul>								
EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.		2%						
EFB2.1.2. Toma de conciencia das esixencias e valoración do esforzo que comportan as aprendizaxes de novas habilidades.	<ul style="list-style-type: none"> <li>2.4%</li> </ul>	2%			4,5%			
<ul style="list-style-type: none"> <li><b>BLOQUE 3. HABILIDADES MOTRICES</b></li> </ul>								
EFB3.1.1. Adapta os desprazamentos a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural.	<ul style="list-style-type: none"> <li>2.4%</li> </ul>	2%			4,5%			12,5%
EFB3.1.2. Adapta a habilidade motriz básica de salto a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural.	<ul style="list-style-type: none"> <li>2.4%</li> </ul>	2%			4,5%		25%	

<b>Peso de cada estándar de aprendizaxe con respecto a cada competencia clave</b>	C.CLAVE <b>CSC</b>	C.CLAVEA <b>CAA</b>	C.CLAVE <b>CCL</b>	C.CLAVE <b>CD</b>	C.CLAVE <b>CSIEE</b>	C.CLAVE <b>CMCCT</b>	C.CLAVE <b>CCEE</b>	C.CLAVE <b>CCEC</b>
▪ Estándares de aprendizaxe								
EFB3.1.3. Adapta as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción, golpeo etc.) a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, aplicando correctamente os xestos e utilizando os segmentos dominantes e non dominantes.	▪ 2.4%	2%			4,5%		25%	
EFB3.1.4 Aplica as habilidades motrices de xiro a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, tendo en conta os tres eixes corporais e os dous sentidos, e axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural.	▪ 2.4%	2%			4,5%		25%	
EFB3.1.5. Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies.	▪ 2.4%	2%			5%			
EFB3.1.6. Realiza e propón actividades físicas e xogos no medio natural ou en contornos non habituais, adaptando as habilidades motrices á diversidade e incerteza procedente do contorno e ás súas posibilidades.	▪ 2.4%	2%			5%			
▪ BLOQUE 4. ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO EXPRESIVAS								
EFB4.1.1. Representa personaxes, situacións, ideas, sentimentos, utilizando os recursos expresivos do corpo individualmente, en parellas ou en grupos.	▪ 2.4%	2%						12,5%

<b>Peso de cada estándar de aprendizaxe con respecto a cada competencia clave</b>	C.CLAVE <b>CSC</b>	C.CLAVEA <b>CAA</b>	C.CLAVE <b>CCL</b>	C.CLAVE <b>CD</b>	C.CLAVE <b>CSIEE</b>	C.CLAVE <b>CMCCT</b>	C.CLAVE <b>CCEE</b>	C.CLAVE <b>CCEC</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Estándares de aprendizaxe</li> </ul>								
EFB4.1.2. Representa ou expresa de forma creativa movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais, individualmente, en parellas ou grupos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>2.4%</li> </ul>	2%						12,5%
EFB4.1.3. Coñece, propón e leva a cabo bailes e danzas representativas da cultura galega e doutras culturas, seguindo unha coreografía establecida.	<ul style="list-style-type: none"> <li>2.4%</li> </ul>	2%			5%			12,5%
EFB4.1.4. Constrúe e leva a cabo composicións grupais en interacción cos compañeiros e compañeiras utilizando os recursos expresivos do corpo e partindo de estímulos musicais, plásticos ou verbais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>2.4%</li> </ul>	2%						12,5%
EFB4.2.1. Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nas actividades expresivas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>2.4%</li> </ul>	2%				9%		
EFB4.2.2. Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices implicadas nas actividades artístico-expresivas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>2.4%</li> </ul>	2%				9%		
<ul style="list-style-type: none"> <li><b>BLOQUE 5. ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE</b></li> </ul>								
EFB5.1.1. Interésase por mellorar as capacidades físicas.		2%			5%			



<b>Peso de cada estándar de aprendizaxe con respecto a cada competencia clave</b>	C.CLAVE <b>CSC</b>	C.CLAVEA <b>CAA</b>	C.CLAVE <b>CCL</b>	C.CLAVE <b>CD</b>	C.CLAVE <b>CSIEE</b>	C.CLAVE <b>CMCCT</b>	C.CLAVE <b>CCEE</b>	C.CLAVE <b>CCEC</b>
▪ Estándares de aprendizaxe								
EFB5.1.2. Relaciona os principais hábitos de alimentación coa actividade física (horarios de comidas, calidade/cantidade dos alimentos inxeridos etc.).	▪ 2.4%	2%				8,2%		
EFB5.1.3. Recoñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde e os prexudiciais do sedentarismo, dunha dieta desequilibrada e do consumo de alcohol, tabaco e outras substancias.	▪ 2.4%	2%				8,2%		
EFB5.1.4. Adopta e promove hábitos posturais axeitados na súa vida cotiá e na práctica da actividade física, recoñecendo a súa importancia para saúde.	▪ 2.4%	2%			5%	8,2%		
EFB5.1.5. Realiza os quecementos de forma autónoma e sistemática, valorando a súa función preventiva.	▪ 2.4%	2%			5%			
EFB5.2.1. Mostra unha mellora global con respecto ao seu nivel de partida das capacidades físicas orientadas á saúde.	▪ 2.4%	2%			5%			
EFB5.2.2. Identifica a súa frecuencia cardíaca e respiratoria, en distintas intensidades de esforzo.	▪ 2.4%	2%				8,2%		
EFB5.2.3. Adapta a intensidade do seu esforzo ao tempo de duración da actividade.	▪ 2.4%	2%			5%			

<b>Peso de cada estándar de aprendizaxe con respecto a cada competencia clave</b>	C.CLAVE <b>CSC</b>	C.CLAVEA <b>CAA</b>	C.CLAVE <b>CCL</b>	C.CLAVE <b>CD</b>	C.CLAVE <b>CSIEE</b>	C.CLAVE <b>CMCCT</b>	C.CLAVE <b>CCEE</b>	C.CLAVE <b>CCEC</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Estándares de aprendizaxe</li> </ul>								
EFB5.2.4. Identifica o seu nivel comparando os resultados obtidos en probas de valoración das capacidades físicas e coordinativas cos valores correspondentes á súa idade	<ul style="list-style-type: none"> <li>2.4%</li> </ul>	2%				8,2%		
EFB5.3.1 Explica e recoñece as lesións e enfermidades deportivas máis comúns, así como as accións preventivas e os primeiros auxilios.	<ul style="list-style-type: none"> <li>2.4%</li> </ul>	2%	15%			8,2%		
<ul style="list-style-type: none"> <li><b>BLOQUE 6. OS XOGOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS</b></li> </ul>								
EFB6.1.1. Utiliza os recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en diferentes situacións motrices.	<ul style="list-style-type: none"> <li>2.4%</li> </ul>	2%			5%			
EFB6.1.2. Realiza combinacións de habilidades motrices básicas axustándose a un obxectivo e a uns parámetros espazo-temporais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>2.4%</li> </ul>	2%			5%			
EFB6.2.1. Expón as diferenzas, características e/ou relacións entre xogos populares, deportes colectivos, deportes individuais e actividades natureza.	<ul style="list-style-type: none"> <li>2.4%</li> </ul>	2%	15%				25%	
EFB6.2.2. Recoñece a riqueza cultural, a historia e a orixe dos xogos e os deportes tradicionais de Galicia.	<ul style="list-style-type: none"> <li>2.4%</li> </ul>	2%						12,5%
EFB6.2.3. Realiza e pon en valor distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia respectando os principios e regras específicas destes.	<ul style="list-style-type: none"> <li>2.4%</li> </ul>	2%						12,5%

<b>Peso de cada estándar de aprendizaxe con respecto a cada competencia clave</b>	C.CLAVE <b>CSC</b>	C.CLAVEA <b>CAA</b>	C.CLAVE <b>CCL</b>	C.CLAVE <b>CD</b>	C.CLAVE <b>CSIEE</b>	C.CLAVE <b>CMCCT</b>	C.CLAVE <b>CCEE</b>	C.CLAVE <b>CCEC</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Estándares de aprendizaxe</li> </ul>								
EFB6.3.1. Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nos exercicios.	<ul style="list-style-type: none"> <li>2.4%</li> </ul>	2%				8,2%		
EFB6.3.2. Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices.	2.4%	2%	15%			8,2%		
EFB6.3.3. Distingue na práctica de xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición.	<ul style="list-style-type: none"> <li>2.4%</li> </ul>	2%				8,2%		
EFB6.3.4. Describe os exercicios realizados, usando os termos e coñecementos que sobre o aparello locomotor se desenvolven na área de Ciencias da natureza.	<ul style="list-style-type: none"> <li>2.4%</li> </ul>	2%	15%			8,2%		
EFB6.4.1. Faise responsable da eliminación dos residuos que se xeran as actividades no medio natural.	<ul style="list-style-type: none"> <li>2.4%</li> </ul>	2%						
EFB6.4.2. Utiliza os espazos naturais respectando a flora e a fauna do lugar.	<ul style="list-style-type: none"> <li>2.4%</li> </ul>	2%			5%			

# RELIXIÓN CATÓLICA 2020-21

6º PRIMARIA- MANUEL ÁNGEL JORGE FURELOS – CEIP “O COTO” - NEGREIRA

## INDICE

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	PÁX 2
2. APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES NON ADQUIRIDOS NO CURSO ANTERIOR....	PÁX 2
3. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	PÁX 2
4. CONCRECIÓN DOS OBOECTIVOS, TEMPORALIZACIÓN E DEFINICIÓN DE UNIDADES DIDÁCTICAS.....	PAX 5
5. PESO DOS ESTÁNDARES NAS COMPETENCIAS CLAVE.....	PAX 11
6. CRITERIOS METODOLÓXICOS E ESTRATEXIAS DIDÁCTICAS XERAIS PARA UTILIZAR NA ÁREA.....	PAX 13
7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN.....	PAX 14
8. EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO.....	PAX 15
9. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO.....	PAX 15
10. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.....	PAX 16
11. INDICADORES DE LOGRO PARA A AVALIACIÓN DA PROPIA PROGRAMACIÓN E PRÁCTICA DOCENTE.....	PAX 17
12. DESEÑO PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL.....	PAX 19
13. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	PAX 19
14. PARTICIPACIÓN DE PAIS, NAIS OU TITORES LEGAIS NO PROCESO EDUCATIVO.....	PAX 21
15. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS.....	PAX 21
16. MECANISMOS DE REVISIÓN, DE AVALIACIÓN E DE MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.....	PAX 22

## 1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

PD dirixida a alumnos de entre seis e once anos de idade que cursan 1º,2º,3º,4º,5º,6º nivel de EP.

O labor como titores e mestres deste niveis seguirá as liñas marcadas no plan de acción tutorial do centro, tanto no referido aos alumnos de xeito individual (coñecer antecedentes académicos, características personais e sociais) e colectivo (formación de grupos, relacións dentro e fóra da aula, etc.), como as correspondentes como membros do claustro de profesores e en especial coas familias.

O CEIP O Coto é un centro público, de carácter semiurbano. Atópase no concello de Negreira, na bisbarra natural do Val de Barcala. Consta de 26 unidades: 7 de Educación Infantil e 19 de Educación Primaria.

## 2.- APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES NON ADQUIRIDOS NO CURSO ANTERIOR

Considero que se adquiriron os mínimos imprescindibles no curso 19-20.

No curso 20-21, nas primeiras semanas de presencialidade iranse observando as posibles dificultades ou necesidades, fundamentalmente no aspecto socializador, de relación, emocional, actitudinal, e que atendendo ao protocolo Covid-19 neste curso 20-21 abordaremos os cambios e modificacións necesarias.

## 3. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Na área de Relixión Católica incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

### **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**

O desenvolvemento desta competencia contribúe á valoración ética do uso da ciencia e da tecnoloxía. Á súa vez, apoia e dá sentido ás habilidades e ás destrezas relacionadas coa ecoloxía que se adquiren desde a devandita competencia.

Esta área posibilitáanos iluminar as respostas e as solucións aos problemas que xorden na interacción do ser humano con todo o relacionado co ámbito da ciencia e a tecnoloxía.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Interactuar co contorno natural de xeito respectuoso.
- Respetar e preservar a vida dos seres vivos do seu contorno.
- Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no contorno natural e as repercusións para a vida futura.

- Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico.
- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
- Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos...) en situacións cotiás.
- Aplicar os coñecementos matemáticos para a resolución de situacións problemáticas en contextos reais e en calquera materia.
- Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.

## **Comunicación lingüística**

Para un bo desenvolvemento desta competencia nesta área, a utilización dos diversos modos de comunicación será fundamental xa que o diálogo da fe coa cultura esixe adestrarse na escoita da Palabra de Deus, a exposición de cada un dos contidos coas súas argumentacións adecuadas ás diferentes idades do alumnado. Por iso, será decisivo dotar os alumnos de ferramentas co fin de que cheguen a dominar a competencia comunicativa en todas as súas facetas.

Os descritores que utilizaremos serán:

- Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos...
- Comprender o sentido dos textos escritos.
- Gozar coa lectura.
- Expresar oralmente de xeito ordenado e clara calquera tipo de información.
- Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.
- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor,...
- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros en diversas situacións comunicativas.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.

## **Competencia dixital**

Nesta área posibilitarásenos manexar ferramentas desde un sentido ético e de responsabilidade para poder acceder ás distintas fontes que nos faciliten coñecer e afondar nesta materia. Será fundamental traballar desde fontes fiables que favorezan a claridade de contidos para crear no alumnado unha base sólida e cheguen a xerar os seus propios criterios sobre diferentes contextos nos que se poidan desenvolver.

Na área de Relixión Católica adestraremos os seguintes descritores:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

## **Conciencia e expresións culturais**

Esta competencia relaciónase cos seus aspectos de coñecemento e valoración de toda a expresión artística, simbólica, histórica, de costumes, ritos, festas, valores, modos de vida...

O alumnado verase enriquecido cos valores que leva consigo o feito relixioso en toda a súa expresión artística, cultural e estética, teolóxica e vivencial. Con iso contribúe á conservación e á valoración do patrimonio cultural.

Os descritores que adestraremos nesta competencia son:

- Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural no ámbito mundial.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

## **Competencias sociais e cívicas**

Esta competencia recolle todas as formas de comportamento que preparan as persoas para participar dunha forma eficaz e construtiva na vida social e profesional; por iso, dotaremos o alumnado de ferramentas que favorezan e fomenten os valores de respecto, cooperación, solidariedade, xustiza, non violencia,

compromiso e participación como piares para a súa formación. Estes valores para fomentar teñen a súa fundamentación e referencias cristiás na filiación no amor a Deus.

Os indicadores desta competencia poden facilitar o adestramento de cada un dos descritores que enunciámos a continuación:

- Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer a riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.

## **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor**

É fundamental que o alumnado descubra a súa identidade persoal a través dunha apertura ao significado último e global da súa existencia humana. A súa iniciativa persoal dependerá sempre que adestre nun autoconhecimento, en explorar as súas potencialidades, en buscar o sentido a cada unha das cousas que acontecen na súa vida.

O espírito emprendedor do alumno formarase a partir da disposición e actitude que poida dispoñer. Será dotado de destrezas e habilidades para que a transformación social do mundo no que vivimos sexa unha realidade grazas ao espírito de emprendemento do alumno.

Neste caso, os descritores que cumpriría adestrar serían:

- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.
- Contaxiar entusiasmo pola tarefa e a confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos.
- Priorizar a consecución de obxectivos grupais a intereses persoais.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
- Atopar posibilidades no contorno que outros non ven.

## **Aprender a aprender**

A competencia de aprender a aprender nesta área pode axudar ao alumnado a ser protagonista do seu propio proceso de ensinanza-aprendizaxe como resposta á vontade de Deus de que o ser humano colabore de modo activo e libremente segundo o plan establecido por El.

Nesta área será decisivo o impulso do traballo en equipo polo seu intrínseco sentido comunitario propoñendo un marco de referencia aceptado voluntariamente segundo as súas conviccións, que ha de ser lúcido na busca da verdade e do ben.

Os descritores que utilizaremos para adestrar esta competencia serían:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Planificar recursos necesarios e pasos a realizar no proceso de aprendizaxe.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.

## **Competencias específicas na área de Relixión e Moral Católica**

O ensino relixioso católico estrutúrase a partir de catro dimensións que fundamentan as competencias específicas do ensino relixioso católico.

- Dimensión cultural e histórica. Está presente no ensino relixioso, dado que o patrimonio cultural, histórico e antropolóxico-axiolóxico que gran parte das sociedades recibe do pasado está vertebrado por contidos relixiosos.
- Dimensión ético-moral. Esta dimensión fai posible a maduración na responsabilidade, o exercicio da solidariedade e da caridade. Todo iso fundamentado na Palabra e nos feitos de Xesucristo.
- Dimensión humanizadora. Faculta o alumno para dar resposta ás súas interrogantes máis radicais, facendo á súa vez posible a formación de homes e mulleres conscientes, críticos, libres e creadores.
- Dimensión epistemolóxica. Os seus contidos son saberes cunha fundamentación e cunha metodoloxía científica propia, implantados con rigor e tradición no noso contorno cultural.

## **4-CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS, TEMPORALIZACIÓN E DEFINICIÓN DE UNIDADES DIDÁCTICAS**



# RELIXIÓN CATÓLICA 2020-21

6º PRIMARIA- MANUEL ÁNGEL JORGE FURELOS - CEIP "O COTO" - NEGREIRA

## 6º CURSO- RELIXIÓN CATÓLICA

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES AVALIABLES	CCBB	INST. EVAL.
<b>BLOQUE 1. Sentido relixioso do home</b>				
A incapacidade do ser humano para ser feliz reclama a salvación.	1. Avaliar circunstancias que manifestan a imposibilidade da natureza humana para alcanzar a plenitude.	1.1 Identifica e xulga situacións nas que recoñece a imposibilidade de ser feliz.	CSC	OD
A plenitude do ser humano está na relación con Deus.	2. Recoñecer e aceptar a necesidade dun Salvador para ser feliz.	2.1 Busca, compara e comenta distintas expresións do desexo humano de salvación na literatura e música actuais.	CEC SIEE	TCL
	3. Interpretar signos, en distintas culturas, que evidencian que a plenitude humana se alcanza na relación con Deus.	3.1 Descubre e explica por que os enterramentos, pinturas, ritos e costumes son signos de a relación do home coa. Divindade.	CSC CEC	OD
	4. Recoñecer que a relación con Deus fai á persoa máis humana.	4.1 Investiga e recolle acontecementos da historia onde se aprecia que o feito relixioso foi o motor de cambios para potenciar os dereitos humanos, a convivencia, o progreso e a paz.	AA CSC SIEE	TC

## BLOQUE 2. A revelación: Deus intervén na historia

O pobo de Israel como depositario da sabedoría de Deus.	1. Descubrir e apreciar a riqueza dos textos sapienciales na historia.	1.1 Identifica e valora expresións recollidas nos libros sapienciales que enriquecen e melloran á persoa.	CL - CSC	TCL
		1.2 Investiga e contrasta a sabedoría popular con expresións da sabedoría de Israel emitindo un xuízo persoal.	CL CEC SIEE	TCL
Os libros Sapienciales enriquecen á humanidade.		1.3 Propón, dialogando cos seus compañeiros, situacións e comportamentos onde se expresa a riqueza humana que aparece nos textos sapienciales.	AA CL CSC	OD

# RELIXIÓN CATÓLICA 2020-21

6º PRIMARIA– MANUEL ÁNGEL JORGE FURELOS – CEIP “O COTO” - NEGREIRA

BLOQUE 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación				
Xesucristo, desvela ao Pai.	1. Distinguir que a través Xesús atopamos a Deus..	1.1 Busca nos discursos do evanxeo de Xoán frases que expresan a relación de Xesús co Pai e esforzase por comprender o seu significado.	CL	OD
As tentacións de Xesús: obstáculo ao cumprimento do plan de Deus.		1.2 Identifica e sintetiza os trazos que Jesús desvela do Pai nos discursos do evanxeo de Xoán.	CL	TCL
	2. Esforzarse por comprender que Jesús ten que vencer obstáculos externos para realizar a vontade de Deus.	2.1 Extrapola as dificultades que tivo Jesús na súa vida para obedecer ao Pai con situacións que viven os seres humanos.	CSC	TCL
Xesús envía aos discípulos para continuar coa súa misión salvífica.	3. Comprender que a misión de Xesús continua na Igrexa.	3.1 Localiza e explica a misión apostólica nas expresións de Xesús recollidas nos evanxeos sinópticos.	CSC - CL	OD
		3.2 Constrúe un mapa comparativo das accións de Xesús e as da Igrexa.	AA - CD CSC	TCL
BLOQUE 4. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa				
Os sacramentos ao servizo da misión da Igrexa: Confirmación, Orde e Matrimonio.	1. Diferenciar a achega dos sacramentos de servizo á misión da Igrexa.	1.1 Coñece e explica con exemplos a razón pola que Confirmación, Orde e Matrimonio están ao servizo da Igrexa.	CL CSC	TCL
		1.2 Aprende e diferencia os signos e momentos celebrativos da Confirmación, a Orde e o Matrimonio.	CSC CEC	TCL
A Pascua, tempo de resurrección. Os froitos da resurrección de Xesús: a alegría e a paz.	2. Identificar os trazos do tempo litúrxico da Pascua.	2.1 Sinala e explica os principais signos pascales.	CEC	OD
		2.2 Crea unha composición onde se exprese a alegría e a paz que experimentaron os discípulos ao atoparse co Resucitado.	CSC CEC	TCL
Os cristiáns, testemuñas da resurrección.	3. Recoñecer e valorar o cambio de vida xerado por o encontro co. Resucitado.	3.1 Selecciona testemuños de cristiáns e xustifica o cambio xerado polo encontro co Resucitado.	CL CSC	OD

# RELIXIÓN CATÓLICA 2020-21

6º PRIMARIA- MANUEL ÁNGEL JORGE FURELOS - CEIP "O COTO" - NEGREIRA

6º CURSO - PRIMEIRO TRIMESTRE				
CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES AVALIABLES	CCBB	INST. EVAL.
<b>Unidade Formativa 1- A FELICIDADE E A SALVACION</b>		<b>Temporalización: 21/9 - 16/10</b>		<b>Sesiós: 4</b>
<i>BLOQUE 1. Sentido relixioso do home</i>	1. Avaliar circunstancias que manifestan a imposibilidade da natureza humana para alcanzar a plenitude.	1.1 Identifica e xulga situacións nas que recoñece a imposibilidade de ser feliz.	CSC	OD
A incapacidade do ser humano para ser feliz reclama a salvación.	2. Recoñecer e aceptar a necesidade dun Salvador para ser feliz.	2.1 Busca, compara e comenta distintas expresións do desexo humano de salvación na literatura e música actuais.	CEC SIEE	TCL
<b>Unidade Formativa 2- IMPORTANCIA DAS RELIXIÓNS NA HUMANIDADE</b>		<b>Temporalización: 19/10 - 6/11</b>		<b>Sesiós: 3</b>
<i>BLOQUE 1. Sentido relixioso do home</i>	3. Interpretar signos, en distintas culturas, que evidencian que a plenitude humana alcánzase na relación con Deus.	3.1 Descubre e explica por que os enterramentos, pinturas, ritos e costumes son signos da relación do home coa Divindade.	CSC CEC	OD
A plenitude do ser humano está na relación con Deus.	4. Recoñecer que a relación con Deus fai á persoa máis humana.	4.1 Investiga e recolle acontecementos da historia onde se aprecia que o feito relixioso foi o motor de cambios para potenciar os dereitos humanos, a convivencia, o progreso e a paz.	AA CSC SIEE	TC
<b>Unidade Formativa 3- XESUCRISTO, FILLO DE DEUS</b>		<b>Temporalización: 9/11 - 27/11</b>		<b>Sesiós: 3</b>
<i>BLOQUE 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación</i>	1. Distinguir que a través Jesús atopamos a Deus..	1.1 Busca nos discursos do evanxeo de Juan frases que expresan a relación de Jesús co Pai e esfórzase por comprender o seu significado.	CL	OD
Xesucristo, desvela ao Pai.		1.2 Identifica e sintetiza os trazos que Jesús desvela do Pai nos discursos do evanxeo de Juan.	CL	TCL

# RELIXIÓN CATÓLICA 2020-21

6º PRIMARIA – MANUEL ÁNGEL JORGE FURELOS – CEIP “O COTO” - NEGREIRA

## 6º CURSO - SEGUNDO TRIMESTRE

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES AVALIABLES	CCBB	INST. EVAL.
<b>Unidade Formativa 4- Os LIBROS SAPIENCIALES</b>		<b>Temporalización: 11/1 - 29/1</b>		<b>Sesiós: 3</b>
<p><i>BLOQUE 2. A revelación: Deus intervén na historia</i></p> <p>O pobo de Israel como depositario da sabedoría de Deus.</p> <p>Os libros Sapienciales enriquecen á humanidade.</p>	<p>1. Descubrir e apreciar a riqueza dos textos sapienciales na historia.</p>	<p>1.1 Identifica e valora expresións recollidas nos libros sapienciales que enriquecen e melloran á persoa.</p>	CL - CSC	TCL
		<p>1.2 Investiga e contrasta a sabedoría popular con expresións da sabedoría de Israel emitindo un xuízo persoal.</p>	CL CEC SIEE	TCL
		<p>1.3 Propón, dialogando cos seus compañeiros, situacións e comportamentos onde se expresa a riqueza humana que aparece nos textos sapienciales.</p>	AA CL CSC	OD
<b>Unidade Formativa 5- A VIDA DE JESUS: A MORAL CRISTIÁ</b>		<b>Temporalización: 1/2 - 19/2</b>		<b>Sesiós: 3</b>
<p><i>BLOQUE 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación</i></p> <p>As tentacións de Jesús: obstáculo ao cumprimento do plan de Deus.</p>	<p>2. Esforzarse por comprender que Jesús ten que vencer obstáculos externos para realizar a vontade de Deus.</p>	<p>2.1 Extrapola as dificultades que tivo Jesús na súa vida para obedecer ao Pai con situacións que viven os seres humanos.</p>	CSC	TCL
<b>Unidade Formativa 6- A PASCUA, TEMPO DE RESURRECCION</b>		<b>Temporalización: 22/2 - 5/3</b>		<b>Sesiós: 2</b>
<p><i>BLOQUE 4. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa</i></p> <p>A Pascua, tempo de resurrección. Os froitos da resurrección de Jesús: a alegría e a paz.</p> <p>Os cristiáns, testemuñas de a resurrección.</p>	<p>2. Identificar os trazos do tempo litúrxico da Pascua.</p>	<p>2.1 Sinala e explica os principais signos pascales.</p>	CEC	OD
		<p>2.2 Crea unha composición onde se exprese a alegría e a paz que experimentaron os discípulos ao atoparse co Resucitado.</p>	CSC CEC	TCL
	<p>3. Recoñecer e valorar o cambio de vida xerado por o encontro con o Resucitado.</p>	<p>3.1 Selecciona testemuños de cristiáns e xustifica o cambio xerado polo encontro co Resucitado.</p>	CL CSC	OD

# RELIXIÓN CATÓLICA 2020-21

6º PRIMARIA- MANUEL ÁNGEL JORGE FURELOS - CEIP "O COTO" - NEGREIRA

6º CURSO - TERCEIRO TRIMESTRE				
CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES AVALIABLES	CCBB	INST. EVAL.
<b>Unidade Formativa 7- A MISIÓN APOSTOLICA- A IGREXA</b>		<b>Temporalización: 06/4- 30/4</b>		<b>Sesións: 4</b>
<i>BLOQUE 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación</i>  Xesús envía aos discípulos para continuar coa súa misión salvífica.	3. Comprender que a misión de Xesús continúa na Igrexa.	3.1 Localiza e explica a misión apostólica nas expresións de Xesús recollidas nos evanxeos sinópticos.	CSC - CL	OD
		3.2 Constrúe un mapa comparativo das accións de Xesús e as da Igrexa.	AA CD CSC	TCL
<b>Unidade Formativa 8- Os SACRAMENTOS DA IGREXA</b>		<b>Temporalización: 3/5 - 4/6</b>		<b>Sesións: 5</b>
<i>BLOQUE 4. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa</i>  Os sacramentos ao servizo da misión da Igrexa: Confirmación, Orde e Matrimonio.	1. Diferenciar a achega dos sacramentos de servizo á misión da Igrexa.	1.1 Coñece e explica con exemplos a razón pola que Confirmación, Orde e Matrimonio están ao servizo da Igrexa.	CL CSC	TCL
		1.2 Aprende e diferencia os signos e momentos celebrativos da Confirmación, a Orde e o Matrimonio.	CSC CEC	TCL

Os ESTANDARES SOMBREADOS SON Os BÁSICOS

Competencias Básicas:	Instrumentos de Avaliación:
<b>CL</b> - Competencia Lingüística <b>CD</b> - Competencia Dixital <b>CSC</b> - Competencias Sociais e Cívicas <b>CMCT</b> - Competencia Matemática e competencias básicas en Ciencia e Tecnoloxía	<b>PE</b> - Proba Escrita <b>OD</b> - Observación Directa <b>TCL</b> - Traballo de Clase <b>EO</b> - Exposición Oral <b>TC</b> - Traballo de Casa
<b>CEC</b> - Conciencia e Expresións Culturais <b>AAP</b> - Aprender a aprender <b>SIEE</b> - Sentido de iniciativa e espírito emprendedor	

# RELIXIÓN CATÓLICA 2020-21

6º PRIMARIA- MANUEL ÁNGEL JORGE FURELOS - CEIP "O COTO" - NEGREIRA

## 5- PESO DOS ESTÁNDARES NAS COMPETENCIAS CLAVE.

ESTÁNDARES	COMPETENCIAS CLAVE	INSTRUMENTOS AVALIACIÓN	
<b>ESTÁNDARES DO 1º TRIMESTRE</b>			
3.1 Descubre e explica por qué os enterramentos, pinturas, ritos e costumes son signos da relación do home coa Divinidade.	CSC CEC	OD	20%
4.1 Investiga e recolle acontecementos da historia donde se aprecia que o feito relixioso foi o motor de cambios para potenciar os dereitos humanos, a convivencia, o progreso e a paz.	AA CSC SIEE	TC	30%
1.1 Busca nos discursos do evanxelio de Xoan frases que expresan a relación de Xesús co Pai e se esforza por comprender o seu significado.	CL	OD	25%
1.2 Identifica e sintetiza os rasgos que Xesús desvela do Pai nos discursos do evanxelio de Xoan.	CL	TCL	25%
		<b>Total.....</b>	<b>100%</b>
<b>ESTÁNDARES DO 2º TRIMESTRE</b>			
2.1 Sinala e explica os principais signos pascuais.	CEC	OD	30%
2.1 Extrapola as dificultades que tivo Xesús na súa vida para obedecer o Pai con situacións que viven os seres humanos.	CSC	TCL	35%
1.1 Identifica e valora expresións recollidas nos libros sapienciais que enriquecen melloran a persona.	CL - CSC	TCL	35%
		<b>Total.....</b>	<b>100%</b>
<b>ESTÁNDARES DO 3º TRIMESTRE</b>			
1.2 Aprende e diferencia os signos e momentos celebrativos da Confirmación, o Orden e o Matrimonio.	CSC CEC	TCL	30%
3.1 Localiza e explica a misión apostólica nas expresións de Xesús recollidas nos evanxeos sinópticos.	CSC - CL	OD	30%
3.2 Constrúe un mapa comparativo das accións de Xesús e as da Igrexa.	AA CD CSC	TCL	40%
		<b>Total.....</b>	<b>100%</b>

□ OS ESTÁNDARES SOMBREADOS SON OS BÁSICOS

Competencias Básicas:	Instrumentos de Avaliación:
<b>CL</b> - Competencia Lingüística	<b>PE</b> - Proba Escrita
<b>CEC</b> - Conciencia e Expresións Culturais	<b>OD</b> - Observación Directa
<b>CD</b> - Competencia Dixital	<b>TCL</b> - Traballo de Aula
<b>CSC</b> - Competencias Sociais e Cívicas	<b>EO</b> - Exposición Oral
<b>AAP</b> - Aprender a aprender	<b>TC</b> - Traballo da Casa
<b>SIEE</b> - Sentido de iniciativa e espírito emprendedor	
<b>CMCT</b> - Competencia Matemática e competencias básicas en Ciencia e Tecnoloxía	

## **6.- CRITERIOS METODOLÓXICOS E ESTRATEXIAS DIDÁCTICAS XERAIS PARA UTILIZAR NA ÁREA**

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento dos alumnos e o alumno adquire un maior grao de protagonismo.

En concreto na área de Relixión Católica:

Os alumnos deben comprender a mensaxe cristiá, o cal fundamenta e motiva os valores e as actitudes básicas e favorece os hábitos de comportamento. Con todo, preténdese que o alumno adquira as competencias adecuadas á súa idade e ao tempo de cada etapa.

Non pode existir unha formación integral e, polo tanto, unha educación de calidade se non se desenvolven todas as capacidades inherentes ao ser humano, entre as cales se atopa constitutivamente a capacidade transcendente; por iso, debemos ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais que serán base para construír a súa identidade e á dos outros.

Cada unha das fortalezas individuais do alumnado axudaranos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas que cómpre realizar estarán pensadas desde a teoría das intelixencias múltiples como posibilidade para que todo o alumnado chegue a adquirir todos aqueles aspectos que necesitan para poder desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Nesta área, os alumnos iníciase no desenvolvemento da busca do sentido último da vida enraizada no máis profundo do ser; o alumno vai descubríndoa nos símbolos e signos do seu contorno, no progreso e a humanización do propio ser humano, na linguaxe narrativa da Biblia, nos modelos cristiáns de identificación e, de forma máis concreta, na persoa de Xesucristo e a súa presenza na comunidade cristiá. Por todo iso, deberán manexar diferentes destrezas que impliquen o traballo en grupo colaborador como unha forma de vivenciar e experimentar todo o que fai referencia ao sentido da vida, á dimensión crente vivida desde un sentido comunitario.

Os contidos da área de Relixión Católica están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a contexto real; será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción, en experiencia, en vivencia, e aplícalo na medida do posible a contextos próximos aos alumnos.

# RELIXIÓN CATÓLICA 2020-21

6º PRIMARIA- MANUEL ÁNGEL JORGE FURELOS - CEIP "O COTO" - NEGREIRA

## 7 - CRITERIOS DE AVALIACIÓN

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	CRITERIO DE CORRECCIÓN
<ul style="list-style-type: none"><li>Observación directa de cadernos e traballo diario.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>Rexistro anecdótico.</li><li>Listas de cotexo.</li><li>Escalas de valoración.</li></ul>	<p>Recóllese o feito do que nos interese que quede constancia.</p> <p>Estableceranse distintos niveis cualitativos para cada indicador: si /non; sempre /habitualmente /ás veces /rara vez; si /non /parcialmente...</p>
<ul style="list-style-type: none"><li>Análise e valoración de tarefas especialmente creadas para a avaliación.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>Probas e intervencións orais ao longo de cada unidade didáctica.</li><li>Lecturas.</li><li>Escalas de valoración.</li></ul>	<p>Para avalialas seguirase diferentes escalas nas que cada resposta ou indicador valorase con tres niveis cualitativos: correcta / incompleta / incorrecta.</p>
	<ul style="list-style-type: none"><li>Probas escritas de composición ou resposta aberta.</li><li>Rúbrica.</li></ul>	<p>Para avalialas seguirase unha rúbrica na que se estableza unha escala cuantitativa de catro niveis para cada indicador ou criterio.</p>
	<ul style="list-style-type: none"><li>Probas obxectivas de resposta breve, de resposta alternativa, de emparellamento ou asociación, de elección múltiple, de enumeración, de identificación con imaxes, de ordenamento espacial ou temporal.</li><li>Cuestionarios, tests.</li><li>Ficha rexistro dos logros do alumno.</li></ul>	<p>Cada resposta valorase cunha graduación entre 1 punto e 0 puntos segundo estea completa, omita elementos esenciais ou sexa incorrecta; ou ben, (no caso das de resposta alternativa, emparellamento ou elección múltiple) con 1 punto ou 0 puntos segundo sexa correcta ou incorrecta.</p>
<ul style="list-style-type: none"><li>Análise e valoración de proxectos</li><li>Exposición oral dos proxectos</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>Portafolios.</li><li>Rúbricas.</li><li>Ficha rexistro dos logros do alumno.</li></ul>	<p>Deseñarse unha rúbrica na que se estableza unha escala cuantitativa de catro niveis para cada indicador ou criterio.</p>
<ul style="list-style-type: none"><li>Observación directa de actitudes (interese, responsabilidade, esforzo, comportamento).</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>Escala de apreciación.</li></ul>	<p>Estableceranse distintos niveis cualitativos para cada indicador ou criterio: sempre / habitualmente / ás veces / rara vez.</p>
<ul style="list-style-type: none"><li>Entrevistas, charlas, para coñecer os aspectos afectivos.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>Guía de entrevista.</li><li>Escala de apreciación.</li></ul>	<p>Estableceranse distintos niveis cualitativos para cada indicador ou criterio: sempre / habitualmente / ás veces / rara vez.</p>
<ul style="list-style-type: none"><li>Debates e intervencións.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>Escalas de apreciación.</li></ul>	<p>Estableceranse distintos niveis cualitativos para cada indicador: moi ben / ben / suficiente / insuficiente.</p>
<ul style="list-style-type: none"><li>Intercambio de información entre profesores.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>Xuntas do equipo docente de nivel.</li><li>Xuntas de avaliación trimestrais.</li></ul>	<p>Tras o intercambio de información, recolleranse os resultados no boletín informativo sobre a evolución do alumno e actas de avaliación.</p>



# RELIXIÓN CATÓLICA 2020-21

## 8.-EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Para rexistrar as evidencias de aprendizaxe vinculadas aos estándares utilizaremos portfolios de aprendizaxe na aula. Ao longo das distintas unidades didácticas iremos planificando a realización e a recollida de produtos que mostre o nivel de consecución do estándar e detalle a súa evolución ao longo do curso.

O portfolio é unha ferramenta que permite avaliar o proceso de aprendizaxe consistente fundamentalmente na recollida de evidencias da evolución do alumno; pode pautarse a recollida de evidencias ou deixar que o alumno seleccione cales quere mostrar. Cada evidencia leva unha reflexión engadida sobre o traballo realizado, as dificultades atopadas e os obxectivos de mellora persoal. O documento do portfolio pode realizarse en papel ou formato dixital.No anexo de avaliación preséntase un posible guión para a súa realización. As evidencias que podemos recoller na área de Relixión Católica poden ser:

- Exercicios do libro ou da guía que traballen sobre os estándares definidos na unidade.
- Probas escritas que recollan os estándares de aprendizaxe.
- Produtos finais derivados de tarefas aplicadas en contexto real.
- Debuxos que representen aquilo que aprenderon.
- Diferentes ferramentas de auto e coavaliación do traballo realizado na aula.

## 9- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO

ÁREA	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	%
RELIXIÓN CATÓLICA	☐ Conceptos: probas escritas(CADERNO) e elaboración de traballos (FICHAS) sobre os contidos das unidades, valorando limpeza e claridade na presentación... .. 15	15
	☐ Observación directa na aula: dominio de conceptos, vocabulario, expresión oral, participación, realización da tarefa escrita (execución, presentación, limpeza e claridade, tempo de realización, autonomía). .. 15	15
	☐ Observación directa na aula: actitudes, atención, comportamento, esforzo, disposición para a aprendizaxe das áreas..... 70	70

# RELIXIÓN CATÓLICA 2020-21

## 10.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

### a. Escritos :

- Libros de texto (Ed. Anaya) .
- Guías didácticas.
- Fichas de reforzo e ampliación.
- Cadernos de traballo.
- Os recursos fotocopiabes da proposta didáctica, con actividades de reforzo, ampliación e avaliación.
  
- Biblia.
- Libros temáticos de consulta.
- Contos de Historias da Biblia..
- Dicionarios.
- Murais, láminas e carteis.
- Folletos.
- Prensa.

### b. Audiovisuais:

- Pizarra (tradicional, magnética, branca).
- Gravacións de audio.
- Gravacións de vídeo.
- Películas.
- Fotografías.

### c. Tecnoloxías da información e a comunicación (TIC):

- Ordenadores.
- Canón de vídeo.
- Cámara fotográfica.
- Internet, buscadores.
- Actividades interactivas.
- Páxinas web de contidos educativos.
- CD-ROM de recursos didácticos.

### d. Musicais

- CD de audio con cancións.

### e. Deportivos

- 

### f. Outros

- Materiais manipulativos.
- Xogos.

# RELIXIÓN CATÓLICA 2020-21

## 11.- INDICADORES DE LOGRO PARA A AVALIACIÓN DA PROPIA PROGRAMACIÓN E PRÁCTICA DOCENTE.

A avaliación da propia programación axúdanos a obter información para realizar modificacións dos aspectos recollidos en ela como as actividades propostas, a metodoloxía, a temporalización, as agrupacións do alumnado ... co fin de favorecer unha evolución favorable dos/as alumnos/as.

O seguimento da actividade lectiva será recollido no diario de clase, nel detállase o avance e progresión nas distintas áreas da programación didáctica, esta ferramenta de traballo permite comprobar se o programado inicialmente na programación didáctica se está a desenvolver segundo o pautado ou realízanse modificacións.

Ao finalizar do curso elaboraremos a memoria final na que se recollerán todas as modificacións levadas a cabo durante o curso.

Utilizaremos os seguintes instrumentos para avaliar a propia programación e a practica docentes:

<b>Avaliación da Programación</b>	<b>Si</b>	<b>Non</b>
Comprobamos a coherencia entre obxectivos, contidos, actividades de aprendizaxe e avaliación.		
Xurdiu algún problema que non se previu?		
Resultou axeitado o material empregado?		
Espertou o interese dos alumnos?		
Utilizáronse actividades axeitadas?		
As actividades despertaron o interese dos alumnos?		
A maior parte dos alumnos aprenderon o previsto de acordo aos obxectivos?		

# RELIXIÓN CATÓLICA 2020-21

	OBSERVACIÓNS
Como se resolveron os problemas que xurdiron?	
Que actividades causaron problemas?	
Que actividades conviría cambiar ou suprimir?	

Avaliarase ao profesor a través dun rexistro ou lista de control:

<b>Lista de control ou autoavaliación do profesorado</b>	Si	Non	Ás veces
Realizouse a programación de aula secuenciando os contidos e actividades segundo o previsto?			
Establecéronse criterios de avaliación e indicadores acorde cos obxectivos e contidos establecidos e secuenciados?			
Producíronse desordenes, altercados, descontrol, etc, durante o desenvolvemento das sesións?			
Analizáronse as causas?			
Solucionáronse?			
Foi suficiente e eficaz?			
Establecemos a posibilidade de seguir distintos ritmos de aprendizaxe?			
Establecemos as correspondentes adaptacións ordinarias específicas?			
Tívoise a axuda suficiente, tanto no deseño das adaptacións como na realización do plan cos alumnos con necesidades educativas específicas do DO/PT/educadores?			
Establecéronse as pertinentes actividades de ampliación e reforzo para os alumnos que teñen dificultades para alcanzar os obxectivos mínimos?			

# RELIXIÓN CATÓLICA 2020-21

O seguimento da actividade lectiva será recollido no diario de aula, nel detállase o avance progresión ou dificultades no desenvolvemento da programación didáctica, esta ferramenta de traballo permite comprobar se o programado inicialmente na programación didáctica se está a desenvolver segundo o pautado ou realízanse modificacións. Finalmente, como evidencia da avaliación final da programación elaborárase a memoria final de curso.

## **12.- DESEÑO PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL.**

As probas de Avaliación Inicial parten dos obxectivos e contidos mínimos que o alumno debe ter adquiridos o finalizar o curso anterior.

Realizaremos unha serie de actividades tratando de evitar en todo momento que o alumno as viva coma un exámen. As probas terán un carácter aberto o que permitirá que uns alumnos axuden a outros, tendo en conta que a finalidade en sí é descubrir como están afianzados os contidos do ciclo anterior.

Empregaremos unhas follas de rexistro unha a nivel individual e outra a nivel grupal.

Actividades tipo para os primeiros días de clase na que se levará a cabo a avaliación inicial:

Se repartirá unha serie de láminas entre os alumnos/as coa seguinte consigna : "fíxate nestes debuxos, colorea de amarelo todas as cousas que nos regala a natureza e de laranxa as que as persoas poidamos crear ou fabricar...

Proxectaremos unha serie de imaxes e os rapaces dirán que actitudes lles parecen que son as que Xesús aprobaría e cales non , a continuación establecerei un diálogo de porque pensan iso.

Recordar algún persoaxe relacionado coa vida de Xesús.

## **13.-MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Atendendo ás diversas individualidades o profesor presentará actividades variadas que respondan aos diversos estilos, de xeito que todos os alumnos se sintan motivados e incluídos. Así, combinará actividades de traballo en equipo, nas que o alumno se sinta conectado cos demais con outras tarefas individuais de traballo en solitario; actividades con certa carga teórica con outras máis pragmáticas e que respondan a unha necesidade inmediata; actividades que requiran ocupar o primeiro plano (dramatizacións, moderar un debate...) con outras que non esixan mostrarse ou asumir roles; actividades dinámicas, espontáneas e orixinais con outras que impliquen maior nivel de preparación e reflexión; etc.

# RELIXIÓN CATÓLICA 2020-21

Asemade, combinaranse procedementos e instrumentos de avaliación variados que respondan aos diferentes estilos de aprendizaxe: probas de resposta aberta e de amplo contido con outras de resposta breve e concisa, con tests ou realización de traballos.

Ao final de cada unidade didáctica e como medida ordinaria, presentaranse un abano de actividades de mellora e ampliación cun nivel de execución máis complexo para aqueles alumnos con maiores capacidades, e outras actividades de reforzo educativo para aqueloutros cun ritmo de aprendizaxe máis lento.

A avaliación inicial, que se realiza a principio de curso, xunto coa avaliación final do curso precedente permitiranos valorar os alumnos cuantitativa e cualitativamente desde o comezo e coñecer os alumnos con necesidades educativas especiais.

No caso de detectarse alumnos con dificultades específicas e que requiran unha atención específica, o profesor titor cumprimentará unha ficha rexistro na que se recolla as dificultades que detecta no alumno e solicitará un estudo psicopedagóxico, para que sexa o departamento de orientación ou os equipos específicos de apoio quen valoren a situación e propoñan as pautas e as medidas de reforzo educativo e de intervención que se consideren máis convenientes.

Estas medidas poden ser tanto curriculares como organizativas. Entre as medidas organizativas prevese realizar apoios, que poden ser dentro ou fóra do grupo ordinario e serán levados a cabo polo profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica ou calquera outro docente con disposición horaria que atenderán a alumnos doutros grupos do mesmo nivel. Pódense tamén facer agrupamentos flexibles. Entre as medidas curriculares contémpanse adaptacións curriculares individualizadas.

O alumnado de orixe estranxeira que descoñeza o idioma recibirá atención lingüística por parte do profesorado de necesidades específicas.

Cando as actividades de recuperación non dean o resultado esperable adoptarase a decisión de repetición ordinaria de curso.

Cando se detecten alumnos con dificultades de aprendizaxe debidas tanto a ausencias prolongadas por enfermidade como visitas ao lugar de orixe do alumnado inmigrante ou calquera outro motivo, tomaranse as medidas de reforzo necesarias que consistirán, nalgúns casos, en planificar e preparar traballo para que o alumno faga durante a súa ausencia da escola e, noutros casos, en recuperar a materia perdida á súa volta.

No que respecta ao alumnado con altas capacidades intelectuais, tomaranse as medidas máis axeitadas para o seu desenvolvemento e equilibrio persoal entre as que se atopan a de adiantar un curso ou ben enriquecer o currículo nos termos que estableza a Consellería de Educación.

# RELIXIÓN CATÓLICA 2020-21

## **14.- PARTICIPACIÓN DE PAIS, NAIS OU TITORES LEGAIS NO PROCESO EDUCATIVO**

O intercambio de información entre profesores e pais/nais é fundamental, en moitos casos, para comprender os procesos polos que están atravesando os alumnos. Ademais unha implicación – non proteccionista- por parte dos pais favorece unha maior autoestima para o alumno e supón un recoñecemento para o profesor.

É polo que, ademais da reunión colectiva dos titores cos pais e nais dos seus alumnos a principio de curso na que se lles informa sobre aspectos organizativos, dedicárase unha hora semanal (os martes de 16:00 a 17:00 h de maneira ordinaria) á atención particular de aqueles que o soliciten, ou ben a instancias do propio profesor.

Nestas reunións, intercambiarase información sobre a situación persoal e académica dos alumnos e, no caso de que o precisasen e, se cómpre, solicitaríase axuda ás familias pautando un traballo controlado e programado de apoio coas tarefas planificadas para a aula. Ademais, terán acceso ás probas e a calquera tipo de traballos creados especificamente para a avaliación

Asemade, os pais terán acceso, cando o estimen oportuno, á programación didáctica e, polo tanto, aos criterios que se apliquen para avaliar, co fin de garantir o dereito dos alumnos a que o seu rendemento sexa valorado coa maior obxectividade posible.

## **15.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS**

Participaremos dende a área de relixión nas distintas actividades que se organicen a nivel de centro como a celebración do Día da Muller traballadora, no festival de nadal e antroido, na celebración do Día da Paz , o Dia contra a violencia de Xénero, así como nos proxectos que se levan a cabo a nivel de centro como poden ser os proxectos organizado dende a biblioteca, e os do departamento de NL e propostas do departamento de orientación os que faremos aportación dende esta área como vimos facendo os cursos anteriores.

# RELIXIÓN CATÓLICA 2020-21

## **16.- MECANISMOS DE REVISIÓN, DE AVALIACIÓN E DE MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.**

Partindo da base que a avaliación serve como un elemento fundamental e inseparable da práctica educativa, que permite recoller, en cada momento, a información necesaria para poder realizar os xuízos de valor oportunos que faciliten a toma de decisións respecto ao proceso de ensino-aprendizaxe, considero que non se pode circunscribir a un só aspecto ou momento, debe estender ao longo de todo o proceso educativo de forma global e sistemática; por unha banda, indicando que obxectivos conséguense e cales non, e, por outra, en que grao de profundidade e onde, como, cando e por que se producen os problemas ou erros.

O seguimento da actividade lectiva será recollido no diario de aula, nel detállase o avance progresión ou dificultades no desenvolvemento da programación didáctica, esta ferramenta de traballo permite comprobar se o programado inicialmente na programación didáctica se está a desenvolver segundo o pautado ou realízanse modificacións. Finalmente, como evidencia da avaliación final da programación elaborárase a memoria final de curso.

**MANUEL ÁNGEL JORGE FURELOS.  
CEIP-O COTO-NEGREIRA**